

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1

SESION ORDINARIA (xaneiro) 9 DE FEBREIRO DE 2015

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Díaz, Santos H.
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos.
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Beiro Diz, Pablo (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día nove de febreiro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Escudero, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA

conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno do Concello convocado por orde do día do 5 de febreiro, coa orde do día que está en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(1).-ACTAS ANTERIORES: (ACTA EXTRAORDINARIA E ORDINARIA DO 1.12.2014 E EXTRAORDINARIA DO 22.12.2014).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes ás sesións extraordinaria e ordinaria do 1 de decembro e extraordinaria do 22 de decembro de 2014.

.- INTERVENCIÓN DE D. ANTONIO FERNÁNDEZ ROMEU PARA EXPOÑER A SITUACIÓN DAS URXENCIAS DO HOSPITAL DO MEIXOEIRO. EXPTE. 1035/1101.

PRESIDENCIA: Estaba previsto a intervención de D. Antonio Fernández Romeu, para expoñer a situación de urxencias do Hospital Meixoeiro, púxose en contacto con este Concello o pasado venres, con expectativas de chegar a acordo, prefire non intervir porque ven posibilidades de acordo neste conflito, polo tanto, non haberá intervención de D. Antonio Fernández Romeu.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(2).- PROPOSTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DO TAXI NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 361/449 (REXISTRO PLENO 1038/1101).

ANTECEDENTES: Con data 13 de xaneiro de 2014, a xefa do servizo de Transportes co conforme do concelleiro delegado, emite a seguinte proposta:

“ANTECEDENTES

O Pleno do Concello de Vigo , en sesión ordinaria de data 29 de xullo de 2014 adoptou entre outros o seguinte Acordo :

“PRIMEIRO,-Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo co texto que a continuación se transcribe.

SEGUNDO,-Abrir un período de información pública e conceder tramite de audiencia as Asociacións representativas do sector polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións .

TERCEIRO,- Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei reguladora das bases de réxime local, de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobada a Ordenanza aprobada inicialmente , debendo publicarse o texto integro da Ordenanza no BOP entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación .”

O Acordo adoptado foi publicado no B.O.P de data 7 de setembro de 2014 , abríndose un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Durante o período de información pública, e do tramite de audiencia concedido as Asociacións representativas do sector, foron presentadas as seguintes alegacións :

- Asociación Provincial de Autopatronos del taxi de Pontevedra na data 1 de outubro de 2014.
- Grupo municipal do Partido Popular do Concello de Vigo na data 13 de outubro de 2014.
- Asociación Profesional Provincial de autotaxis de Pontevedra nas datas

17,18 e 22 de outubro de 2014.

EXAME E INFORME DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS :

A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE PONTEVEDRA PRESENTA AS SEGUINTE ALEGACIONES :

Artigo 6 letra G : propoñen eliminar o término “ ilimitada “na responsabilidade civil e engadir” *segundo o disposto na normativa vixente*”

Considerase procedente a alegación presentada, xa que con esta redacción se recolle calquera variación que se poida producir na lexislación relativa aos seguros

Artigo 11: substituír o prazo de” dous meses” polo “*dun ano*” e engadir “*polo órgano municipal competente e trala petición motivada do interesado podería concedérselle una prórroga por outra anualidade* “

Pode admitirse en parte a alegación presentada e aumentar o prazo, xa que o prazo de dous meses pode ser moi axustado para a realización dos tramites de transmisión,non obstante o prazo solicitado considerase excesivo propoñéndose como prazo para a presentación da solicitude o de seis meses, prorrogables por outros seis trala petición motivada formulada polo interesado e a concesión polo órgano municipal competente .

Artigo 12: substituír nos casos de transmisión forzosa o prazo “de dous meses” polo “*dun ano*” e engadir” o *interesado poderá pedir de forma motivada que se lle conceda unha prórroga por un ano máis, que deberá resolverse polo órgano municipal competente*”.

Pode admitirse en parte a alegación presentada, non obstante considerase que e unha reiteración do disposto no artigo 11 polo que pode suprimirse o citado paragrafo .

Artigo 14: engadir” despois de seu valor real de mercado e *ponderando os prezos existentes nas principais cidades de Galicia ; No mesmo senso o Concello de Vigo reservara en todas as anualidades unha partida orzamentaria destinada a absorción de licenzas co fin de ir axustando o número destas a continxentación legalmente establecida* “

Non se considera procedente xa que a demanda non e a mesma en todas as cidades, debendo considerarse o valor de mercado na cidade ; podería fixarse como valor o valor medio das transmisións realizadas nos últimos doce meses valor que debe ser coñecido de forma certa polo Concello; en canto a reservar en todas as anualidades unha partida orzamentaria non e procedente nin necesaria en tanto non acorde o Goberno Municipal iniciar un expediente de revogación de licenzas .

Debe considerarse ademais o disposto na Disposición transitoria cuarta da Lei 4/ 2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia en relación coas licenzas preexistentes e segundo a cal tódalas licenzas preexistentes conservarán a súa validez aínda que no ámbito territorial de vixencia

da licenza poidan superarse os límites máximos establecidos nos artigos 6 e 9 do citado texto legal.

Artigo 17: engadir "*segundo o disposto na normativa vixente*" e eliminar o termo "ilimitada" na responsabilidade civil"

Considerase procedente a alegación presentada, xa que con esta redacción se recolle calquera variación que se poida producir na lexislación relativa aos seguros , recolléndose a mesma redacción para o artigo 6 letra g)

Artigo 20 engadir "*os asentos non poderán ser abatibles.*"

Non pode considerase con carácter xeral, xa que a inmensa maioría dos vehículos actuais de so 5 prazas abaten os asentos posteriores para aumentar a capacidade do maiteiro, sendo unha modificación do artigo que pola súa aplicación estrita deixaría fora do sector a posibilidade do emprego da maioría de vehículos existentes no mercado.

Pode engadirse que tódolos asentos deben ser das mesmas características e que o seu acceso debe ser cómodo e independente.

Artigo 20 engadir "*os novos taxímetros que se instalen a partir da entrada en vigor da Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia "*, *deberan incorporar impresora de factura "*

Pode aceptarse a proposta e engadir "os novos taxímetros que se instalen" non a partir da entrada en vigor da Lei xa que a lei entrou en vigor en xullo do ano 2013 senón en todo caso a partir da entrada en vigor da presente Ordenanza.

Artigo 22 substituír: e autorizarse unha prorroga por un período máximo dun ano, prazo durante o cal deberá adscribir un novo vehículo a licenza por "*os servizos técnicos municipais poderán informar sobre o estado do vehículo e autorizarse prórrogas por períodos anuais.*"

Pode aceptarse a alegación pero soamente unha prorroga mais ate un máximo de 12 anos prazo que se considera como límite para a utilización dun vehículo nun servizo público que fai en torno a 30.000 qm ao ano.

Artigo 25 engadir: "*O Concello poñerá a disposición dos interesados toda a documentación normativa e práctica necesaria para preparar o exame.*"

Pode aceptarse parcialmente e engadir despois das probas que deben superar os mesmos " e facilitara a documentación normativa correspondente previo pago das taxas legalmente establecidas .

Artigo 25 engadir o seguinte requisito : "*Carecer de antecedentes penais, xustificando mediante certificación expedida ó efecto polo Ministerio de Xustiza "*.

Pode estimarse a alegación xa que se trata da prestación dun servizo público e debe garantirse a seguridade dos usuarios .

Artigo 32 engadir: "*Os taxis terán permiso de acceso para recoller e deixar clientes*

en zonas peonís ou semipeonís.”

Non se pode incluír esta excepción con carácter xeral, pode engadirse” os taxis poderán acceder as zonas peonís ou semipeonis cando vaian a recoller o deixar viaxeiros con orixe o destino na zona e se trate de persoas de idade, con problemas de mobilidade o que transporten maletas u outros vultos análogos “.

Artigo 32 engadir: *“Os vehículos autotaxis estarán autorizados, na prestación do servizo, a realizar unha detención por un tempo inferior a catro minutos para tomar ou deixar persoas ou cargar e descargar cousas. Neste senso, o condutor poderá abandona-lo mesmo a fin de cumprir co disposto no artigo 37 desta ordenanza no relativo a prestar axuda para subir e baixar os viaxeiros que o necesiten e recoller ou entregar equipaxe”*

Non pode admitirse esta alegación tal e como esta redactada ; os taxis poderán realizar una detención para tomar o deixar viaxeiros o cargar o descargar maletas o vultos análogos, debendo buscar o lugar mais adecuado e onde menos se entorpeza a circulación, no mesmo senso no relativo a baixar o condutor do vehículo .

Artigo 33 engadir: *Por motivos especiais, tales como servizos longos ou cun importe elevado, poderá esixirse polo condutor o pago previo dos mesmos.*

Cales serian os motivos especiais ? Non procede admitir esta alegación salvo que se fixe cando se concerte un viaxe de mais de 50 quilómetros que se abone un 50 % do previsto como total pero en ningún caso a totalidade do importe,para garantir o abono do mesmo; en todo caso estarase ao que se determine regulamentariamente .

Artigo 37 no apartado d) *“Coidar o aspecto persoal e vestir-se axeitadamente para o servizo, engadir: quedando prohibido o uso de roupa e calzado deportivo ou de baño, así como pantalóns curtos e camisolas de tirantes.”*

Non se considera procedente fixar a vestimenta que deben levar os condutores considerando que e suficiente fixar que deben vestirse adecuadamente para o servizo .

Artigo 39 engadir: *“ A petición das organizacións representativas do sector poderanse regular períodos concretos de vacacións.”*

Pode aceptarse pero sempre para o caso que o Concello considere que se produce unha diminución do servizo en determinadas épocas .

PARA FACILITAR QUE NO CASO DE TRANSMISIÓN DA LICENZA AS ENTIDADES DE CRÉDITO POIDAN CONCEDER AO NOVO ADQUIRENTE UNHA FINANCIACIÓN ADECUADA, SOLVENTANDO AS DIFICULTADES MÁIS IMPORTANTES QUE SON: Diminuír o risco de prexuízo na garantía (prenda sobre a licenza) en caso de extinción, suspensión ou transmisión da mesma; falta de publicidade da dita garantía nun rexistro oficial; imposibilidade de execución da garantía.

PROPOÑEN AS SEGUINTEs MODIFICACIÓNS:

Artigo 9 engadir: " No caso de que os dereitos do titular da licenza estiveran gravados cun dereito real ou con outra carga inscrita no Rexistro Municipal de Licenzas, o Concello non aceptará dita solicitude se non vai co previo consentimento expreso do titular de ditos dereitos."

"A solicitude de suspensión referida no punto primeiro deste artigo rematará no momento en que concorra algún dos supostos de transmisión forzosa previstos no artigo 11 desta Ordenanza, debendo actuar o titular da licenza de acordo co previsto nese apartado."

Non se considera procedente o contido do paragrafo primeiro polos motivos que se expoñerán mais adiante.

O contido do paragrafo 2º pode aceptarse

Artigo 10 engadir un novo apartado: "H) Se o informe previsto no punto d) do segundo apartado do artigo 12 desta Ordenanza fora desfavorable o transcorrer o prazo fixado neste informe para materializar a transmisión da licenza sen que esta se teña por efectuada."

Considerase que non e necesario incluír no artigo 10 que non pode transmitirse a licenza urbana sen o informe favorable para a transmisión da licenza interurbana xa que esta incluído como requisito no artigo 12 ; o que si pode engadirse no artigo 12 apartado d) despois de informe e "favorable "

Artigo 11 engadir: " En ningún caso poderán ser obxecto de transmisión, tanto forzosa como voluntaria, as licenzas que estean 1) afectadas por un embargo ou por unha medida cautelar de prohibición de transmisión, ata o seu alzamento, 2) gravadas directa ou indirectamente por un dereito real de garantía outras cargas, todo sen o consentimento previo do titular do referido dereito ou carga. Estes supostos poderán ser aplicados unicamente si se encontran anotados no Rexistro Municipal de Licenzas con anterioridade a solicitude de transmisión."

Non se considera procedente polos motivos que se expoñerán mais adiante.

Artigo 12 no seu apartado a propónse unha nova redacción: a) Solicitude formulada no Concello de transmisión da licenza de taxi realizada conxuntamente polo titular transmítente e polo adquirente, acompañada da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 6 da presente Ordenanza. A licenza de taxi estará condicionada, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular.

Pode aceptase a alegación en canto a engadir despois da licenza de taxi " realizada conxuntamente polo titular transmítente e polo adquirente "

En canto o apartado considerase que non e correcto engadir ese texto nese apartado xa que o longo do artigo desenrolase o procedemento de transmisión de licenzas recolléndose no apartado d) a necesidade de informe sobre a procedencia de transmisión da autorización interurbana , propoñéndose engadir despois de informe a palabra favorable

Artigo 13 engadir ao apartado primeiro: “ sen prexuízo de que os dereitos do titular das licenzas de taxi poidan ser obxecto de prenda u outro gravame de carga”

A cesión do uso da licenza ou calquera outro acto translativo de posesión ou dominio desta que se realice sen a previa autorización do Concello ou contravindo as disposicións desta Ordenanza, será nula e comportará a extinción da licenza por caducidade.

Non se considera procedente o texto que propoñen engadir no apartado primeiro polos motivos que se expoñerán a continuación.

En relación co paragrafo segundo proposto pode admitirse pero debера ser sancionada como falta moi grave de conformidade co disposto no artigo 46 apartado c) .

Artigo 14 nas causas de extinción da licenza, no primeiro punto engadir: *No caso de que a licenza de taxi estivese gravada cun dereito real ou calquera outra carga ou gravame inscrito no Rexistro Municipal de Licenzas, non se permitirá, en ningún caso, dita renuncia sen o consentimento expreso e previo do titular de dito dereito, carga ou gravame.*

Non se considera procedente polos motivos que se expoñerán

Na parte de REVOGACIÓN engadir:

No caso en que a licenza obxecto de revogación se encontrase gravada por un dereito real, carga ou gravame inscrito no Rexistro Municipal de Licenzas, o Concello deberá satisfacer a referida indemnización económica, unha vez satisfeitas as taxas, tributos e sancións administrativas pendentes de pago que puideran existir, os titulares de dereitos que gravan a licenza, atendendo ao orden ou prelación en que están inscritos, e ata a integra satisfacción das obrigacións garantidas. Satisfeitas ditas obrigacións garantidas o Concello poderá entregar o importe sobrante da indemnización ao titular da licenza de taxi revocada.

O procedemento para a extinción das licenzas de taxi por caducidade referido neste artigo requirirá a incoación dun expediente administrativo que, para mellor garantía do interesado, tramitarse segundo as normas reguladoras do procedemento sancionador previstas nesta ordenanza, coa previa tramitación dun expediente informativo no que se deberá conceder audiencia o interesado. Mentres se tramita o expediente, e previa resolución motivada, el órgano encargado da súa incoación poderá adoptar como medida cautelar provisional o ingreso do vehículo no depósito, a prohibición da transmisión da licenza, ou outra que se estime axeitada para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer.

No caso de que concorran calquera das causas de extinción dunha licenza de taxi, o Rexistro Municipal de Licenzas, con carácter previo a que leve a cabo a extinción, informará inmediatamente disto ós titulares dos dereitos, cargas e gravames que graven a licenza de taxi.

No caso de caducidade de licenzas de taxi gravadas con dereitos, cargas ou

gravames inscritos, permitirase ós titulares de tales dereitos, cargas e gravames que promovan a transmisión da licenza de taxi afectada antes de proceder a súa extinción, concedéndolles, en todo caso, un prazo máximo de UN MES, dende a notificación ós titulares da concorrencia dunha causa de extinción da incoación do correspondente expediente ou trámite para a extinción da licenza de taxi en cuestión.

Artigo 15 engadir un apartado máis ao final: Calquera persoa poderá solicitar ó Rexistro Municipal de Licenzas a expedición de certificados de titularidade e cargas inscritas das licenzas. O Rexistro previo pago da taxa correspondente, deberá emitir dito certificado no prazo máximo de quince días dende a data da súa solicitude. Dito certificado terá unha vixencia de noventa días dende a súa expedición. No caso en que, durante o prazo da súa vixencia, producírase un cambio no estado rexistral da licenza, o Rexistro comunicarallo inmediatamente ó solicitante no domicilio que houbese informado a tales efectos.

En relación coas alegacións formuladas relativas a garantir as entidades de crédito a concesión de financiamento para a adquisición dunha licenza considerase que non é procedente a inclusión na ordenanza das modificacións propostas pola Asociación nese sentido xa que de conformidade co artigo 17 da lei se prohíbe calquera tipo de negocio xurídico que poida conlevar a transmisión das licenzas : tal e como se plantexan as modificacións suporían en todo caso unha limitación dos dereitos , facultades e as competencias que corresponden a Administración e dicir nesta caso ao Concello en relación coas licenzas das que é titular, e corresponden as relacións xurídico privadas do titular da licenza.

A modificación introducida no paragrafo 2º do artigo 54 da lei reguladora da prenda sen desprazamento polo nº 3 da disposición final terceira da Lei 41/2007 de 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, de 25 de marzo , de Regulación do Mercado Hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro , de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria , regula entre outros supostos :

“ poderán suxeitarse a prenda sen desprazamento os créditos e demais dereitos que correspondan aos titulares de contratos, licenzas , concesións o subvencións administrativas sempre que a Lei e o correspondente titulo de constitución autoricen a súa enaxenación a un terceiro . Unha vez constituída a prenda , o Rexistrador comunicara de oficio esta circunstancia a Administración Pública competente mediante certificación emitida ao efecto “

A constitución do dereito real debería entenderse en todo caso sobre o valor económico da licenza e non sobre a propia licenza e en todo caso a actuación municipal limitarase a efectuar a correspondente anotación no rexistro municipal de licenzas da comunicación recibida do rexistrador do gravame constituído sobre o citado valor económico , e cando se presente unha solicitude de transmisión da licenza se informara aos interesados , o que xa aparece recollido no paragrafo penúltimo do artigo 15 do texto da ordenanza podendo ampliarse coa seguinte redacción “ das incidencias que se produzan en relación coas licenzas nas que figura algunha anotación darase traslado aos interesados .

Pode recollerse que a solicitude do titular pode emitirse certificación sobre as incidencias da licenza .

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE VIGO PRESENTA AS SEGUINTE ALEGACIONES :

1º._ Evitar reiteración de artigos da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

As ordenanzas municipais teñen por obxecto a adaptación da lei aos concellos e as súas peculiaridades e deben conter todos aqueles aspectos de Lei que deban ser coñecidas polos usuarios.

2º._ Evitar a alternancia entre o término Taxi e Auto-Taxi, e pasar a nomealo so co termo Taxi.

Non se trata dunha distinción relevante xa que o significado e o mesmo, non obstante non existe inconveniente en recoller soamente o termino taxi.

3º._ No artigo 1 fala de transporte de viaxeiros en automóviles de aluguer con condutor denominados taxis o que resulta incorrecto xa que o aluguer de vehículos con condutor é unha actividade totalmente distinta ao servizo de taxi segundo a lei 4/2013.

Aínda cando no citado artigo defínese o que se considera como servizo de taxi e por si se xurdise algunha dubida pode substituíse o paragrafo primeiro pola seguinte redacción “ a presente ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi dentro do termino municipal de Vigo “

4º._ Artigo 4 non se especifica o órgano competente para a aprobación das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi.

No paragrafo ultimo do artigo 4 , establecece que todas aquelas facultades que non estean expresamente outorgadas por esta Ordenanza ou por disposicións de rango superior ao Alcalde corresponderan a Xunta de Goberno Local

5º._ Artigo 6 fala da responsabilidade civil ilimitada, respecto a este termo faise referencia á lei 21/2007, do 11 de xullo que cuantifica a responsabilidade en 70 millóns de euros, entendendo necesaria o establecemento da referida cantidade.

Sobre o citado artigo ya foi aceptada a alegación formulada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi de Pontevedra.

6º._ Artigo 7, no tocante á dedicación exclusiva propoñen a seguinte redacción para o caso de que no Concello de Vigo non se esixise con anterioridade a plena e exclusiva dedicación a actividade “*as persoas titulares das licenzas teñen a obrigaón de explotalas persoalmente ou mediante a contratación de condutor asalariado, a xornada completa e con dedicación exclusiva, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria terceira da Lei 4/2013.*

Na anterior ordenanza municipal aínda en vigor en tanto non quede derogada pola aprobación definitiva da ordenanza aprobada inicialmente, se esixe a plena e exclusiva dedicación a profesión .

Non se considera correcto o contido da alegación xa que os titulares teñen a obriga

de explotalas persoalmente e ademais poden ter un condutor asalariado .

7º_ Artigo 8, en canto á posibilidade de crear novas licenzas faise referencia ao artigo 6 da Lei 4/2013, entendendo que se debe facer referencia tamén ao artigo 7 da mesma lei que establece o procedemento previsto para que o Concello, de ser o caso, estableza un continxentamento específico do número de licenzas de taxi.

Considerase que o artigo 7 é unha excepción do artigo 6 a través do cal se establece un modo específico de aumentar ou reducir o número de licenzas que establece o artigo 6 , polo que aínda cando non se considera necesaria a súa referencia tampouco ha inconveniente en citalo .

8º._ Artigo 10 establece supostos nos que a transmisión da licenza non é posible faltando un dos requisitos da lei 4/2013 debendo engadir: *no caso de que o informe da Dirección Xeral de Mobilidade sexa desfavorable ou transcorrese o prazo fixado para materializar a transmisión da licenza de taxi.*

Considerase que non e necesario incluír no artigo 10 que non pode transmitirse a licenza urbana sen o informe favorable para a transmisión da licenza interurbana xa que esta incluído como requisito no artigo 12 ; o que si pode engadirse no artigo 12 apartado d) despois de informe e “favorable “.

A ordenanza establece uns supostos taxados para a transmisión de licenzas, o que non corresponde coa filosofía da lei 4/2013 que dispón que “os títulos habilitantes para a prestación de servizos de taxi serán transmisibles a calquera persoa física que o solicite.” polo que so cabe restrición se o solicitante se atopa nalgún dos supostos de prohibición do artigo 17.4. .

A referencia que se fai o artigo 10 parece que e ao artigo 11 e non establece limitacións as transmisións de licenzas senón que expón tódolos casos nos que poden darse as transmisións.

-Artigo 11 establece que as licenzas teñen un prazo de vixencia indefinido entendendo máis correcta a redacción: as licenzas outorgaranse sen prazo de duración prefixado.

Entendese incorrecta tamén “as transmisión a que se refiren os apartados b), c) e d) realizaranse a favor de condutores asalariados” discordando esto tamén co principio de que a transmisión pode realizarse a calquera persoa física que o solicite.

Como queira que a redacción do ultimo paragrafo do artigo 11 pode dar lugar a confusión proponse modificar a redacción : “ realizarase a favor das persoas que reúnan os requisitos recollidos no artigo 6 da presente ordenanza .

-Artigo 12 establece como prazo máximo para a transmisión forzosa de licenzas é de 2 meses, prazo que non establece a lei para a transmisión da autorización interurbana de taxi, entendendo que non se poden establecer distinción xa que a transmisión non afecta solo á licenza, senón tamén á autorización interurbana.

Considerase que procede fixar un prazo para a transmisión da licenza cando se

modifican as condicións do titular e non cumpre os requisitos para seguir mantendo a titularidade ; non obstante e a vista da alegación 2ª formulada pola Asociación Provincial de autopatronos do taxi de Pontevedra propónse a modificación do prazo ampliándolo a seis meses prorrogables por outros seis .

9º._ Artigo 14 copia o disposto na lei entendendo que non pode facer referencia ás autorizacións interurbanas, xa que no pertence ó ámbito da Ordenanza.

Dada a estreita relación entre a licenza urbana e a autorización interurbana non parece que careza de sentido cando se fala da extinción de licenzas facer unha cita ao disposto en relación coas autorizacións interurbanas, non obstante o parágrafo pode suprimirse

10º._ Artigo 17 esixe a titularidade no rexistro de tráfico do vehículo como requisito mentres que a lei so establece necesaria a acreditación da titularidade do vehículo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido.

Considerase que calquera forma de titularidade sobre un vehículo para que surta efectos fronte a terceiros debe constar inscrita no rexistro de vehículos .
En relación co disposto sobre o seguro estará a alegación presentada pola Asociación Provincial de autopatronos do taxi de Pontevedra e aceptada

11º._ Artigo 18 cambio do vehículo por un máis moderno ou de superiores condicións, mentres que na lei 4/2013 esixe que sexa máis moderno polo que entenden que se debe modificar a redacción para impedir que se substitúa o vehículo por un máis antigo pero de superiores condicións.

Esta modificación proposta non é relevante xa que debe poñerse este artigo en relación co artigo 20 onde dispón que os vehículos que substitúan a outros non poden ser máis antigos, e no mesmo xa se fai referencia as esixencias da ordenanza non obstante e para evitar dúbidas propónse engadir despois de esixencias “ recollidas no artigo 20 desta ordenanza “

12º._ Artigo 19 solicitan unha nova redacción: *As transmisións dos vehículos adscritos a unha licenza, con independencia da mesma, levan implícita a extinción automática desta, agás que, previamente, o transmítente aplique a aquela outro vehículo da súa titularidade, ou que se solicite a suspensión da licenza, de conformidade co previsto na normativa vixente, contando coa previa autorización municipal.*

Non se considera procedente a modificación proposta xa que o que se regula no presente articulo non son os casos nos que a licenza este en suspenso .

13º._ Artigo 20, en cuanto a cor dos vehículos debe terse en conta a que na lei se dispón a posible regulación Regulamentaria dunha imaxe unificada de cores e distintivos para a Comunidade Autónoma de Galicia. Así como tampouco se establece dende cando se debe computar a antigüidade de dous anos para o vehículo se dende a data de matriculación ou dende a súa adscrición á actividade de Taxi.

Considerase que a redacción e correcta xa que non existe ate a data regulación

reglamentaria que debe ser tida en conta nos preceptos da presente ordenanza e que debe ser o Concello que decida a imaxe do seus taxis , con independencia de que podan levar un distintivo que os identifique como pertencen a Comunidade Autónoma Galega .

En cuanto a antigüidade do vehículo debe entenderse obviamente dende a matriculación primeira do mesmo que e a única forma de computar a antigüidade, non obstante como parece que pode xerar dúbidas en canto a interpretación propónse engadir despois de dous anos “contados dende a primeira matriculación do vehículo”

14º._ Artigo 22 debe aclararse se a antigüidade de dez anos sobre os vehículos se debe ter en conta dende a data de matriculación xa que no artigo seguinte si se fai referencia ao computo dos mesmos desde dita data. Tamén se dispón que a regulación destes termos debe ser de mínimos xa que se atopa supeditada ao que diga a posterior regulación regulamentaria.

Reiterase o manifestado con relación a anterior alegación aínda que se considera que non pode interpretarse o computo da antigüidade dun vehículo doutra forma que non sexa a data da primeira matriculación , non obstante propónse asimesmo engadir despois de 10 anos “ contados a partir da data da primeira matriculación

15º._ Artigo 29 no referente á preceptiva autorización do concello solicitada polas organizacións representativas do sector para a colocación de anuncios no interior e exterior do vehículo así como a prohibición da súa solicitude de forma individual, a lei establece que so se autoriza aos titulares dos vehículos para colocar anuncios publicitarios no exterior dos mesmos, polo que entenden que é unha capacidade individual de cada titular.

A decisión da persoa titular dunha licenza sobre a colocación o non de publicidade nun vehículo non se discute: non obstante considerase que pode aceptarse a alegación formulada e regular que se a solicitude poida formularse a título individual .

16º._Artigo 30 no referente á contratación da capacidade total do vehículo, salvo que se aprobe o sistema de taxi compartido, debe remitirse ó contido deste artigo ao disposto no artigo 29.2 da lei na que se regulara regulamentariamente os supostos de contratación de taxi por con pagamento de prazas de forma individual.

Esta modificación entendo que xa se atopa recollida ao mencionar “agás que se aprobe o sistema de taxi compartido.

17º._ Artigo 40 establece a prohibición de recoller viaxeiros a menos de 100 metros dalgunha parada, debe ter presente a regulación regulamentaria pola que a xunta determinará a distancia.

Como queira que ate a data non existe regulación regulamentaria que deba ser tida en conta nos preceptos da presente ordenanza considerase que a redacción e correcta e a ordenanza pode dispor medidas para regular a mellor prestación do servizo .

18º._ Artigo 41 en cuanto ós vehículos adaptados establecerse a forma de garantir unha porcentaxe mínima de vehículos adaptados.

Xa se contempla na redacción do artigo 41 que o Concello debера adoptar as medidas necesarias para que o servizo este debidamente atendido .
En todo caso estarase ao disposto na vixente lexislación .

19º._ Artigo 42 no referente ao incremento de prezos segundo o IPC enténdese que non é correcto senón que debe terse só en conta a evolución de custos do servizo (estrutura de custos). Ademais está tarifación debe estar supeditada a unha posible aprobación da Orde de harmonización de tarifas de taxi que se está a tramitar pola Xunta de Galicia.

Xa aparece recollido no paragrafo ultimo do artigo 42 que o sistema de revisión tarifaría utilizada ate a data e provisional en tanto non se fixe pola Xunta de Galiza una estrutura harmonizada das tarifas, sendo autorizadas ate a data as tarifas aprobadas polo Concello pola Dirección xeral de comercio da Xunta de Galicia .

20º._ Artigo 49 establece que todas ás sancións serán anotadas no expediente persoal dos profesionais, aos titulares e ao resto de condutores, no Rexistro Municipal de Licenzas; debe terse en conta que se está a tramitar a orde pola que se regula o Rexistro de Títulos Habilitantes, polo que se debe ter esta en conta.
Pode engadirse despois de licenzas “ e demais Rexistros nos que así se estableza legalmente .

AS ALEGACIONES PRESENTADAS POLA ASOCIACIÓN PROFESIONAL PROVINCIAL DE AUTOTAXIS DE PONTEVEDRA SON AS SIGUIENTES

Artigo 7 Limitación da Titularidade de Licencias. Proposta de redacción:

-En el municipio de Vigo, se poderá ser titular de máis de una licencia de taxi, con un máximo de tres.

-No se poderá ser titular de licencias de taxi noutros concellos .

A lei 4/2013 establece no seu artigo 9 que corresponde o Concello determinar o numero máximo de licenzas por titular ,considerando o Concello de Vigo que o numero de licenzas por titular debe ser una licencia por titular axustándose esta medida coa necesidade de dedicación exclusiva do titular dá prestación do servizo.

Artigo 9 Suspensión de Licencias. Proposta de redacción:

-Autorizada a suspensión polo Concello, o titular deberá retirar do vehículo os distintivos que o identifican como taxi así, como o taxímetro que será comprobado polo Concello, e facer entrega no Concello da licencia de taxi.

Non pode admitirse esta redacción, posto que si o titular da licenza solicita a suspensión da mesma, non poderá prestar servizo como asalariado noutra licenza .

Artigo 10 Limitación de Transmisión de Licencias. Proposta de Redacción:

d) Se o adquirente e titular de tres licenzas de taxi, o ten na súa posesión

algunha licenza noutro municipio.

Esta alegación xa foi contestada na alegación primeira , por fixarse o numero de licencias en unha licenza por titular

Artigo 11 Transmisión de Licencias. Proposta de redacción:

a) Por falecemento do titular, a favor dos seus herdeiros lexítimos: os herdeiros adquiriran os dereitos e obrigacións inherentes a licenza podendo figurar, no caso de que se constituíse, a nome dunha comunidade de herdeiros.

A redacción contida na Ordenanza se corresponde co disposto no artigo 17 numero 2 da Lei .

Artigo 14. Extinción de las licencias. Proponse a supresión do apartado de Revogación.

Non procede a supresión do apartado de revogación de licenzas xa que a posibilidade de revogación das licenzas esta recollida na Lei .

Artigo 20. Características dos vehículos. Proposta de redacción:

Condicións:

Os vehículos dedicados a actividade de taxi haberán de ser clasificados como turismo, debendo cumprir, ademais, os requisitos que determinen as normas de desenrolo da Lei do Taxi de Galicia en canto as súas condicións de seguridade capacidade antigüidade máxima, confort e prestacións adecuadas ao servizo que estean adscritos.

Os vehículos de segunda mano que se apliquen a una licenza no poderán exceder, en ningún suposto, os cinco anos dende a súa primeira matriculación. O vehículo que pretenda substituír un vehículo anterior do mesmo titular deberá ser mais novo que o que se queira substituír.

Pode engadirse o final do artigo 20 e demais requisitos que se establezan regulamentariamente ; en canto a proposta de redacción dos vehículos de segunda mano non pode aceptarse a antigüidade de 5 anos .

Artigo 21. Documentación. Proposta de redacción:

b)Deben posuír unha tarxeta identificativa de condutor. Este documento será obrigatorio tanto para os titulares como para os asalariados, e no caso deste último figurará seu horario de traballo en dita tarxeta.

Se debe suprimir a exhibición desta tarxeta no salpicadeiro, por seguridade personalista, tendo en conta que, ao final deste articulo, se di: "Os documentos indicados no punto anterior deberán ser exhibidos polo condutor a os inspectores de transportes e axentes da Policía Local cando fosen requiridos para elo."

Considerase que debe manterse a obrigatoriedade de levar a tarxeta en lugar visible durante a prestación do servizo o que permitira a comprobación do cumprimento da normativa en vigor por parte do condutor do vehículo tanto a Policía Local , inspectores municipais e usuarios non considerando que na citada tarxeta figuren

datos que poidan afectar a seguridade do condutor .

Artigo 22. Antigüidade. Proposta de redacción:

Os vehículos afectos ao servizo de taxi no poderán permanecer en servizo sen o informe favorable da revisión de ITV e outro dos servizos técnicos del Concello. Os vehículos que no reúnan as condicións de confort, limpeza o seguridade esixidas no poderán prestar servizo sen un recoñecemento previo do Concello que acredite a reparación o subsanación da deficiencia observada.

En cuanto a primeira parte considerase que debe manterse a redacción proposta e aprobada inicialmente . No referente á segunda parte e correcta e entra dentro das competencias inspectoras do Concello .

Artigo 23. Procedemento. Proposta de redacción do primeiro parágrafo:

As solicitudes de cambio de vehículos deberá formularse nun prazo máximo de 10 días, unha vez adquirido o vehículo que haia de substituír a que cause baixa en el servizo.

Considerase correcta a redacción do artigo na ordenanza .

Artigo 24. Normas Xerais . Proposta de redacción do segundo Paragrafo:

As persoas titulares de licencias de taxi e autorizacións interurbanas de taxi haberán de prestar o servizo persoalmente sen prexuízo da posibilidade de poder contratar a persoas condutoras asalariadas para una mellor explotación daquelas.

A lei 4/2013 permite soamente a contratación dun asalariado en cada licenza .

Artigo 26. Renovacións e duplicados. Solicitan que o permiso municipal de condutor de taxi teña una validez de dez anos, o cal xa se recolle na proposta da ordenanza. Tamén solicitan a creación dunha autorización provisional para aqueles que en posesión do correspondente permiso de conducir da Xefatura Provincial de Tráfico, soliciten a través do Rexistro Xeral do Concello, ser convocados a exame para a obtención da autorización con validez ata a data de celebración do exame, e prorrogable so por unha convocatoria máis ao suspender o primeiro exame.

A modificación proposta de permiso temporal non é admisible xa que as persoas que van a conducir os vehículos non acreditan que teñan a formación necesaria para realizar o servizo.

Artigo 27. Caducidade. A proposta de redacción e para aumentar o prazo de vixencia a dez anos, modificación que xa figura no texto da ordenanza.

Artigo 28. Tarxeta de Identificación do Condutor de Autotaxi. Proposta de redacción do apartado segundo:

2.A tarxeta de identificación, que deberá portarse sempre que se estea prestando servizo, deberá ser exhibida polo condutor a os inspectores de transportes e axentes

da Policía Local cando fosen requiridos para elo.

Suprimen a colocación na lúaa dianteira do vehículo de forma visible por motivos de seguridade persoal.

Esta proposta de modificación xa foi contestada na alegación relativa o artigo 21 .

Artigo 32· Iniciación do Servizo. Proposta de redacción do parágrafo cuarto:

–En tanto non se produza o desenrolo regulamentario da Lei 4/2003, de 30 de maio, os servizos contratados por mediación de centrais de radiotaxi se considerarán iniciados dende a parada o situado máis próximo ao lugar dende o que foi solicitado o servizo.

Non pode aceptarse esta modificación xa que ocasionaría un posible prexuízo grave aos usuarios ao non establecer un máximo de tarifa antes de subirse ao taxi.

Artigo 39. Descansos. Solicitase á supresión dos parágrafos terceiro e cuarto deste artigo, en tanto non se dite Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso plantexado pola mesma asociación, contra o acordo do Concello de Vigo do descanso dos taxis (inmobilización dos mesmos 5 días cada mes).

Non procede esta alegación xa que na data 17 de outubro de 2013 foi ditada sentenza pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resolvendo o recurso de apelación nº 4252/13 interposto pola Asociación Profesional Provincial de Autotaxis contra a sentenza ditada na data 19 de febreiro de 2013 no procedemento Ordinario nº 18/2011 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, desestimando o mesmo .

Artigo 43. Dereitos das Persoas Usuarias. Proponse a substitución do apartado b por:

b) A recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.

Suprimindo así a obrigaón de identificación entendéndose esta so obrigatoria ante os axentes da Autoridade.

Non procede aceptar a alegación xa que impide a identificación do condutor que cometa unha posible infracción.

Artigo 46. Faltas Moi Graves. Propoñen a supresión do apartado m, en tanto non recaía sentenza respecto aos descansos do TSXG.

Non procede esta alegación xa que na data 17 de outubro de 2013 foi ditada sentenza pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resolvendo o recurso de apelación nº 4252/13 interposto pola Asociación Profesional Provincial de Autotaxis contra a sentenza ditada na data 19 de febreiro de 2013 no procedemento Ordinario nº 18/2011 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, desestimando o mesmo .

Artigo 49. Sancións. Propoñen a súa substitución por:

1.As infraccións leves son sancionadas con apercibimento o multa de ata 120 euros, o con as dos sancións ao mesmo tempo; as graves con multa dende 121 euros ata

600 euros; e as moi graves con multa de 601 ata 900 euros.

2.A contía das sancións se graduará tendo en conta o dano o o prexuízo causado, a intencionalidade e a reincidencia. Considerase unha circunstancia atenuante haber corrixido a infracción a requirimento da Administración.

3.Nas infraccións graves e leves derivadas de denuncias formuladas por usuarios u outros taxistas se poderá considerar como atenuante o feito que a parte denunciada, a requirimento da denunciante, acepte someterse a un procedemento arbitral e acepte seu resultado. Este atenuante no será aplicable no caso de reincidencia.

4.Independentemente da sanción pecuniaria, nas infraccións cualificadas como graves, se poderá suspender a licenza e/o permiso municipal do condutor, segundo que o infractor sexa o titular da licenza o condutor asalariado, ata un año. O retirada definitiva da licenza e/o permiso municipal de condutor, segundo que o infractor sexa o titular da licenza o el condutor asalariado, en caso de reincidencia.

5.Independentemente da sanción pecuniaria que corresponda, a comisión das infraccións que a continuación se relacionan, poidan implicar o precintado do vehículo:

a) Prestar o servizo de taxi sen a licenza o autorización preceptiva.

b) No levar o aparato taxímetro, manipulalo o facelo funcionar de forma inadecuada, cando este feito sexa imputable a actuación da persoa titular da licenza o a persoa que depende de ela.

c) Prestar servizo de taxi en condicións que poidan poñer en perigo grave e directo a seguridade das persoas. Se inclúe, neste apartado, a prestación do servizo con niveles de alcoholemia superiores a os permitidos pola lexislación vixente o baixo as influencia de estupefacientes. Tamén, se inclúe a prestación do servizo con vehículo sen ITV vixente, cando supoña perigo grave e directo para a seguridade das persoas. As infraccións e as sancións se recollen de conformidade co establecido na Lei 4/2013

Disposición Transitoria. Propoñen a supresión da Disposición Transitoria Non procede a suspensión xa que ha titulares con dúas licenzas .

De oficio e polo servizo proponse á modificación no apartado 20 de condicións dos vehículos do apartado referente á capacidade do maleteiro que debe fixarse en 360 litros por haberse detectado un erro na súa redacción .

O informe sobre as alegacións foi presentado e explicado no Consello Sectorial de Transportes celebrado na data 23 de decembro de 2014 .

Analizadas a totalidade das alegacións e suxerencias presentadas en prazo , sometese a aprobación do Pleno da Corporación , previo ditame da Comisión Informativa de Xestión Municipal a seguinte proposta :"

A continuación a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 2 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO: En relación coas alegacións presentadas propónse o seguinte :

ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE PONTEVEDRA .

Estimar as alegacións relativas aos artigos 6,17 e 25, estimar en parte as alegacións relativas aos artigos 11,12,20,22,25,32,33,39,9,10,12,13 e 15 e desestimar a alegación relativa ao artigo 14 propoñéndose una redacción alternativa, e a relativa ao artigo 37, todo de conformidade co contido do informe que antecede e coa redacción contida no mesmo .

ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR .

Estimar as alegacións contidas nos números 2,3,5,7,9,14, 15,e 20 estimar en parte as alegacións contidas nos números 8,10,11,13, e 18 ;desestimar as alegacións contidas nos números 1,4,6,7,8,12,16,17, e 19 todo de conformidade co contido do informe que antecede e coa redacción contida no mesmo.

ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA ASOCIACIÓN PROFESIONAL PROVINCIAL DE AUTOTAXIS DE PONTEVEDRA

Estimar en parte a alegación relativa o artigo 20 e desestimar as alegacións contidas no seu escrito de conformidade co contido do informe que antecede e coa redacción contida no mesmo.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo co texto que a continuación se transcribe:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO.

INDICE

TITULO I : OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

- ARTIGO 1 : OBXECTO
- ARTIGO 2 : COMPETENCIA MUNICIPAL
- ARTIGO 3 : DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS
- ARTIGO 4 : ÓRGANOS COMPETENTES

TITULO II : OS TÍTULOS HABILITANTES. AS LICENZAS MUNICIPAIS.

ARTIGO 5 : OS TÍTULOS HABILITANTES

CAPITULO I : AS LICENZAS MUNICIPAIS

- ARTIGO 6 : REQUISITOS PARA SER TITULAR
- ARTIGO 7 : LIMITACIÓN NA TITULARIDADE DE LICENZAS
- ARTIGO 8 : PROCEDEMENTO DE CREACIÓN DE NOVAS LICENZAS
- ARTIGO 9 : SUSPENSIÓN DE LICENZAS
- ARTIGO 10 :LIMITACIÓNS NA TRANSMISIÓN DE LICENZAS
- ARTIGO 11 :*TRANSMISIÓN* DE LICENZAS
- ARTIGO 12 :PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS
- ARTIGO 13 :PROHIBICIÓNS
- ARTIGO 14 EXTINCIÓN DAS LICENZAS

CAPITULO 2 : REXISTRO MUNICIPAL DE LICENZAS

- ARTIGO 15 : CONTIDO DO REXISTRO

CAPITULO 3 VISADO

- ARTIGO 16 : OBRIGATORIEDADE

TITULO III OS VEHÍCULOS

- ARTIGO 17 : NORMAS XERAIS
- ARTIGO 18 : PROCEDEMENTO
- ARTIGO 19 : PROHIBICIÓNS
- ARTIGO 20 : CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS
- ARTIGO 21 : DOCUMENTACIÓN
- ARTIGO 22 : ANTIGÜIDADE
- ARTIGO 23 : PROCEDEMENTO

TITULO IV OS CONDUCTORES

- ARTIGO 24 : NORMAS XERAIS
- ARTIGO 25: OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI. CONDIÇÃOES ESIXIBLES
- ARTIGO 26: RENOVACIÓNS E DUPLICADOS
- ARTIGO 27: CADUCIDADE
- ARTIGO 28: A TARXETA DE IDENTIFICACIÓN DO CONDUTOR DE TAXI

TITULO V PUBLICIDADE

- ARTIGO 29: NORMAS XERAIS

TITULO VI PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 30 : CONCERTACIÓN DO SERVIZO
ARTIGO 31 : PREFERENCIA
ARTIGO 32 : INICIACIÓN DO SERVIZO
ARTIGO 33 : PAGAMENTO DO SERVIZO
ARTIGO 34 : AVARÍA O ACCIDENTE
ARTIGO 35 : DENEGACIÓN DO SERVIZO
ARTIGO 36 : OBXECTOS PERDIDOS
ARTIGO 37 : FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO
ARTIGO 38 : SITUACIÓNS DE EMERXENCIA
ARTIGO 39 : DESCANSOS
ARTIGO 40 : PARADAS
ARTIGO 41 : EUROTAXIS

TITULO VII RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 42: NORMAS XERAIS

TITULO VIII ESTATUTO XURÍDICO DAS PERSOAS USUARIAS DO TAXI

ARTIGO 43: DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS
ARTIGO 44: DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

TITULO IX INFRACCIÓNS E SANCIÓNS. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

CAPITULO 1 INFRACCIÓNS : FALTAS MOI GRAVES, GRAVES E LEVES. PRESCRICIÓN

ARTIGO 45 : INFRACCIÓNS
ARTIGO 46 : FALTAS MOI GRAVES
ARTIGO 47 : FALTAS GRAVES
ARTIGO 48 : FALTAS LEVES
ARTIGO 49 : SANCIÓNS

CAPITULO 2 : PROCEDEMENTO SANCIONADOR

DISPOSICIÓN TRANSITORIA
DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA
DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA
DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

TITULO I : OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

ARTIGO 1 :OBXECTO

- A presente Ordenanza, ten por obxecto a regulación do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi dentro do termino municipal de Vigo.
- Considéranse servizos de taxi, o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.
- No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas da Lei 4/2013 de 30 de maio; e

supletoriamente seguirase o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e as súas modificacións aprobadas por Real Decreto 1080/89 de 1 setembro, e Real Decreto 236/1983, de 9 de febreiro.

ARTIGO 2 : COMPETENCIA MUNICIPAL

- O Concello intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:
 - ^ Sometemento a licenza municipal previa.
 - ^ Fiscalización da prestación do servizo.
 - ^ Informe sobre a solicitude de revisión de tarifas do servizo.
 - ^ Ordenanza fiscal reguladora das taxas.
 - ^ Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
 - ^ Calquera outra atribución na materia establecida nas normas legais ou regulamentarias.

ARTIGO 3 : DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS

- As disposicións complementarias que poderá ditar o Concello referiranse, entre outras, ás seguintes materias:
 - ^ Publicidade.
 - ^ Quendas de vacacións e de descansos.
 - ^ Quendas diarias de permanencia no servizo.
 - ^ Identificación e características dos taxis.
 - ^ Determinación e modificación de paradas e regulación das mesmas.
 - ^ Servizos por chamadas telefónicas ou radio-telefoneo
 - ^ Zonificación da cidade para mellorar a prestación do servizo así como coordinalo servizo público de taxi e co transporte urbano público de viaxeiros.

ARTIGO 4: ÓRGANOS COMPETENTES

- As competencias municipais corresponden ós seguintes órganos:
 - a) PLENO
 - ^ A aprobación inicial e definitiva da ordenanza, así como a aprobación das modificacións da mesma, sempre que supoña un cambio substancial no exercicio do servizo de taxi.
 - ^ A aprobación dos expedientes de ampliación de licenzas .
 - b) XUNTA DE GOBERNO LOCAL
 - ^ A aprobación do proxecto de ordenanza, e a emisión de informes de toda modificación da mesma previos á súa presentación ó Pleno.
 - ^ A concesión das licenzas municipais que, no seu caso, queden vacantes ou se amplíen.
 - ^ A aprobación das Disposicións Complementarias da prestación do servizo.
 - ^ O coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.
 - c) ALCALDE
 - ^ O coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores e a imposición de sancións non previstos no punto anterior.
 - ^ A concesión dos permisos para conducir os vehículos do servizo público e a súa

renovación.

^ A autorización da transmisión das licenzas nos supostos previstos na presente Ordenanza.

^ A concesión das autorizacións para adscribir os vehículos ás licenzas e para a súa substitución.

^ Ditar cantas normas sexan da súa competencia para mellor xestión do servizo público de taxi e as ordes individuais constitutivas de mandato que sexan necesarias.

^ Fixar ou modificar as paradas do servizo público de taxi.

Todas aquelas outras facultades que non estean expresamente outorgadas por esta Ordenanza ou por disposicións de rango superior ao Alcalde, corresponderán á Xunta de Goberno Local.

TITULO II OS TÍTULOS HABILITANTES. AS LICENZAS MUNICIPAIS.

ARTIGO 5 : OS TÍTULOS HABILITANTES

- A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ós seus titulares para exercer dita actividade.
- Constitúe título habilitante a licenza municipal de taxi, que habilita para a prestación dos servizos urbanos de taxi e que é outorgada polo Concello.
- Tamén constitúe título habilitante a autorización interurbana de taxi, que será outorgada pola consellería competente en materia de transportes.
- A prestación do servizo público regulado na presente Ordenanza estará suxeita á previa obtención de licenza municipal, que se outorgará de conformidade e cos requisitos esixidos na presente ordenanza municipal e tendo en conta o disposto nos artigos 5 e 17 da Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

CAPITULO I AS LICENZAS MUNICIPAIS

ARTIGO 6 : REQUISITOS PARA SER TITULAR

Para a prestación do servizo de taxi , requírese a previa obtención da licenza municipal de taxi , concedida polo Concello .

- Só poderán ser titulares de licenzas de taxis as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

a)Ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea, ou doutro país estranxeiro en que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.

b)Ter domicilio fiscal e estar empadroadado no Concello de Vigo.

c)Acreditar a titularidade do vehículo en calquera réxime de utilización xuridicamente

válido.

d) Xustificar o cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas na lexislación vixente, e non ter débedas co Concello.

e) Acreditar o cumprimento dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que se vai adscribir á licenza e ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que se poidan ocasionar na prestación do servizo.

f) Acreditar estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi, establecido por esta ordenanza.

g) Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que puideran ocasionarse na prestación do servizo segundo o disposto na normativa vixente.

h) Non estar incluído nun caso de incompatibilidade laboral para o exercicio da profesión .

i) Os demais requisitos que se establezan regulamentariamente.

ARTIGO 7: LIMITACIÓN NA TITULARIDADE DE LICENZAS

- Unicamente se poderá ser titular dunha licenza municipal sen excepcións, e deberá ser explotada polo titular con plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi.

- Non se poderá ser titular de licenzas de taxis en distintos Concellos.

- Cada licenza de taxi non poderá ter adscritos á mesma máis de dous condutores, incluída a persoa titular.

ARTIGO 8: PROCEDEMENTO DE CREACIÓN DE NOVAS LICENCIAS

- O procedemento de creación de novas licenzas virá determinado nun estudo no que se acreditará a necesidade e conveniencia da ampliación, en aras a lograr unha mellora e perfeccionamento do servizo, tendo en conta a oferta e a demanda, así como o incremento da poboación. Para iso analizarase:

- ^ A situación do servizo antes do outorgamento de novas licenzas, en canto á súa calidade e extensión.

- ^ O tipo, extensión e crecemento dos núcleos de poboación (residencial, turística, industrial, etc.) e o número de habitantes.

- ^ As necesidades reais dun mellor e máis extenso servizo.

- ^ A repercusión das novas licenzas no conxunto do transporte e a circulación e o medio ambiente.

- ^ Unha avaliación da rendibilidade hipotética das novas licenzas e a súa repercusión na explotación das licenzas vixentes.

- No expediente que se tramite ó efecto solicitarase informe dos órganos competentes e darase audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e

traballadores representativos do sector e ás dos consumidores e usuarios.

•As licenzas dispoñíbeis serán outorgadas mediante concurso publico.

En todo caso debera considerarse o disposto nos artigos 6 e 7 da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia sobre a determinación do numero de licenzas.

ARTIGO 9: SUSPENSIÓN DE LICENZAS

•As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos nos seguintes casos :

^ Por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.

^ De oficio, nas transmisións forzosas, cando a persoa adxudicataria non reúna os requisitos para ser titular.

•As solicitudes de suspensión enténdense estimadas se no prazo de tres meses o Concello non tivese ditado e notificado resolución expresa; pero non se estimará unha solicitude de suspensión até que transcorran dous anos contados dende a data de finalización do anterior período de suspensión.

•Transcorrido un mes dende a finalización do prazo de suspensión sen haberse reanudado o servizo , incurrirase en causa de caducidade da licenza

•Autorizada a suspensión polo Concello, o titular debera retirar do vehículo os distintivos que o identifican como taxi así, como o taxímetro que será comprobado polo Concello , e facer entrega no concello da licenza de taxi e do permiso municipal de condutor .

•A solicitude de suspensión referida no punto primeiro deste artigo rematara no momento en que concorran algún dos supostos de transmisión forzosa previstos no artigo 11 desta Ordenanza , debendo actuar o titular da licenza de acordo co previsto nese apartado .

ARTIGO 10: LIMITACIÓNS NA TRANSMISIÓN DE LICENZAS

• A transmisión de licenzas de taxi non se poderá autorizar cando concorran as seguintes causas:

a)Se non transcorreron dous anos dende a adquisición polo transmítente da condición de titular da licenza de taxi.

Esta limitación non será de aplicación en caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi.

b)Se o transmítente ou o adquirente non están ó día das obrigas tributarias e de seguridade social, e as relacionadas co servizo de taxi.

c) Se non estivesen satisfeitas as sancións pecuniarias impostas por resolución administrativa firme ó transmítente e ó adquirente derivadas do exercicio da actividade como taxista.

d) Se o adquirente xa é titular dunha licenza municipal de taxi, ou ten na súa posesión algunha licenza noutro municipio.

e) Se o adquirente estivese nalgunha circunstancia de incapacidade laboral para o exercicio da profesión .

f) Se o adquirente non reúne os requisitos para ser titular dunha licenza.

g) Calquera outras limitacións que se establezan na normativa que lle sexa de aplicación.

ARTIGO 11: TRANSMISIÓN DE LICENZAS

• As licenzas teñen un prazo de vixencia indefinido. Non obstante poderán transmitirse “ inter vivos o mortis causa” previa autorización do Concello e sempre que á persoa que o solicite acredite que cumpre cos requisitos para ser titular da licenza nos seguintes casos:

a) Por falecemento do titular, a favor dos seus herdeiros lexítimos : os herdeiros adquirirán os dereitos e obrigacións inherentes a licenza podendo figurar, en caso de que se constituíse, a nome dunha comunidade de herdeiros por un período máximo de 2 anos dende o falecemento do causante . Transcorrido o citado prazo as licenzas deberan constar a nome dunha persoa física , caducando en caso contrario .

b) Por xubilación do titular, ben forzosa ou voluntaria, ou por incapacidade laboral declarada polos tribunais ou organismos competentes que lle impidan o exercicio da profesión.

c) Por serlle retirada de maneira definitiva ó titular, a licenza de condución ou do permiso municipal de condutor de taxi, declarada por sentenza xudicial ou por acordo do órgano administrativo competente.

Nos anteriores casos a solicitude de transmisión debера solicitarse no prazo de seis meses dende que se produza a causa da transmisión ; polo órgano municipal competente e trala petición motivada do interesado poderá concedérselle unha prorroga por outros seis meses .

d) Cando o titular da licenza a ostente un mínimo de dous anos, se ben neste caso non poderá o transmítente adquirir nova licenza municipal no prazo de cinco anos por ningunha das formas prescritas na presente ordenanza

As transmisións a que se refiren os apartados b), c), e d) realizaranse a favor das persoas que reúnan os requisitos recollidos no artigo 6 da presente Ordenanza.

ARTIGO 12: PROCEDIMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS

• O procedemento para a transmisión da licenza será o seguinte :

a)Solicitude formulada no Concello de transmisión da licenza de taxi realizada conxuntamente polo titular transmítente e polo adquirente, acompañada da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 6 da presente ordenanza .

b)Comprobación polo Servizo de Transportes do cumprimento dos requisitos esixibles para a transmisión .

c)Remisión da copia da solicitude da transmisión o Órgano competente en materia de transportes da Xunta de Galicia

d)Informe favorable nun prazo dun mes sobre a procedencia de transmisión da autorización interurbana polo citado órgano.

e)Autorizada a transmisión da licenza polo Concello o titular presentara solicitude ante os órganos competentes da Xunta de Galicia para a transmisión da autorización interurbana

•Transcorridos tres meses dende a presentación da solicitude de transmisión si non se houbera ditado e notificado resolución expresa, entenderase desestimada

ARTIGO 13: PROHIBICIÓNS

•Non se permite en ningún caso o arrendamento ou calquera outro negocio xurídico que comporte a cesión da explotación das licenzas o transmisión das mesmas e dos vehículos afectos a estas fóra do estipulado nesta ordenanza.

•Toda operación á marxe do procedemento legalmente establecido será sancionado de acordo coas previsións contidas na presente Ordenanza.

•A cesión do uso da licenza ou calquera outro acto translativo de posesión desta que se realice sen a previa autorización do Concello contravindo as disposicións desta Ordenanza, será declarada nula e será sancionada de conformidade co disposto no artigo 46 apartado C.

ARTIGO 14 :EXTINCIÓN DAS LICENZAS

•As licenzas de taxi extínguense por:

1.Renuncia do titular ou falecemento, sen herdeiros.

2.Caducidade, nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento.

3.Revogación por motivos de oportunidade.

CADUCIDADE

•Declararase a caducidade das licencias nos seguintes casos:

a)Incumprimento do titular das condicións que xustificaron o outorgamento

b)Non iniciar o servizo transcorrido o prazo de suspensión

c) Non dedicación do titular á actividade (cando fose esixible) de forma única e exclusiva

d) A obtención, xestión o explotación da licenza de calquera forma non prevista legalmente.

REVOGACIÓN

• Poderán revogarse as licencias de taxi por motivos de oportunidade de interese público, tales como circunstancias sobrevidas non imputables ao titular que aconsellase reducir o número de licenzas por caída da demanda , exceso de oferta o circunstancias xustificadas. Neste suposto o titular terá dereito á correspondente indemnización económica que se determinara de conformidade cos parámetros obxectivos que determinen o seu valor real no mercado e terase en conta o valor medio das transmisións realizadas nos últimos doce meses na cidade .

O órgano competente para incoar o expediente de extinción de licenzas, poderá adoptar a prohibición de transmisión da licenza, mediante resolución motivada e como medida provisional, ou outra que se estime axeitada para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer.

CAPITULO 2 REXISTRO MUNICIPAL DE LICENZAS

ARTIGO 15 :CONTIDO DO REXISTRO

CAPÍTULO 1

• No rexistro municipal de licenzas anotaranse :

^ Os titulares das licenzas e seus datos identificativos.

^ Os condutores dos vehículos afectos as licenzas e seus datos identificativos.

^ Os titulares de permisos municipais de condutor de taxi e seus datos identificacións.

^ Os vehículos afectos as licenzas e seus elementos.

^ As infraccións cometidas e as sancións impostas aos titulares das licenzas ou ós asalariados correspondentes; e, en xeral, a calquera interesado en posesión do permiso municipal de taxista, por infracción das normas vixentes en materia de taxis

^ A autorización para exhibir publicidade.

• Así mesmo, a efectos meramente informativos, anotaranse as pignoracións, cargas e gravames de licenzas que sexan comunicadas ao Concello mediante certificación o resolución emitida ao efecto polo Rexistrador ou autoridade xudicial competente.

• A solicitude do titular poderá emitirse certificación sobre as incidencias da licenza.

• Os titulares das licenzas de taxi están obrigados a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que deban figurar no rexistro no prazo dun mes.

CAPITULO 3 VISADO

ARTIGO 16 : OBRIGATORIEDADE

- A validez das licenzas quedará condicionada ao seu visado periódico na forma que regulamentariamente se determine .

TITULO III OS VEHICULOS

ARTIGO 17: NORMAS XERAIS

- O titular da licenza ten que ser titular do vehículo que se propoña para prestar o servizo, e deberá figurar como tal no rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.
- Nos supostos de transmisión de licenza o vehículo poderá ser o mesmo adscrito a licenza cando o novo titular adquirese a disposición do mesmo .
- Deberá concertar de maneira obrigatoria a correspondente póliza de seguros que cubrirá danos a viaxeiros e a terceiros, segundo o disposto na normativa vixente.
- No permiso de circulación do vehículo deberá constar un domicilio pertencente ó término municipal deste Concello.

ARTIGO 18: PROCEDEMENTO

- Os titulares das licenzas poderán substituír o vehículo adscrito a mesma por outro máis moderno ou de superiores condicións, sempre que supoña mellora para o servizo, reúna as esixencias recollidas no artigo 20 desta Ordenanza e se obteña a autorización do Concello, previo pagamento dos dereitos e taxas correspondentes e informe favorable na revisión efectuada polos servizos técnicos municipais.
- A documentación que o titular deberá presentar con ocasión do cambio de vehículo é a seguinte:
 - ^ Solicitude con xustificante de pago das taxas por revisión de vehículo e por emisión de certificado).
 - ^ Fotocopia compulsada da documentación do vehículo.
 - ^ Fotocopia compulsada da póliza de seguro contratada que cubra , a cobertura da responsabilidade civil con o xustificante do pago da mesma
 - ^ Licenza municipal do vehículo que vai ser substituído.
 - ^ A documentación que o Concello considere necesaria para a comprobación da correcta prestación do servizo de taxi.
- O Concello poderá realizar cantas revisións do vehículo considere necesarias para comprobar o estado de conservación, limpeza a demais condicións esixidas ós vehículos, previa notificación ó titular.

ARTIGO 19: PROHIBICIÓNS

•As transmisións dos vehículos adscritos a unha licenza, con independencia da mesma, levan implícita a anulación desta, agás que, previamente, o transmítente aplique a aquela outro vehículo da súa propiedade, contando coa previa autorización municipal.

ARTIGO 20: CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

•Os vehículos cuxa adscrición se solicite a unha licenza de taxi , deberán cumprir cos seguintes requisitos:

^ Deben ser clasificados como turismos e ter unha antigüidade máxima de dous anos contados dende a primeira matriculación e non exceder de 20.000 Qm. En todo caso deberan ter unha antigüidade e un quilometraxe menor que o vehículo o que substitúan.

^ Carrocería pechada con portas de fácil acceso.

^ Catro portas como mínimo que deben resultar accionables a vontade do usuario.

^ Capacidade mínima para cinco persoas.

^ O número máximo de prazas será de sete, debendo respectar en todo caso que o espazo interior do vehículo sexa o suficiente para permitir a comodidade dos usuarios; neste caso tódolos asentos do vehículo deben ser das mesmas características e o acceso aos mesmos debe ser cómodo e independente.

^ Cor que aprobe o Concello.

^ Nas portas dianteiras levarán o anagrama do Concello de Vigo, segundo o modelo oficial que estableza a Corporación.

^ O número da licenza figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo (parabrisas traseiro na parte inferior dereita) e na parte frontal dianteira do interior do vehículo, coas características e medidas que estableza o Concello. O Concello establecerá con carácter obrigatorio o tamaño, tipo e as características que debe ter o número da licenza. Os distintivos deberan ser adhesivos .

^ Poderán levar mamparas de seguridade, sempre que sexan homologadas polo órgano competente de industria e sexan autorizadas polos organismos competentes para a inspección técnica dos vehículos e previa autorización do Concello.

^ Poderán levar sistemas de comunicación ou cámaras por motivos de seguridade, sempre que estean homologados e cumpran a normativa aplicable a este tipo de sistemas especialmente en materia de seguridade e protección de datos e previa autorización do Concello.

^ Deberán ter unhas condicións mínimas e unhas características no seu habitáculo interior suficientes para proporcionar ó usuario e ao condutor a seguridade e comodidade propia deste tipo de servizo. O Concello poderá aprobar especificacións técnicas sobre a materia e homologar vehículos para o servizo de taxis .

^ Dispositivos de calefacción e aire acondicionado.

^ Dotación de extintor de incendios.

^ Deberán levar a placa identificativa de servizo publico .

^ Alumeado eléctrico interior que permita en horas nocturnas a perfecta visibilidade do cadro de mandos, do taxímetro e de todos os elementos de control do vehículo e que proporcione iluminación suficiente para facilitar o cambio de moeda.

^ Levarán un taxímetro homologado, debidamente comprobado e precintado, situado na parte dianteira do interior do vehículo no terzo central , de forma que en todo

momento resulte visible para o viaxeiro a lectura do prezo do transporte, iluminándose no momento que estea en funcionamento. Os novos taxímetros que se instalen a partir da entrada en vigor da presente ordenanza deberán incorporar obrigatoriamente impresora de factura.

^ Levarán un dispositivo luminoso na parte superior dianteira do vehículo , aprobado polo Concello, que reflectiran o tipo de tarifa que corresponda no momento , o letreiro de taxi e a luz verde de libre.

^ Nas portas e na parte posterior levaran xanelas en número suficiente para acadar a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles provistas de vidros transparentes e inestillables .

^ Espacio dedicado a maleteiro totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado a pasaxe e suficiente para transportar o equipaxe desta e cunha capacidade mínima de 350 litros.

^ E os demais requisitos que se establezan regulamentariamente .

ARTIGO 21: DOCUMENTACIÓN

•Os vehículos afectos ó servizo de taxi deberán estar provistos da documentación seguinte:

a) Documentos relativos ó propio vehículo e ó seu condutor:

Licenza de taxi.

Permiso de circulación del vehículo.

Tarxeta de inspección técnica del vehículo en vigor.

Boletín de control metrológico.

Póliza e recibo de pago del seguro de responsabilidade civil previsto en esta Ordenanza.

Permiso de conducir.

Permiso municipal de condutor de taxi.

Tarxeta de condutor.

b) Deben levar nun lugar visible, cando estean de servizo, o tarxeta identificativa de condutor no salpicadeiro. Este documento será obrigatorio tanto para os titulares como para os asalariados, e no caso deste último figurará o seu horario de traballo no citada tarxeta.

c) Placa co número da licenza municipal, matrícula e a indicación do número de prazas.

d) A presente Ordenanza, e as súas disposicións complementarias.

e) Impreso oficial das tarifas de prezos vixentes en lugar visible para os usuarios.

f) Talonario de recibos autorizado polo Concello.

g) Libro de reclamacións.

h) Rueiro oficial e plano turístico e listado das direccións e emprazamentos de urxencia en formato papel ou electrónico .

i) En caso de ter instalada mampara, a autorización municipal.

j) En caso de exhibir publicidade, a autorización municipal.

• Os documentos indicados no punto anterior deberán ser exhibidos polo condutor aos inspectores de transportes e axentes da Policía Local cando fosen requiridos para elo.

ARTIGO 22: ANTIGÜIDADE

• Os vehículos afectos ó servizo de taxi non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos contados dende a data da primeira matriculación, quedando automaticamente suspendida a eficacia da licenza, en tanto non se solicite a adscrición dun novo vehículo . Non obstante e a solicitude do titular os servizos técnicos municipais poderán informar sobre o estado do vehículo e autorizarse prorrogas por un período máximo dun ano e ate un máximo de 12 anos, prazo durante o cal debera adscribir un novo vehículo a licenza .

ARTIGO 23 : PROCEDEMENTO

• As solicitudes de cambio de vehículos e no seu caso a solicitude da prorroga ,deberán formularse antes de que expire o prazo de 10 anos do punto anterior e nun prazo máximo de dez días, contados a partir da data de matriculación do citado vehículo.

• Unha vez iniciado o expediente, os interesados deberán presentar o vehículo a requirimento dos servizos inspectores do Concello, quen emitirá informe favorable se o mesmo cumpre os requisitos establecidos nesta Ordenanza.

• En tanto non se autorice a adscrición do vehículo a licenza o vehículo non poderá prestar o servizo público.

TITULO IV: OS CONDUTORES

ARTIGO 24: NORMAS XERAIS

• Para exercer a actividade de condutor dun vehículo taxi e necesario estar en posesión do correspondente permiso de condución establecido na lexislación vixente, o BTP, e dispoñer do permiso municipal de condutor de taxi expedido polo Concello.

• O titular da licenza de taxi soamente poderá contratar un condutor asalariado con plena e exclusiva dedicación no autorizándose as contratacións a tempo parcial.

• A relación entre o titular da licenza e as persoas condutoras asalariadas será de carácter laboral

• O titular da licenza debera presentar a solicitude de alta dun condutor asalariado nun prazo máximo de 5 días no Concello, a partir da data da súa contratación.

•A documentación que deberá presentar o titular da licenza xunto coa solicitude será a seguinte:

- ^ Fotocopia compulsada do Contrato de Traballo.
- ^ Vida Laboral do condutor asalariado.
- ^ Fotocopia compulsada da alta na Seguridade Social.
- ^ Pago das taxas por expedición da tarxeta de condutor.

En tanto non se autorice polo Concello a adscrición do condutor a licenza , non poderá prestar o servizo .

•No caso de que o asalariado produza baixa, o titular deberá comunicar a mesma nun prazo máximo de 5 días e entregar a tarxeta de identificación correspondente ao contrato .

ARTIGO 25 : OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI. CONDICIÓN ESIXIBLES

•Para a obtención do permiso municipal de condutor de taxi, o Concello convocará as probas necesarias como mínimo una vez ao ano, a non ser que haxa circunstancias que motiven a non convocatoria das probas ou que fagan necesaria a convocatoria cunha periodicidade maior. Así mesmo poderán celebrarse probas de aptitude para a obtención do permiso municipal do condutor cando as circunstancias o requiran .

•Na convocatoria establecerase a documentación que deberá ser entregada xunto coa solicitude para o dereito á realización da proba por parte do interesado.

•As probas que deberan superar os aspirantes serán as que determine o Concello .

•Os efectos da convocatoria citada, o interesado que desexe presentarse deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Aboar as taxas que en cada caso estableza a Ordenanza fiscal aprobada.
- Coñecer as vías públicas, lugares de interese turístico, hospitais, oficinas públicas, centros oficiais, hoteis e, en definitiva, os itinerarios máis axeitados e directos para chegar ó punto de destino.
- Coñecer a Lei de seguridade vial, a Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como a presente Ordenanza e demais lexislación relativa ó servizo público de taxi, que sexa de aplicación
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión. Xustificarse mediante a presentación do certificado médico que acredite tal circunstancia.
- Carecer de antecedentes penais, xustificado mediante certificación expedida o efecto polo Ministerio de Xustiza .
- Non estar inhabilitado para o exercicio da profesión de taxista por sanción administrativa ou sentenza xudicial firmes.

O Concello informara na convocatoria sobre a lexislación que deberan coñecer os aspirantes, así como as probas que deberan superar os mesmos e facilitara a

documentación normativa correspondente previo pago das taxas legalmente establecidas.

ARTIGO 26: RENOVACIÓNS E DUPLICADOS

- Os permisos municipais de condutor de taxi terán unha validez de dez anos, podendo ser renovados polo mesmo período, sempre que o interesado acredite cumprir os requisitos necesarios para a obtención do devandito permiso, e acreditar o desempeño habitual da profesión durante o citado período o en toda caso con un mínimo de dous anos . En caso de non exercer a profesión durante o período mínimo esixible debera superar unha proba de aptitude .
- Debe solicitarse a renovación do permiso con anterioridade ó vencemento do prazo de validez ata un máximo de dous meses antes .
- De non solicitarse con anterioridade ao período de validez o dentro do prazo do mes inmediatamente posterior, deberan superar unha proba de aptitude
- Así mesmo, expediranse duplicados dos permisos municipais de condutor de taxi cando sexa necesario nos casos de perda, roubo o deterioro . Nos casos de perda o roubo deberan presentar a correspondente denuncia ante a Policía Local o Nacional . Nos casos de deterioro deberan entregar o permiso anterior.

ARTIGO 27: CADUCIDADE

- Os permisos municipais de condutor de taxi caducarán:
 - a)Polo transcurso do prazo de dez anos, sen ter solicitada a renovación.
 - b)Por xubilación do titular do permiso.
 - c)Cando o permiso de conducir fora retirado pola Autoridade administrativa ou xudicial competente, ou non fora renovado.
 - d)Nos demais casos previstos na Lei de seguridade vial e resto de normativa aplicable.

ARTIGO 28: A TARXETA DE IDENTIFICACIÓN DO CONDUTOR DE AUTOTAXI

1.Para a adecuada identificación do condutor de taxi, o Concello expedirá a tarxeta de identificación de condutor que conterá unha fotografía do condutor, así como o nome , apelidos, número e data de validez do permiso de condutor de autotaxi; matrícula del vehículo e número da licencia a que se estea adscrito, así como a modalidade laboral na que presta servizo e o horario de traballo.

2.A tarxeta de identificación, que deberá portarse sempre que se este prestando servizo, se colocará na parte inferior dereita da lúa dianteira do vehículo de forma que resulte visible desde o exterior do mesmo.

TITULO V PUBLICIDADE

ARTIGO 29 :NORMAS XERAIS

- Para contratar e colocar anuncios publicitarios no interior e exterior dos vehículos, deberá solicitarse ó Concello a correspondente autorización indicando o contido, o formato, o lugar e modo de colocación do anuncio, así coma o vehículo no que se vai instalar.
- Non se autorizarán anuncios publicitarios de tabaco, bebidas alcohólicas, sexistas, nin aqueles que poidan resultar contrarios ós criterios fixados pola Corporación.
- A publicidade interior irá colocada no respaldo dos asentos dianteiros e os anuncios non serán fixos nin de adhesión directa, senón que disporán dun soporte, a fin de que poidan ser colocados ou retirados, a decisión do titular da licenza.
- A publicidade exterior poderá ir colocada na luneta traseira, de forma que no prexudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo nin a visión dos distintivos de taxi dende o exterior; tamén poderá colocarse ó longo das portas traseiras, mediante unha banda de 40 cm. de ancho e a lonxitude do ancho da porta traseira.
- Así mesmo poderá autorizarse na parte superior do vehículo en soporte homologados para tal fin e sempre que o modelo e o deseño sexa aprobado previamente polo Concello.
- Para que o Concello poida autorizar calquera tipo de publicidade nun vehículo é imprescindible que, tanto o titular da licenza como o vehículo, cumplan con tódalas prescricións da presente Ordenanza.
- Non poderá colocarse publicidade nun vehículo sen haber sido previamente autorizada .
- As solicitudes poderán formularse individualmente o a través das Asociacións representativas do sector .

TITULO VI PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 30 : CONCERTACIÓN DO SERVIZO

- A concertación do servizo de taxi efectuarase por petición da persoa usuaria:
 - ^ Nas paradas establecidas.
 - ^ Mediante a súa chamada na vía pública.
 - ^ Por medios telemáticos e telefónicos.
 - ^ Mediante reserva previa.
 - ^ Mediante outros sistemas que legalmente poidan establecerse.
- A contratación do servizo , levarase a cabo mediante a contratación da capacidade

total do vehículo , agás que se aprobe o sistema de taxi compartido.

ARTIGO 31 : PREFERENCIA

- Cando os taxis non estean ocupados por pasaxeiros , deberán estar circulando ou situados nas paradas sinaladas ó efecto, a non ser que deban de estacionar en outros lugares seguindo instrucións do usuario, ou por outras necesidades xustificadas sempre que o lugar de estacionamento estea autorizado.

- Cando os condutores de taxis que circulen en situación de libre sexan requiridos por varias persoas o mesmo tempo para a prestación dun servizo , atenderanse as seguintes normas de preferencia:

a)Persoas que se atopen na beirarrúa correspondente o sentido de circulación do vehículo.

b)Doentes , impedidos e anciáns.

c)Persoas acompañadas de nenos e mulleres embarazadas.

d)As persoas de maior idade.

- Nas paradas a preferencia virá determinada pola orde de chegada dos usuarios e por orde de estacionamento.

- Non poderá pararse un taxi nas cercanías das paradas cando nas mesmas houbese taxis libres o usuarios esperando con excepción das persoas de mobilidade reducida.

- Nas áreas de influencia das estacións de ferrocarrís, terminais de autobuses interurbanos, porto aeroporto ou lugares análogos, delimitadas pola Corporación, non se poderá coller servizo fora das paradas autorizadas a tal efecto.

ARTIGO 32 : INICIACIÓN DO SERVIZO

- Os vehículos taxis , cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación , para indicar a situación de libre, deberán levar encendida na parte superior dianteira da carrocería e conectada có aparato taxímetro, unha luz verde que se apagará o ocuparse o vehículo.

- Cando un pasaxeiro faga sinal para deter un taxi en situación de “libre” o condutor deberá para-lo vehículo no lugar apto mais próximo, se está circulando, quita-lo libre e non procederá a poñer en marcha o contador do taxímetro (baixada de bandeira) , ata reanuda-la marcha para empezar a cumprir-lo servizo que se lle encomende .

- Se iniciado un servizo, o condutor esquecerá poñer en marcha o contador , será do seu cargo exclusivo o importe devengado ata o momento de advertir a falta, aínda que fose o de remata-la carreira, con exclusión do importe de baixada de bandeira, a non ser que o pasaxeiro estea disposto a abonarlle a cantidade que, de común acordo, conveñan.

- Cando se trate dun servizo contratado por emisora , teléfono u outro medio telemático ,o servizo entenderase iniciado onde estivese o vehículo pero sen que en ningún caso poida superarse a tarifa fixada como mínima cando recolla ao usuario .
- Os taxis poderán acceder as zonas peonís ou semipeonís cando vaian a recoller o deixar viaxeiros co orixe o destino na zona e se trate de persoas de idade, con problemas de mobilidade o que transporten maletas u outros vultos análogos .
- Os taxis poderán realizar unha detención para tomar o deixar viaxeiros o cargar o descargar maletas o vultos análogos, debendo buscar o lugar mais adecuado e onde menos se entorpeza a circulación, no mesmo senso no relativo a baixar o condutor do vehículo.

ARTIGO 33: PAGAMENTO DO SERVIZO

- O pagamento do importe do servizo efectuarao o usuario no momento en que o servizo remate.
- Cando os viaxeiros abandonen transitoriamente o vehículo por eles alugado e os condutores deban esperar o regreso daqueles, poderán recabar dos mesmos, a título de garantía e contra recibo, o importe do percorrido efectuado máis media hora de espera en zona urbana e unha en descampado, esgotada a cal poderán considerarse desvinculados do servizo.
- Os condutores de vehículos autotaxis están obrigados a proporcionar ó cliente cambio ata 20 euros; se non dispuxesen do cambio necesario por a citada cantidade, abandonarán o vehículo para proverse del, parando o taxímetro.
- Ó chegar o lugar de destino, o condutor deberá para-lo contador , e, cumprido este requisito indicará o pasaxeiro o importe do servizo.
- Así mesmo, deberá para-lo aparato taxímetro no caso de que , durante o servizo, se produza algún accidente ou avaría no propio vehículo que o interrompa.
- Os condutores dos vehículo virán obrigados a expender un recibo do importe do servizo.
- Cando se concerte un viaxe de mais de 50 Qm.o condutor poderá esixir o abono do 50 % do importe previsto aproximado para garantir o abono do mesmo ; en todo caso estarase o que se determine regulamentariamente .

ARTIGO 34 : AVARÍA O ACCIDENTE

- En caso de avaría ou accidente que faga imposible a continuación do servizo, o viaxeiro, que poderá solicitar a súa comprobación ós axentes da autoridade, deberá satisfacer a cantidade que marque o taxímetro ata o momento da avaría ou accidente.

ARTIGO 35: DENEGACIÓN DO SERVIZO

•O condutor dun taxi que fose solicitado persoal, telefónica ou telemáticamente para prestar un servizo, na forma que para estas chamadas estea establecida, non poderá negarse sen causa xusta.

•Poderá ser motivo de negativa:

a)Ser requirido por individuos que desperten fundada sospeita, caso no que o condutor poderá solicitar a debida identificación perante os axentes da autoridade.

b)Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das prazas autorizadas para o vehículo.

c)Cando calquera dos pasaxeiros se encontre en estado de embriaguez manifesta, ou baixo o efecto de estupefacientes.

d)Cando a vestimenta dos viaxeiros e os vultos, equipaxes ou animais dos que sexan portadores poidan, de forma manifesta, ensuciar, deteriorar ou causar danos no vehículo.

e)Cando as maletas, equipaxes ou vultos que leven os pasaxeiros, non collan no maleteiro e este teña a capacidade legalmente establecida.

f)Cando sexa requirido para prestar servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes o do condutor, como do vehículo.

g)Cando sexa solicitado para finalidades ilícitas o cando concorran circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas o do vehículo.

•O condutor de taxi que sexa requirido para prestar servizo a invidentes ou persoas de mobilidade reducida , non poderá negarse polo feito de ir acompañados de can guía ou cadeira de rodas.

ARTIGO 36: OBXECTOS PERDIDOS

•Os obxectos que atopase o condutor no vehículo deberá entregalos o mesmo día, ou a máis tardar dentro das seguintes 24 horas , nas dependencias da Policial Local ou nos lugares que se designe polo Concello , detallando as circunstancias do atopado e deberán comunicalo no mesmo prazo ao servizo municipal de transportes .

ARTIGO 37: FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

Os condutores de vehículos taxi están obrigados a :

a)Entregar ao viaxeiro o recibo do servizo prestado.

b)Axudar a subir e baixar do vehículo os viaxeiros que o necesiten en razón da idade, discapacidade ou estado de saúde.

c)Recoller a equipaxe do viaxeiro, poñelo no maleteiro e entregalo ao final do servizo

d) Coidar o aspecto persoal e vestir-se axeitadamente para o servizo.

e) Aumentar ou diminuír o volume da radio e outros dispositivos de audio

e vídeo que pode ser instalado no vehículo, ou fóra do mesmo, se o viaxeiro así o solicita.

f) Permitir a apertura ou peche das fiestras da fronte ou de traseiras

g) O respecto a elección do usuario sobre o uso de aire acondicionado ou control de temperatura

h) Facilitar os pasaxeiros que o solicitan o Libro de Reclamacións .

i) Revisar o interior do vehículo, ao final de cada servizo para comprobar se o usuario ten esquecido calquera das súas pertenzas nel.

j) Acenderán a luz interior pola noite, para facilitar a subida e baixada, e o pagamento do servizo.

k) Durante a prestación do servizo, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os condutores proferirán ofensas ou entablarán discusións que alteren a orde, xa sexa entre si, cos pasaxeiros, ou co público en xeral.

l) Así mesmo, deberán respectar e admitir o uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servizo.

•Estará prohibido fumar nos vehículos autotaxi, tanto os condutores como os usuarios, debendo levar nos vehículos un cartel que así o indique.

ARTIGO 38: SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

•En casos de calamidade pública ou emerxencia grave, o persoal afecto ó servizo de autotaxis así como os vehículos adscritos ó mesmo quedarán a disposición das autoridades a fin de coadxuvar á prestación do servizo público de transporte, sen prexuízo de percibir a correspondente retribución e, no seu caso, a indemnización procedente nos casos de deterioro do vehículo.

ARTIGO 39: DESCANSOS

•Os vehículos deberán prestar o servizo ó público de maneira continuada salvo o disposto en materia de descansos e vacacións.

•En todo caso respectaranse os quendas de servizo no aeroporto regulados pola Xunta de Galicia, de modo que os vehículos que cada día presten servizo en tal lugar non poderán facelo no resto do Concello.

•Coa finalidade de mellorar a organización e o control do sector poderán establecerse quendas de descanso, que se regularán polo Concello de acordo coas Asociacións Profesionais e terán como fin contribuír a mellora da atención ós cidadáns e a correcta distribución do traballo axustándoo a demanda. As quendas de descanso obrigatorio non afectarán ós vehículos que deban prestar servizo ese mesmo día no aeroporto.

•Os días de descanso que correspondan a cada licenza sinalarase obrigatoriamente co distintivo que aprobe o Concello .

•Non se considerará interrupción do servizo o período de vacacións, que non será superior a trinta días ó ano.

•A petición das organizacións representativas do sector poderanse regular períodos concretos de vacacións e para o caso que o Concello considere que se produce unha diminución do servizo en determinadas épocas.

ARTIGO 40: PARADAS

O Concello previa consulta as asociacións representativas dos titulares de licencias fixara os puntos de parada nos que os vehículos autotaxi poderán estacionar de forma exclusiva a espera de pasaxeiros. , determinara igualmente o número máximo de vehículos que poden concorrer simultaneamente a cada punto de parada e a forma na que deben estacionar. Para o establecemento das paradas terase en conta, en todo caso e prioritariamente, o mantemento das adecuadas condicións para a fluidez do tráfico.

Os vehículos en circulación no poderán tomar viaxeiros a menos de 100 metros dos puntos de parada establecidos no sentido da marcha.

ARTIGO 41: EUROTAXIS

O número de taxis adaptados debe ser suficiente para atender as necesidades existentes en función da poboación e as circunstancias socioeconómicas da zona, polo que o Concello debera adoptar as medidas necesarias para que o servizo este debidamente cuberto.

Os taxis adaptados darán servizo preferente as persoas con mobilidade reducida , pero non terán ese uso exclusivo.

Os condutores de taxis adaptados serán os responsables da colocación dos anclaxes e cintos de seguridade e da manipulación dos equipamentos instalados que faciliten o acceso aos vehículos e a saída deles das persoas con mobilidade reducida.

En todo caso estarase ao disposto na vixente lexislación .

TITULO VII RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 42: NORMAS XERAIS

A prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán una adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.

As tarifas poderán ser revisadas periodicamente o, de maneira excepcional, cando se producise unha variación dos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade.

O Concello fixara as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi ; para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa a súa aprobación, ao Consello

Galego de Transportes, en orden a recabar as consideracións que estime pertinentes e as Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores representativos do sector e as de Consumidores e Usuarios.

En todo caso, a aprobación das tarifas estará suxeita a lexislación vixente en materia de prezos.

As tarifas serán de obrigada observancia para os titulares das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi e para as persoas usuarias.

As tarifas vixentes serán visibles para a persoa usuaria desde o interior do vehículo con indicación dos suplementos e tarifas especiais que procedese aplicar en determinados servizos .

Poderán establecerse tarifas especiais para determinado tipo de servizos, si así o considera procedente o Concello e sempre que sexa par beneficio dos usuarios .

Tamén poderá establecerse un réxime de tarifas específicas no suposto de servizos contratados por praza individual no caso de que se autorice esta modalidade de prestación .

En tanto non se fixe pola Xunta de Galicia unha estrutura harmonizada das tarifas, a revisión das mesmas continuara realizándose coa aplicación do IPC do servizo de transporte da Comunidade Autónoma Galega .

TITULO VIII ESTATUTO XURÍDICO DAS PERSOAS USUARIAS DO TAXI

ARTIGO 43. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Sen prexuízo dos dereitos recoñecidos con carácter xeral pola normativa vixente e aqueles outros que lles recoñezan as normas que desenrolen a presente lei, as persoas usuarias do servizo de taxi teñen os seguintes dereitos:

a) A acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os condutores e condutoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda as persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas , o a mulleres xestantes, debendo cargar e descargar seu equipaxe.

b) A identificar a persoa condutora e recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.

c) A prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e exterior, en cuanto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.

d) A subir e baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantida a seguridade das persoas.

e) A seleccionar o percorrido que estimen máis adecuado para a prestación do servizo. No suposto de non exercitaren o referido dereito, sempre debe realizarse

seguindo o itinerario previsiblemente máis corto, tendo en conta tanto a distancia a percorrer como o tempo estimado de duración do servizo, segundo as condicións de saturación da circulación.

f) A obter información sobre o número de licenza de taxi o autorización interurbana de taxi e as tarifas aplicables os servizos.

g) A poder ir acompañada dun can guía no caso das persoas cegas o con discapacidade visual.

h) A transportar equipaxes de conformidade coas condicións que regulamentariamente se establezan.

i) A que se facilite a persoa usuaria o cambio de moeda ata a cantidade que legalmente se estableza.

j) A recibir un documento xustificativo da prestación do servizo no que conste o prezo, orixe e destino do servizo, o número de licenza de taxi do vehículo que atendeu o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa condutora e a petición da persoa usuaria, o itinerario percorrido.

k) A formular as reclamacións que estimasen oportunas en relación coa prestación do servizo, debendo facilitar o condutor o condutora, a petición da persoa usuaria, follas de reclamacións.

ARTIGO 44: DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias do servizo de taxi haberán de cumprir as normas de utilización que se establezan legalmente tendo, en todo caso, os seguintes deberes:

a) Adoptar un comportamento respectuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na condución do vehículo e sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.

b) Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas aprobadas legalmente

c) Non manipular, destruír o deteriorar ningún elemento do vehículo durante o servizo.

d) Absterse de fumar, beber alcohol o consumir calquera tipo de sustancia estupefaciente no interior do vehículo.

e) Respetar as instrucións da persoa condutora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade.

f) A demais que se establezan na normativa de aplicación .

TITULO IX: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

CAPITULO 1 INFRACCIÓNS : FALTAS MOI GRAVES, GRAVES E LEVES. PRESCRICIÓN

ARTIGO 45 : INFRACCIÓNS

Son infraccións as accións e omisións que contraveñan as obrigas establecidas nesta Ordenanza y no resto de normativa aplicable a título de dolo, culpa, ou simple inobservancia.

- As infraccións cualifícanse en moi graves, graves e leves.

ARTIGO 46 :FALTAS MOI GRAVES

- Considéranse faltas moi graves:

a) A realización de servizos de taxi carecendo da preceptiva licenza o con a mesma suspendida, anulada, caducada, revocada , sen haber realizado o visado obrigatorio o calquera outra circunstancia pola que as habilitacións para exercer a actividade non sexan validas .

b) A prestación de servizos de taxi por persoas que carezan do permiso municipal de condutor de taxi ou habilitados para a prestación do servizo polo Concello nunha determinada licenza

c) A cesión o transmisión da licenza de taxi sen a preceptiva autorización do Concello.

d) O falseamento de documentos que tiveran que ser presentados como requisitos para a obtención da licenza o dos datos que deban figuran na mesma .

e) A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección que impida o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.

f) Non presentar o vehículo as revisións periódicas que estableza o Concello

g) O incumprimento por parte do titular do vehículo da obriga de subscribir os seguros obrigatorios.

h) O incumprimento das obrigacións de prestación do servizo .

i) Non levar aparato taxímetro, a manipulación do mesmo , facelo funcionar de maneira inadecuada, impedir a súa visibilidade , así como tódalas accións destinadas a alterar o seu correcto funcionamento, aínda cando este non se encontrase en funcionamento no momento da inspección .

j) Prestar o servizo con un numero de ocupantes que supere o numero de prazas autorizadas

k) A realización de servizos de transporte de persoas mediante cobro individual ,

agás que estivese autorizado .

l)O incumprimento, tanto por exceso como por defecto, das horas de traballo, das normas de organización do servizo, e a negativa á prestación de servizos extraordinarios, especiais ou de urxencias.

m) Prestar servizo os días de descanso que se establezan pola Corporación.

n) Prestar servizo na cidade os días que teñan asignados como de servizo no aeroporto, de acordo coa normativa autonómica.

ñ) Conducir o vehículo baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou estupefacientes.

o) Calquera outra que se estableza como falta moi grave na Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ou noutra normativa legalmente establecida.

p) A captación de viaxeiros mediante a formulación persoal de ofertas de viaxes en andens, vestíbulo de estación, ou escoller pasaxe de calquera outra forma fora das normas prescritas nesta Ordenanza.

ARTIGO 47 FALTAS GRAVES

•Considéranse faltas graves:

a)Carecer do documento para formular reclamacións dos usuarios o negar u obstaculizar a súa disposición ao publico

b)Non atender a demanda de servizo o abandonar un servizo antes da súa finalización , salvo que existisen causas xustificadas de perigo fundado para a persoa condutora o para o vehículo.

c)Iniciar un servizo de transporte nun termino municipal distinto ao que corresponde a licenza , salvo nos supostos legalmente exceptuados .

d) Incumprir o réxime de tarifas vixente para o servizo de taxis

e)Prestar o servizo con vehículos distintos aos adscritos a licenza.

f)Non cumprir as ordes concretas do itinerario marcado polo viaxeiro, percorrendo maiores distancias innecesarias.

g)Non levar no vehículo a documentación preceptiva

h)A retención de obxectos abandonados no vehículo sen facer entrega dos mesmos.

i)Non dispoñer do cadro de tarifas e do resto da documentación que tivera que exhibirse para coñecemento dos usuarios .

j)O trato desconsiderado aos clientes , e a non prestación do servizo nas debidas

condicións de hixiene e /o calidade esixibles .

k) Esixir novo importe de baixada de bandeira, cando o usuario rectifique o termo de carreira antes de rematar a mesma, o cando se apeara un acompañante..

l) A difusión de ofertas comerciais para a realización de actividades en vehículos de turismo sen dispoñer dos correspondentes títulos habilitantes para o exercicio das actividades.

m) Calquera outra que se estableza como falta grave na Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ou noutra normativa legalmente establecida

ARTIGO 48: FALTAS LEVES

• Teñen a consideración de faltas leves:

a) Non levar en lugar visible os distintivos que fosen esixibles o levarlos en condicións que dificulten a súa percepción

b) Non respetar os dereitos das persoas usuarias

c) Incumprir as normas sobre publicidade

d) Non entregar o recibo o factura do servizo prestado o entregar un recibo que non cumpra os requisitos establecidos

e) O incumprimento polas persoas usuarias dos deberes que lles corresponden.

f) Non levar a placa relativa a súa condición de servizo público.

g) Carecer do cambio de moeda ate a cantidade legalmente establecida.

h) Non aceptar que o usuario faga uso indistintamente das linguas castelá e galega, nas indicacións para a necesaria prestación do servizo.

i) Carecer de espacio libre no maletreiro .

j) Calquera outra que se estableza como falta leve na Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ou noutra normativa legalmente establecida.

ARTIGO 49 : SANCIONES

As infraccións moi graves poderán sancionarse con:
Multa dende 2001 euros e até 6000 euros.

As infraccións graves poderán sancionarse con:
Multa desde 401 euros a 2000 euros.

As infraccións leves poderán sancionarse con:
Multa até 400 euros.

Ademais das sancións , poderá declararse a caducidade da licenza municipal , así como do permiso municipal de condutor por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento o as que resulten necesarias para o exercicio da actividade .

As sancións se graduarán en función dos danos e prexuízos causados a intencionalidade e a reincidencia . Considerarase reincidencia a comisión no prazo dun ano de mais dunha infracción administrativa da mesma natureza declarada por resolución firme en vía administrativa .

As infraccións e sancións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ó ano.

- O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día en que a infracción se cometeu, e o das sancións, dende o día seguinte a aquel en que adquiriu firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

- Interromperá a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e recomenzará o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese para lizado durante máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

- No caso das sancións, a prescrición se interrompera coa iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá a transcorrer o prazo se o citado procedemento estivese paralizado durante máis dun mes por causa imputable ó infractor.

- Todas as sancións, serán anotadas no expediente persoal dos profesionais, tanto titulares como resto de condutores, dentro do Rexistro Municipal de Licenzas, e demais Rexistros nos que así se estableza legalmente .

•CAPITULO 2 : PROCEDEMENTO SANCIONADOR

- O procedemento sancionador será o establecido na Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como na normativa que se dite en materia de transportes e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto

- O procedemento sancionador será incoado de oficio:

- ^ Por acordo do órgano competente.

- ^ Por denuncia dun terceiro. Calquera persoa (particular. Central Sindical, Agrupación Profesional ou Asociación de Consumidores e Usuarios), poderá formular denuncia por feitos que constitúen infracción dos preceptos contidos nesta Ordenanza.

- ^ Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

Antes do inicio do procedemento administrativo sancionador o Órgano competente de oficio o a instancia de parte , nos casos de urxencia para protexer provisionalmente os intereses das persoas implicadas , pode adoptar as medidas adecuadas o efecto , medidas que deberan ser confirmadas , modificadas o levantadas polo acordo de incoación do procedemento sancionador que debera producirse nos quince días seguintes ó de adopción do acordo

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os titulares que no momento de entrada en vigor da presente ordenanza fosen titulares de dous licenzas autorizadas polo Concello, poderán seguir mantendo a súa titularidade ata que efectúen a transmisión dalgunha delas .

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda derogada na súa totalidade a anterior Ordenanza municipal reguladora do servizo de autotaxi da cidade de Vigo, aprobada polo Pleno da Corporación en data 26 de maio de 1994.

Mantén a súa vixencia a Disposición complementaria para regulación das quendas de descanso do sector de autotaxi da cidade de Vigo aprobada por Acordo Plenario de data 6 de setembro de 2010 e prorrogada por Acordo Plenario de data 31 de xaneiro de 2011, en tanto non sexa substituída por unha nova regulación

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

A entrada en vigor de normas de rango superior ao desta Ordenanza que afecten as materias reguladas na mesma determinara a aplicación daquelas sen prexuízo da posterior adaptación no que fose necesario da Ordenanza

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

De conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local , a presente Ordenanza entrara en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, una vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación

3.2(3).- DAR CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2015. EXPTE. 102454/140 (1027/1101).

ANTECEDENTES: Con data 16 de decembro de 2014, o Interventor Municipal, emite o seguinte informe:

“Lexislación aplicable

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996.

Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda

Guía para a determinación da Regra de gasto do artigo 12 da Lei 2/2012, Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para corporacións locais, 2ª edición, editada polo Ministerio de Facenda e AA.PP; Intervención Xeral da Administración do Estado.

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

Informe

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 165 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o orzamento atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOeSF), e no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Ámbito subxectivo de aplicación

O Artigo 2 da LOEOeSF establece o ámbito de aplicación subxectivo da precitada norma:

a) A Administración Central, que comprende o Estado e os organismos da Administración Central.

b) As entidades que integran o sistema da Seguridade Social.

b) As Comunidades Autónomas.

d) As Corporacións locais.

O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público vinculados ou dependentes da Administración do Estado, das Administracións das comunidades autónomas ou das entidades locais e non comprendidos no apartado anterior, terán así mesmo consideración de sector público e quedarán suxeitos ao disposto no título I da LOEOeSF e ás normas que especificamente se refiran a estas.

O artigo 4 incorpora o principio de sustentabilidade financeira. Con independencia

do contido do artigo 4 e 7 da Lei Orgánica de Estabilidade, o concepto de estabilidade ven definido nos artigos 32 a 36 da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sustentable.

O Artigo 11 da LOEOeSF e o art. 5 do RD 1463/2007, delimitan a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais.

De entre as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Comisión Nacional de Administración Local, por proposta das asociacións das Entidades Locais representadas nela, establecerá cada ano aquelas que, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus Orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. En caso de non se recibir proposta na Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), as entidades ás que se refire este apartado determinaranse polo Goberno.

O resto das entidades locais, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus Orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996.

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

O artigo 15 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, considera que se entenderá cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás que se refire artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados en vigor.

O indicado no parágrafo anterior será igualmente aplicable aos supostos nos que, conforme ao artigo 169.6 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se considere prorrogado o orzamento do exercicio anterior.

En relación ás restantes entidades ás que se refire o artigo 4.2 do regulamento, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando, individualmente consideradas, aproben, executen e liquiden os seus respectivos orzamentos ou aproben as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro.

Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade

O artigo 16 do precitado Real Decreto, establece en canto ao orzamento inicial e, se é o caso, as súas modificacións, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponderá á Intervención local, nos mesmos termos previstos no apartado seguinte.

Nas restantes entidades locais, a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación.

Detallarase no informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

A Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece tres tipos de restricións á actuación das AAPP: non poderán alcanzar un saldo público deficitario en termos estruturais, o crecemento do gasto público deberá ser como máximo o do crecemento potencial nominal da economía e o cociente de débeda pública sobre PIB non poderá superar o 60 %.

Para dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LO 2/2012) e no RD 1463/2007, determináronse os obxectivos de estabilidade para as distintas Administracións Públicas, en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95), para o período 2015-2017, sendo o obxectivo para os Entes Locais o de obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro, é dicir, que o resultado do indicador de capacidade (+) e o de necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0 en cada anualidade do período.

En cumprimento do acordado na reunión do Consello de Ministros celebrada o día 27 de xuño de 2014, e conforme ao establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o Acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2015-2017 e o límite de gasto non financeiro do Orzamento do Estado para 2015.

OBXECTIVO	ANOS		
	2015	2016	2017
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) EELL	0,0%	0,0%	0,0%
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) CCAA	-0,70%	-0,30%	0,00%
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) AC	-2,90%	-2,20%	-1,10%
Débeda Pública para o Conxunto de Entidades Locais	3,90%	3,80%	3,60%
Débeda Pública para o Conxunto das CCAA	21,50%	21,30%	20,60%
Débeda Pública para AC	76,30%	76,40%	74,30%
Débeda Pública avaliada de xeito individual (endebedamento)	75%	75%	75%
Taxa de referencia (para o cálculo do gasto non financeiro)	1,30%	1,50%	1,70%

A primeira consecuencia é a necesidade de valoración do obxectivo de cumprimento da estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación do orzamento, e a segunda, é que o informe de valoración dese obxectivo lle corresponde ao Interventor Local.

A tal fin, elabórase o cálculo tendo en conta o Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda (Intervención Xeral da Administración do Estado), 1ª edición.

Unidade Institucional

Da información dispoñible nesta Intervención Xeral forman parte da “Unidade Institucional” ou grupo de consolidación Concello de Vigo:

- Entidade Local, entidade matriz.

- Instituto Municipal dos Deportes (IMD).
- Parque das Ciencias Vigo Zoo (VIGOZOO).
- Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).
- Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

Por conseguinte, todos os entes que conforman a “Unidade Institucional” ou grupo local Concello de Vigo, encádranse dentro da categoría que denominamos como “entes de non mercado”.

En consecuencia co precedente, procédese ao cálculo, tendo en conta que non procede a realización de ningún axuste. O devandito Manual, establece que a capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas non se verá afectada polos importes dos impostos cuxa recadación sexa incerta.

Os capítulos I, II e III rexistráranse tendo en conta o principio de caixa, é dicir, cando se recadan, polo tanto o axuste viría determinado pola diferenza entre o dereito recoñecido e o cobro, tanto de exercicio corrente como de pechados.

Neste caso non afecta, non procedería axuste na aprobación do orzamento senón na liquidación. A previsión entre a recadación de exercicio corrente e de pechados, sexa pola contía do inicialmente orzamentado, aínda que é previsto, tendo en conta as liquidacións feitas o o histórico, que as mesmas sexan superiores que as contías que figuran no orzamento.

Tendo en conta a recadación neta dos últimos anos do orzamento anual e engadindo sobre a mesma a recadación de pechados, o resultado sempre é maior cas previsións iniciais do orzamento que se aproba.

Tampouco procede axuste algún nas entregas a conta no Fondo Complementario e nos impostos cedidos pola Administración Xeral do Estado, xa que os ingresos previstos son, tendo en conta a información manexada, os oficialmente notificados polo Ministerio de Facenda, procederá o axuste se fose o caso na liquidación do orzamento do ano 2015.

De non producirse o ingreso do mes de decembro, faríase no seu caso o axuste, computando o ingreso dos primeiros días de xaneiro como de maior déficit, por corresponder cos datos da Contabilidade Nacional do ano anterior, e por contra, contabilizaríase o do mes de decembro que se ingrese no mes de xaneiro do ano seguinte, como de maior superávit, por estar contabilizado na Contabilidade Nacional.

Non hai axustes pola desviación que se puidese producir entre os gastos financeiros devengados e non vencidos, xa que as dotacións fixéronse tendo en conta os contratos vixentes, facéndose a liquidación por trimestres naturais. Os contratos asínanse tendo en conta a liquidación de xuros por trimestres naturais, coa excepción do primeiro trimestre na que se formaliza o contrato, que se liquidará polo prazo que medie entre a sinatura e os días que falta para rematar o trimestre natural, polo que en ningún caso hai xuros devengados e non vencidos, están todos vencidos e imputados ao orzamento en cada ano.

Non procede facer a análise da aplicación flexible do principio de estabilidade orzamentaria, xa que esta non está prevista para o período 2015-2017, onde se obriga a un equilibrio ou superávit.

En resumo, aos efectos do informe, tendo en conta que a fase na que se está avaliando o cumprimento do obxectivo de estabilidade é a correspondente á prórroga dos Orzamentos Xerais do Concello para o ano 2015, o obxectivo é o equilibrio, isto é, “déficit cero”, computado en termos de capacidade de financiamento de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

A información e datos que se van a reflectir, está estruturada por capítulos de gasto e ingresos, tanto para a entidade Local como para os seus Organismos Autónomos.

A mesma estrutura aplícase aos estados consolidados.

En canto aos axustes que se aplican aos estados consolidados, tamén se amosa un cadro cos mesmos, detallando en cada caso, a contía que afecta a cada Organismo

Autónomo e a Entidade Local.

Reflicítese nun cadro único, o superávit ou déficit se fose o caso, tanto para as operacións non financeiras como para as financeiras, a información da Entidade Local e para cada un dos Organismos Autónomos, así mesmo, tamén se amosa o resultado dos estados consolidados sen axustes de consolidación e por último, unha vez deducidos os axustes de consolidación, amósase o resultado dos estados consolidados cos axustes.

Tamén se incorpora un cadro resumo para a Entidade Local e os estados consolidados. Coa mesma información, se incorpora un cadro coa mesma estrutura para todos os organismos Autónomos.

Coa información e detalle que se recollen os datos neste informe, posibilita que se poida avaliar con obxectividade o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Entidade Matriz e estados consolidados

Empregos

Capítulo	Descrición	Empregos	
Operacións correntes			
		Entidade Local	Estados Consolidados
I	Gastos de persoal	58.907.159,24	67.152.626,72
II	Gastos correntes en bens e servizos	107.053.714,95	114.288.860,61
III	Gastos financeiros	1.063.719,00	1.063.749,00
IV	Transferencias correntes	39.253.678,62	26.036.072,56
V	Fondo de Continxencia	200.000,00	200.000,00
Total empregos por operacións Correntes non financeiras		206.478.271,81	208.741.308,89
Operacións de capital			
VI	Investimentos reais	4.046.071,96	4.531.016,22
VII	Transferencias de capital	965.056,26	546.133,42
Total empregos por operacións de capital non financeiras		5.011.128,22	5.077.149,64
Total empregos por operacións non financeiras		211.489.400,03	213.818.458,53
VIII	Activos financeiros	601.000,00	671.040,48
IX	Pasivos financeiros	6.218.309,49	6.218.309,49
Total empregos por operacións de capital financeiras		6.819.309,49	6.889.349,97
Total Operacións de Capital		11.830.437,71	11.966.499,61
TOTAL XERAL GASTOS		218.308.709,52	220.707.808,50

Cadro de axustes para a obtención dos estados consolidados, a deducir

Organismo	Estado de Gastos	Estado de Ingresos
	Capítulos	Capítulos

	IV	VII	IV	VII
Entidade Local	13.257.406,06	418.922,84	1.681.230,51	
OA. X.M.U.	1.652.065,99		5.323.269,44	340.000,00
OA. IMD	29.164,52		5.564.128,62	60.000,00
OA. EMAO			1.225.826,36	18.922,84
OA. VIGO ZOO			1.144.181,64	
Total	14.938.636,57	418.922,84	14.938.636,57	418.922,84

Os axustes que afectan á Consolidación, correspóndense cos artigos 40, 41, 70 e 71 da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais

Recursos

Capítulo	Descrición	Recursos	
Operacións correntes			
		Entidade Local	Estados Consolidados
I	Impostos Directos	102.241.340,00	102.241.340,00
II	Impostos Indirectos	6.501.120,00	6.501.120,00
III	Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	35.251.477,40	39.221.547,86
IV	Transferencias correntes	71.116.818,09	69.495.611,58
V	Ingresos Patrimoniais	3.180.000,00	3.237.323,17
Total Recursos por operacións Correntes non financeiras		218.290.755,49	220.696.942,61
Operacións de capital			
VII	Transferencias de capital	,00	,00
Total Recursos por operacións de capital non financeiras		,00	,00
Total ingresos por operacións non financeiras		218.290.755,49	220.696.942,61
VIII	Activos financeiros	600.000,00	670.040,48
IX	Pasivos financeiros	,00	,00
Total Recursos por operacións de capital financeiras		600.000,00	670.040,48
Total Operacións de Capital		600.000,00	670.040,48
TOTAL XERAL INGRESOS		218.890.755,49	221.366.983,09

Resumo entidade matriz e estados consolidados

Recursos e empregos	Entidade	Consolidados
---------------------	----------	--------------

Recursos non financeiros	218.290.755,49	220.696.942,61
Empregos non financeiros	-211.489.400,03	-213.818.458,53
Capacidade de financiamento (+), Saldo non financeiro	6.801.355,46	6.878.484,08
Recursos financeiros	600.000,00	670.040,48
Empregos financeiros	-6.819.309,49	-6.889.349,97
Necesidade de financiamento (-), Saldo financeiro	-6.219.309,49	-6.219.309,49

(Σ Recadación capítulos I a VII - Σ de obrigas recoñecidas capítulos I a VII \geq 0).

Tanto a entidade matriz como os estados consolidados cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, xa que a diferenza entre os recursos non financeiros e os empregos non financeiros é positiva (capacidade de financiamento). En canto ás operacións financeiras, prodúcese unha amortización de pasivos financeiros maior ca concertación de pasivos que se fan no ano.

Organismos Autónomos Administrativos

Capítulo	IMD		Xerencia M. de Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos
Recursos e empregos non financeiros								
I	- 2.650.400,00		- 3.700.082,98		- 991.389,50		- 903.595,00	
II	- 5.220.881,16		- 1.201.363,98		- 244.448,88		- 568.451,64	
III		2.403.421,68		1.216.624,14	,00	,00	-30,00	350.024,64
IV	- 29.164,52	5.564.152,62	- 1.677.065,99	5.383.269,44	,00	1.225.826,36	-14.800,00	1.144.181,64
V		10.000,00	,00	16.870,79	,00	10.012,02	,00	20.440,36
VI	- 60.000,00	60.000,00	-378.251,42		-18.922,84		-27.770,00	
VII	,00			340.000,00	,00	18.922,84	,00	
Rec./ Emp.N.F	- 7.960.445,68	8.037.574,30	- 6.956.764,37	6.956.764,37	- 1.254.761,22	1.254.761,22	- 1.514.646,64	1.514.646,64
Capacidade (+)		77.128,62		,00		,00		,00

Necesidade (-)		,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00
Recursos e empregos financeiros								
VIII	- 24.040,48	24.040,48	-25.000,00	25.000,00	-12.000,00	12.000,00	-9.000,00	9.000,00
Rec./Emp.F	- 24.040,48	24.040,48	-25.000,00	25.000,00	-12.000,00	12.000,00	-9.000,00	9.000,00
Capacidade (+)	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00
Necesidade (-)	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00

Resumo Organismos Autónomos

Recursos e empregos N.F	IMD	XMU	EMAO	P.C.Vigo Zoo
Recursos non financeiros	8.037.574,30	6.956.764,37	1.254.761,22	1.514.646,64
Empregos non financeiros	-7.960.445,68	-6.956.764,37	-1.254.761,22	-1.514.646,64
Capacidade financiamento (+), Saldo non financeiro	77.128,62	,00	,00	,00
Recursos financeiros	24.040,48	25.000,00	12.000,00	9.000,00
Empregos financeiros	-24.040,48	-25.000,00	-12.000,00	-9.000,00
Necesidade de financiamento (-), Saldo financeiro	,00	,00	,00	,00

Os organismos que dependen da entidade local están en equilibrio.

Coa excepción do Instituto Municipal dos Deportes, os restantes Organismos Autónomos están en equilibrio, tanto no saldo non financeiro como no financeiro.

O Instituto Municipal dos Deportes, ten un superávit que ven determinado pola achega adicional que fai o Concello para facer fronte ao remanente de Tesourería negativo correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2012. Se consideramos que esa achega ven determinada pola obriga que impón o artigo 193 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de aí, que haxa que entender, que a totalidade dos Organismos Autónomos están en equilibrio.

Por último, e xa como un resumo da situación e do cumprimento do obxectivo de estabilidade, no cadro seguinte móstrase conxuntamente a entidade local e os seus organismo autónomos así como os estados consolidados. Todos os entes que conforman o sector público local, están en equilibrio ou en superávit.

Cadro resumo de capacidades e necesidades de financiamento

Organismo	Gastos		Ingresos		Capacidade	
	Cap. I-VII. GNF	Cap.VIII-IX GF	Cap. I-VII. INF	Cap.VIII-IX IF	INF-GNF	IF-GF
Entidade Local	211.489.400,03	6.819.309,49	218.290.755,49	600.000,00	6.801.355,46	- 6.219.309,49

OA. X.M.U.	6.956.764,37	25.000,00	6.956.764,37	25.000,00	,00	,00
OA. IMD	7.960.445,68	24.040,48	8.037.574,30	24.040,48	77.128,62	,00
OA. EMAO	1.254.761,22	12.000,00	1.254.761,22	12.000,00	,00	,00
OA. VIGO ZOO	1.514.646,64	9.000,00	1.514.646,64	9.000,00	,00	,00
E. Consolidados/s .axuste	229.176.017,94	6.889.349,97	236.054.502,02	670.040,48	6.878.484,08	- 6.219.309,49
Axustes de consolidación	-15.357.559,41	,00	-15.357.559,41	,00		
E. Consolidados/c .axuste	213.818.458,53	6.889.349,97	220.696.942,61	670.040,48	6.878.484,08	- 6.219.309,49

Dáse cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria. A entidade Local está en superávit, os estados consolidados están en superávit, o Instituto Municipal dos Deportes está en superávit, e os demais Organismos Autónomos, están en equilibrio

A vista dos datos que conforman o Orzamento prorrogado do ano 2015 da entidade matriz, os estados consolidados, os Organismos Autónomos Administrativos, e en resumo, a unidade institucional, dáse cumprimento aos requirimentos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOeSF) e do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, sendo o sumatorio dos capítulos I a VII do estado de ingresos igual ou superior que a suma dos capítulos I a VII do estado de gastos, polo tanto os orzamentos están en equilibrio ou en superávit, existindo capacidades (+) de financiamento.

Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno.

Sustentabilidade débeda financeira

Amortización ordinaria e extraordinaria de débeda financeira 2014-2016

Ide. Débeda	P.01/01/14	Nova operac.	A.ord/extr.2 014	P. 31/ 12/2014	A.ord/extr.2 015	P. 31/12/2015	Amt. Ord.2016	P.31/12/21 016
Pt. Caixagalicia 2005	3.018.780,51		- 1.509.390,25	1.509.390,26	- 1.509.390,26	,00	,00	,00
Ptmo. BCL2008	7.770.128,82		- 1.554.025,76	6.216.103,06	- 1.554.025,76	4.662.077,30	- 1.554.025,76	3.108.051,54
Pt. Caixanova 2009	3.632.661,77		- 605.443,63	3.027.218,14	- 605.443,63	2.421.774,51	- 605.443,63	1.816.330,88
Pt. BBVA 2010	15.703.378,69		- 4.486.679,62	11.216.699,07	- 1.869.449,85	9.347.249,22	- 1.869.449,85	7.477.799,37
Pt. BBVA 2013	8.831.560,08		- 8.831.560,08	,00	,00	,00	,00	,00

Operación 2014		6.800.000,00		6.800.000,00	6.800.000,00			
T. D. Financeira	38.956.509,87	6.800.000,00	16.987.099,34	28.769.410,53	12.338.309,50	16.431.101,03	4.028.919,24	12.402.181,79

Coeficientes de endebedamento

2013			2014			2015			2016		
Ingresos	Débeda	%	Ingresos	Débeda	%	Ingresos	Débeda	%	Ingresos	Débeda	%
233.771.104,74	38.956.509,84	16,66	234.939.959,50	28.769.410,53	12,24	237.289.359,10	16.431.101,03	6,92	238.475.805,90	12.402.181,79	5,02

Ratio Débeda Viva/Ingresos correntes liquidados

Estase a partir da liquidación do ano 2013, esta ratio, estará en función da liquidación de cada ano e si se producisen amortizacións extraordinarias, tamén se vería modificado.

Estase a cumprir a sustentabilidade financeira.

Sustentabilidade débeda comercial

Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011			
Trimestres	PMP/días	PMPP/Días	
Primeiro Trimestre	19,93	10,7	
Segundo Trimestre	15,63	9,31	
Terceiro Trimestre	12,04	7,8	
Cuarto Trimestre			

PMP , Real Decreto 635/2014				
Institución	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Entidade Local	-9,95	-12,64	-14,36	
EMAO	-9,37	-15,6	-22,95	
MARCO		33,91	9,47	
XMU	-17,97	-17,2	-15,15	
IMD	-15,42	-14,97	-11,97	
VIGOZOO	-15,67	-11,47	-11,18	
PMP GLOBAL	-10,14	-12,16	-13,88	

Dase cumprimento ao período medio de pagamento, con independencia de cal sexa a metodoloxía empregada.

Regra de gasto

En relación coa obriga de emitir o informe sobre o cumprimento da Regra de gasto coa aprobación do orzamento, neste caso a prórroga, o artigo 3.c) da Orde

HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información prevista na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que será unha obriga de remisión de información antes do 31/01 de cada ano, o informe da intervención de avaliación do cumprimento do *obxectivo de estabilidade e do límite da débeda*.

A diferenza é clara co previsto no mesmo artigo da Orde HAP/20105/2012, o informe da intervención de avaliación do cumprimento do *obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite da débeda*. Non é necesario emitir informe sobre o cumprimento da regra de gasto na tramitación do orzamento.

Detalle dos axustes

Administración	Concepto	Capítulos			
		II	III	IV	VII
Administración Central	Subvención Transporte Urbano			850.000,00	
	CZV, Cov. Pazo de Congresos				281.133,42
Administración Autónoma	Financiamento Plan Concertado	1.504.971,85			
	Financiamento P. Drogodependencia	550.000,00			
Outras Administracións	Transf. a MAIV e E.M.Bembrive			541.069,52	
Subtotal		2.054.971,85		1.391.069,52	281.133,42
Total					3.727.174,79

Gastos financeiros que se deducen na suma dos capítulos do I ao VII do estado de gastos.

Entidade local	Gastos financeiros previstos débeda	Contía
Subtotal	Préstamos concertados	1.051.719,00

Concepto	Liqui. 2013	TRCPIB 2014	Gasto sustentable	Límite liqui.2014	Est. Liqui. 2014	P. Prorrog. 2015	Límite Teito
Entidade	196.841.123,33	199.793.740,18	4.900.000,00	204.693.740,18	200.967.609,12	210.437.681,00	207.354.754,80
IMD	7.570.591,06	7.684.149,93		7.684.149,93	7.734.510,22	8.037.574,30	7.784.043,88
Vigo Zoo	1.393.647,24	1.414.551,95	,00	1.414.551,95	1.405.000,00	1.505.646,64	1.432.941,12
EMAO	1.173.456,04	1.191.057,88		1.191.057,88	1.136.320,39	1.319.261,22	1.206.541,63
XMU	5.342.769,83	5.422.911,38		5.422.911,38	5.360.651,62	6.956.764,37	5.493.409,23
Inxecucións		,00	,00	,00		,00	
Tranf. a OOAA						16.676.328,90	
Transfe. a entidade						-1.681.230,51	

Ax. F. Finalista						-3.727.174,79	
Total	212.321.587,50	215.506.411,32	4.900.000,00	220.406.411,32	216.604.091,35	206.172.193,33	223.271.690,66

$$\text{Variación} = ((\text{GCONF2015} / \text{L. prevista ONF2014}) - 1) \times 100 \leq 1,3\%$$

Na análise efectuada sobre o orzamento da Entidade Local, sobre os Organismos Autónomos Administrativos e sobre o grupo consolidado, a situación é a seguinte:

Cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, Superávit.

Hai Sustentabilidade da débeda financeira financeira.

Dáse cumprimento a Sustentabilidade da débeda comercial.

Hai cumprimento da Regra de gasto.

En consecuencia cos resultados, non sería necesario por en coñecemento da Consellería de Facenda o contido do devandito informe. No entanto, como ven sendo habitual, o informe elaborado, con independencia do seu signo, superávit, déficit ou equilibrio, ven sendo posto en coñecemento do Pleno da Corporación e da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Facenda da Xunta da Galicia, por corresponder á Comunidade Autónoma, conforme ao establecido no artigo 49.1 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a tutela financeira das entidades locais da comunidade, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o coñecemento polo Pleno da Corporación do presente informe.”

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 2 de febreiro, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: Do informe do Interventor, relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, temos que destacar que hai un cumprimento claro, total e absoluto do obxectivo de estabilidade orzamentaria, con superávit, hai substentabilidade da débeda financeira, dáse cumprimento á substentabilidade da débeda comercial, hai cumprimento da regra de gasto, tanto é así que en consecuencia cos resultados que o Interventor certifica, non sería necesario por en coñecemento da Consellería de Facenda o contido do devandito informe, sen embargo, como é habitual e como as contas do Concello de Vigo son as mellores contas do conxunto dos concellos de todo o Estado, e para nós un honor remitir este informe aínda que non o teríamos que

facen.

Nos últimos días temos lido en moitos xornais do arco do Estado español e tamén galegos a situación financeira na que se atopan un número moi importante de concellos do Estado, pero tamén de comunidades autónomas. Nestas informacións queda claro que a maioría dos concellos de España non cumpren coas súas contas, e no caso de Galicia é palmario o que acontece no Concello de A Coruña que está en quebra, todo o contrario do que acontece no Concello de Vigo, onde as nosas contas son extraordinarias, a tódolos niveis, imos camiño, a finais deste ano teremos débeda cero, mentres por exemplo a nosa comunidade autónoma ten unha alta débeda á que ten que facer fronte.

Que dicir de como pagamos a provedores, como cumprimos coas nosas obrigas, con todos aqueles que teñen contratos ou que teñen actuacións que este concello ten que facerlle fronte, pois somos o concello de España que ten o período medio de pago máis baixo. Hai uns días aparecían nos medios de comunicación os datos de como pagan os concellos as súas obrigas cos seus provedores, aparecía Alicante só por diante de Vigo. A día de hoxe, que no carto trimestre do 2014, temos rebaixado aínda máis o prazo do período medio de pago, Vigo colocárase no concello que fai fronte as súas obrigas nun período de pago menor.

Que dicir da execución do Orzamento do noso concello, tamén somos o concello que pode presumir de ter unha porcentaxe de execución do seu orzamento maior dos concellos non só de Galicia, que por suposto, somos os que temos os prazos de execución do Orzamento máis altos, senón do conxunto do Estado español. Ademais, tamén somos o concello que produto da súa boa xestión económica paga menos intereses ao sistema financeiro, tamén nese caso somos así, e o que é o máis importante para que serve isto, para que serve cumprir co teito de gasto, para que serve ter superávit nas contas, para que serve cumprir coas obrigas cos provedores? Pois está moi claro, para facer que as empresas, sobre todo as medianas e as pequenas, non teñan que estar pendentes das débedas que teñen as administracións, que moitas veces as levan a ter que pechar as portas, permite que sexamos o Concello que ten as maiores políticas sociais, por suposto, dos concellos de Galicia sen dúbida, pero tamén se se compara cos

concellos doutras cidades españolas, incluso daqueles que hoxe din situarse na esquerda poñen como exemplo, nós temos máis partidas para políticas sociais que Rivas Vaciamadrid que é gobernado por Esquerda Unida. Para que serve? Serve para que en Vigo podamos cos ingresos que recibimos facer fronte aos gastos de comedores sociais, para que ningún neno de Vigo estea en lista de espera nos comedores sociais, para que serve ter sustentabilidade financeira? Pois serve tamén para que poida haber unha partida de dous millóns de euros que se poida adicar a facer fronte aos problemas de aluguer que padece a xente, por certo ningún concello ten este programa para que ninguén teña problemas no que fai referencia á alimentación ou a problemas de pobreza enerxética, por certo tampouco ningún concello de España ten estes programas. Tamén serve para que a xente poida vivir con dignidade nas rúas nas que vive, e disto falarei noutra próxima intervención, porque moitos falan e critican isto pero logo cando aproban os seu orzamentos noutros concellos é o que poñen como exemplo a seguir.

Polo tanto, o informe do Interventor é claro, hai sustentabilidade financeira, superávit neste Concello e iso vai seguir permitindo que o Concello de Vigo sexa o modelo a seguir, tanto nas dación de contas como no que serve para facer fronte aos dereitos da xente.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós tamén nos fixamos que no informe do Interventor se dicía que non era obrigatorio enviar o informe á Consellería de Facenda e iamos suxerir que si o enviaran porque así a conselleira de Facenda vaise familiarizando coas contas deste concello. Está ben poder presumir ao rematar o ano de que se cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, o que pasa é que a interpretación que nós facemos difire bastante da interpretación que acaba de expoñer a persoa que falou en nome do goberno local, dende logo para nós este informe tal é como se interpreta por parte do Goberno Local é unha busca de slogans, emblemas de campaña electoral pero a realidade é que tendo unha estabilidade orzamentaria estupenda, un superávit marabilloso non temos orzamentos para 2015 nin están previstos e non se cumpren eses pactos polo ben da cidade porque vemos que segue habendo os organismos autónomos e

ademais agora curiosamente os organismos autónomos xa non teñen déficit senón que están en equilibrio ou mesmo teñen superávit, pero a realidade é que isto non serve para ter uns novos orzamentos en 2015 nin serve para o que a nos nos parece prioritario, ao Bloque Nacionalista Galego parécenos prioritario seguir traballando para mellorar a situación económica social da nosa cidade e atopámonos con que se inicia o ano e por exemplo, publícanse por fin as novas bases para as axudas de emerxencia municipal que nós solicitamos neste Pleno e non se nos deron, díxose que xa se farían públicas e o certo é que tivemos que agardar practicamente un mes porque a pesares de ser aprobadas en Xunta de Goberno Local en decembro, ata finais de xaneiro non se fixeron públicas. Agora que se fan públicas vemos para que serve esta estabilidade orzamentaria, vemos que serve para quitar unhas bases para acceder a axudas de emerxencia municipal moito máis restritivas que as anteriores, ademais de que non imos contar con máis recursos cando a partida orzamentaria do ano pasado se esgotara xa en xullo, houbo que facer diversas modificacións orzamentarias, este ano imos contar cos mesmos cartos para axudas de emerxencia que obviamente non son suficientes e polo tanto, o que facemos é restrinxir o acceso e endurecer as bases, vou poñer un exemplo con números, antes diferenciábase por categorías as contías máximas de ingreso por unidade familiar para acceder ás axudas, había unha contía separada por aluguer-hipoteca, outra por alimentación, outra por débedas de luz e de gas, outra por gastos de comunidade e agora xúntanse tódalas categorías. Para que se entenda, un exemplo, para unha familia de catro membros en 2014 tiña un máximo de ingresos de aluguer e hipoteca por 3.000 euros, de alimentación 2.100 euros, de débedas de luz e gas 800 euros, gastos de comunidade 1.000 euros, eran as axudas máximas que podía recibir, agora vai poder recibir 3.550 euros como máximo, para todo, esa é a realidade restrínxense e ademais establécense unha serie de trámites burocráticos que inclúen engadir a entrega de documentación que vai atrasar mías aínda a concesión das axudas de emerxencia porque quero lembrar que os Servizos Sociais desta cidade seguen no estado de colapso que o propio goberno recoñeceu, seguen absolutamente saturados e sobrepasados pola demanda. Para iso serve ter unha estabilidade orzamentaria, para non ter novos orzamentos,

para non aumentar as axudas sociais e seguir recortándoas porque quero lembrar que esa partida da que fala de dous millóns de euros, no ano anterior era 3.200.000 euros, gracias a unha emenda do Bloque Nacionalista Galego e vostedes reducírona en 1.200.000 euros e para iso serve, para seguir presumindo de slogans electorais que é o que toca de aquí a maio, desgraciadamente neste cidade o que toca de aquí a maio son lemas e slogans electorais. Pero a realidade é que a estabilidade orzamentaria neste concello tampouco serve para mellorar a vida das persoas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Revisamos o informe do Interventor no que por lei dáse conta do cumprimento do obxectivo de estabilidade do Orzamento tal e como obrigan as reformas que o Partido Popular aprobou para mellorar o funcionamento das administracións, a Lei de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e cando analizamos o informe vemos como igual que ano pasado repítese a crua realidade, a igual que o ano pasado o que estamos analizando non é o que teríamos que estar a analizar, que é o Orzamento de 2015, o que estamos a analizar é a prórroga do Orzamento de 2014. Polo tanto, como imos falar en Vigo de estabilidade se quen goberna é o partido que perdeu as eleccións, como imos falar en Vigo de orzamento se o Alcalde está en minoría e non ten nin os votos suficientes nin a coraxe suficiente de presentar unhas contas para este ano, como imos a falar de estabilidade? É imposible falar de estabilidade así. Por iso agora, é tan importante e vólvese a comprobar a importancia e responsabilidade do Partido Popular á hora de aprobar unhas contas, as do 2014, que lle deron esa estabilidade da que estamos a falar á Vigo, deulla o Partido Popular, esa inestabilidade que lle da a Vigo os partidos da esquerda.

Por iso é moi grave que o Alcalde se comprometa con persoas e colectivos como se está comprometendo, con novos proxectos, cando o Alcalde sabe perfectamente que non dispón nin dos votos suficientes, nin dos fondos necesarios para cumprir con esas promesas, o Alcalde está enganando a eses veciños.

En 2014, e gracias á responsabilidade do Partido Popular, o partido que sempre

gañou as eleccións e que as volverá a gañar, a cidade, gracias ao Partido Popular, puido dispoñer cartos para manter os Servizos Sociais, por exemplo as becas de comedor ou o cheque social, gracias ao Partido Popular e a esa responsabilidade púidose desbloquear asuntos moi importantes como a Cidade da Xustiza, o Hospital, gracias ao Partido Popular impulsouse unha baixada de impostos que sempre se nos negou dende o Goberno municipal, tamén gracias a nós implantouse o pago fraccionado, para pagar máis comodamente os impostos, que por certo agora copian outros concellos como o de A Coruña, do cal o Alcalde é fillo predilecto. Gracias a esa estabilidade puidéronse poñer en marcha programas culturais como “Vigo por dentro”, educativos, quitar a concurso o aparcadoiro da Praza Portugal, etc. Evidentemente quedan temas pendentes, quedan pendentes temas como o cobro da auga por consumo real, como a implantación do transporte metropolitano, como a supresión de organismos autónomos, pero son cuestións que as seguiremos propoñendo sempre, e será única e exclusivamente a responsabilidade do Alcalde e que os vigueses/as se poidan beneficiar, por exemplo desas axudas ao transporte e por exemplo de pagar a auga que consumen, non de pagar unha auga que non consumen, esa será a súa herdanza Sr. Caballero. Vigo necesita estabilidade, vostedes non a dan porque gobernan habendo perdido as eleccións.

Nótolles moi preocupados coa candidata do Partido Popular, voulle quitar unha foto porque o Alcalde parece que non a coñece, está aquí con vostede, chámase dona Elena Muñoz, é unha muller, moza, con experiencia e formación, gañará as eleccións porque é o cambio que esta cidade necesita, será alcaldesa a partires de maio porque despois de oito anos os vigueses están cansados, e sentarase aí Sr. Alcalde, nesa cadeira onde está vostede sentado hoxe en día.

PRESIDENCIA: Meu testamento político nesta cidade será dentro de oito, doce anos seguindo de Alcalde.

SRA. SILVA REGO: Sr. Presidente o certo é que atendendo ao Regulamento hoxe está facéndose un debate que nada ten que ver co punto que estamos tratando, pero claro eu entendo pero como non van falar doutras cousas se o informe do

Interventor é extraordinario, e que non poden falar deste punto porque terían que dicir, Sra. Silva, Sr. Alcalde, señores do goberno, matrícula de honor nas contas do Concello, claro como iso non o poden dicir, falan doutras cousas e que ademais menten, saben do que menten? Eu xa non me vou andar polas ramas, xa non vou dicir parece que vostedes non din a verdade, non, menten, primeiro a persoa que interveu polo Bloque Nacionalista Galego, polo Goberno local intervén a Tenente de Alcalde deste Concello, concelleira de Urbanismo, Patrimonio Histórico, Patrimonio, Economía e Facenda, non intervén unha persoa, intervén a 1ª Tenente de Alcalde, polo Bloque Nacionalista Galego interveu unha persoas que falla á verdade porque cando fala das axudas de emerxencia non di que hai unha partida vixente de axudas de emerxencia aberta sen límite, Sra. Veloso, por certo, iso non pasaba cando vostedes levaban a Área de Benestar Social, que aí se que había listas de espera como tamén había nos comedores escolares. O concello de Pontevedra ten aprobado o Orzamento do 2015 o 7 de xaneiro do 2015, no 2010 adicábanlle ao gasto social o 5,4% do Orzamento, só o 5,4%, sabe canto no 2015? o 4,5%, baixaron case un punto en políticas sociais, pero de que ven vostede a falar aquí Sra. Veloso? Vostede podería falar aquí e podería estar avalada polo que vostede di se onde gobernan fixeran isto, pero é incomparable a política social que se fai neste concello e onde vostedes gobernan, non ten nada que ver.

Sr. Fidalgo, nada de slogans, son os datos, de feito vostede non fala do informe do Interventor porque é extraordinario, fala doutras cousas, a súa candidata que ven vostede aquí a facer hoxe campaña porque é certo non a coñece ninguén en Vigo e vostedes a teñen que dar a coñecer ensinando papeis e fotos, no caso do Alcalde que o coñece o 100% da cidadanía. Sabe a Sra. Elena Muñoz o que si que ten na súa mochila, é a campiona dos recortes, señores vigueses a Sra. Elena Muñoz é a campiona dos recortes en Galicia, é a que non adica orzamentos para esta cidade, esa é a Sra. Muñoz.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.3(4).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2014. EXPTE. 15001/541 (1040/1101).

ANTECEDENTES: Con data 28 de xaneiro de 2015, o Tesoureiro Municipal informa do que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

-Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

-Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

INFORME.-

I.- O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos).

II.- A estes efectos, o apartado 4º do artigo 216 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), modificado polas Leis 13/2014, de 14 de xullo, 11/2013, de 26 de julio, e Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, establece que:

“4. A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4, e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo de prazo para a remuneración de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación, sempre que non sexa manifestamente abusivo para o acredor no sentido do artigo 9 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a remuneración de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días dende a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobese a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento.”

Neste sentido, o artigo 222.4 da LCSP, relativo ó cumprimento dos contratos, dispón que:

“4. Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235, dentro do prazo de trinta días a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato, e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante. Non obstante, se a Administración Pública recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a devandita recepción, o prazo de trinta días contarase dende que o contratista presente a citada factura no rexistro correspondente. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.”

E, por fin, no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 235 da LCSP, en relación ó cumprimento do contrato de obras, establécese un prazo máximo de tres meses, contados a partir da recepción da obra, para que o órgano de contratación aprobe a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo de trinta días previsto no artigo

216.4.

III.- O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio

(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/GuíaMorosidad.pdf>), que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

A citada guía establece expresamente que deben incluírse no informe as facturas litixiosas e, no seu caso, os gastos sometidos a convalidación.

IV.- A *Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local* do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas emitíu o 15 de xaneiro de 2014 unha Nota relativa á aplicación da disposición transitoria 10ª da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, na que expón que para o cálculo do período medio de pagamento a provedores teranse en conta os seguintes criterios: *"Entenderase por número de días de pagamento no ratio incluído naquela Guía, os días transcorridos dende a data de inicio da obriga de pagamento, de acordo co previsto nos artigos 216.4, 222 e 235 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro ou no artigo 4 da Lei 3/2004, de 29 de decembro, segundo corresponda (con carácter xeral, nun prazo de 30 días dende a data do recoñecemento da obriga, que, á súa vez, deberá terse producido nun prazo máximo de 30 días dende a recepción da factura ou solicitude de pagamento equivalente), e a data de pagamento material.*

Entenderase por número de días pendentes de pagamento no ratio incluído naquela Guía, os días transcorridos dende a data de inicio da obriga de pagamento, de acordo co previsto na LCSP ou a lei 3/2004 segundo corresponda, ata o día 31 de decembro de 2013."

En definitiva, que terase en conta como número de días de pagamento para o

cálculo do período medio de pagamento a provedores, os días transcorridos dende o data do recoñecemento da obriga ata a data do pagamento efectivo ou material, seguindo as instrucións emanadas polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

V.- En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2014 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

-Número de pagos: 2.397
-Importe total: 30.078.682,07 euros

Fora do período legal de pago:

-Número de pagos: 29
-Importe total: 126.307,98 euros

Período medio de pago (PMP): 10,46 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data do recoñecemento da obriga correspondente.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 22,66 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pagadas fora de prazo excederon do prazo legal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

-Número de pagos: 0
-Importe total de intereses: 0,00 euros

c)Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

-Número de operaciones: 1.193
-Importe total: 23.278.624,48 euros

Fora do período legal de pago:

-Número de operaciones: 17
-Importe total: 51.784,47 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 1,13 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 14,91 días

O "Período medio do pendente de pagamento excedido" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

d)Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

-Número: 0
-Importe total: 0 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 0,00 días.

O "Período medio de operacións pendentes de recoñecemento" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión ordinaria do 2 de febreiro de 2015, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.-

PRESIDENCIA: Pasamos ao punto 3.3 onde a Sra. Rego pode seguir coa súa intervención tal e como ía porque dado como está sendo o regulamento e o cumprimento pode vostede arrancar exactamente onde parou afora, porque como son debates de totalidade tódolos que estamos a facer, xa advirto que non vou a cortar a ninguén fale do que fale en calquera punto, xa queda advertido. Polo tanto, queda aberto o proceso. Se vostedes, Sr. Fidalgo, fan un debate á totalidade, o goberno tamén. Polo tanto, a partires de agora queda aberto o debate a totalidade para todos, non só para o Partido Popular e non para os demais.

SRA. SILVA REGO: Neste punto unha vez máis, aínda que a oposición non lle guste nin vai recoñecer, que este Concello é o Concello de España que paga aos provedores en menor prazo e claro non é que o diga eu, é que o di o ministro do Partido Popular, tamén campión dos recortes en España, o Sr. Montoro.

Hai moi poucos días saía unha información en tódolos xornais do conxunto do Estado, no que se falaba dos concellos españois que mellor pagan e saían as grandes cidades, saía en primeiro lugar Alicante, en segundo lugar Vigo e tamén aparecía que Vigo pagaba 42,31 días antes que o resto das grandes cidades españolas, hoxe estamos aquí para dar conta do período medio de pago do carto trimestre de 2014. No primeiro trimestre pagábamos en 19,93 días, no segundo en 15,63, no terceiro en 12,04 e no carto trimestre en 10,46 días, vinte días por debaixo do que marca a Lei. Isto é o que acontece en Vigo porque se imos ver o que pasa no resto de Galicia poderíamos poñer como exemplo A Coruña que paga en 29 días, 19 días tarda mais en pagar aos provedores que o que paga o Concello de Vigo. Isto é boa xestión, isto é cumprir a lei, espero que vostedes estean orgullosos de que este concello pague en 10,46 días, porque isto evita que moitas pequenas e medianas empresas poidan ter liquidez polo tanto non teñan que pechar as portas e poidan manter o emprego. Pero como a veda está aberta e parece que xa entramos en eleccións, dicirlle que isto non pasa na Xunta de Galicia, a conselleira de Facenda, esa que o Partido Popular neste Pleno vai ensinar as fotos para que a coñezan os vigueses, xa que non a coñece ninguén, non paga como pagamos en Vigo a provedores, é mais, supera o

período medio de pago que marca a lei, pero ademais ten unha débeda que é das máis altas do conxunto das comunidades autónomas, a responsable é esa señora da que veñen a presumir.

Aquí falábase tamén de que o Alcalde está comprometéndose cos cidadáns, pois claro como non se vai a estar comprometendo, estase comprometendo porque este Alcalde cumpre sempre, e a xente sábena. Din, esta enganando, vostede engana aos veciños, aos veciños quen os enganou foi o Sr. Feijóo, lembran nas últimas autonómicas o que dixo? Dixo que ía acabar co paro en Galicia, é máis ata asinou papeis, somos a comunidade autónoma cos peores datos de emprego de España, somos a comunidade autónoma cos índices de produción industrial máis baixos de toda España, de feito no último informe é positivo para o conxunto de España e segue a ser negativo en Galicia. Iso é a boa xestión e como cumpre o Sr. Feijóo cos veciños, pois este Alcalde todo o que comprometeu todo o cumpriu, hai cousas que a un téñenlle que facer gracia porque eu estiven lendo as declaracións do Sr. Raimundo González, concelleiro de Facenda do Concello de Pontevedra, e dicía, destaco que este Orzamento que se aproba en xaneiro experimentou unha alta capacidade inversora, e dicía, para mellorar a accesibilidade, rehabilitación integral de rúas, para xardíns e zonas verdes, para alumeadado público, para rehabilitación de edificios, para mobiliario urbano, para parques infantís e dicía que este importante esforzo inversor é a mellor forma de dinamizar a economía e frear o desemprego, por certo, adícanlle tres veces menos que os investimentos que adica este Concello, xustamente para facer que en Vigo mellore a economía e mellore o emprego.

Logo ven aquí a concelleira, a persoa que fala en nome do Bloque Nacionalista Galego a dar leccións de que? Se o que fai o goberno do Concello de Pontevedra é copiar o que facemos nós porque somos un concello modelo.

SRA. VELOSO RÍOS: Dicía a Sra. Silva que a veda está aberta, e está aberta porque a abriu o Alcalde o cal é como mínimo sorprendente, nós case o cualificaríamos de vergoñento que o propio presidente deste Pleno abra a veda para que no Pleno nos adiquemos a facer campaña electoral é como mínimo sorprendente, pero a nós parécenos vergoñento. Por certo, Sr. Fidalgo, non faga

moitos esforzos porque xa lle está facendo a campaña ao Partido Socialista a súa candidata, xa lle está dando ao Partido Socialista os titulares, outra cousa que non deixa de ser sorprendente.

Nós insistimos en que quizais non lle vou dicir que non, quizais gañen vostedes o premio Nobel de economía, non lle digo que non, premios Nobel máis estraños se teñen dado, o Sr. Kissinger recibiu o premio Nobel da Paz, poden vostedes conseguir o premio Nobel de economía. Nós podemos estar satisfeitos de que as empresas poidan ter liquidez porque cobran moi rápido, como sigan así van cobrar antes de entregar as facturas. Pero a nós preocúpanos moito a liquidez das familias nesta cidade, e dende logo ogallá as axudas sociais, as de emerxencia ou simplemente unha cita cunha traballadora social se dese tan rápido como se pagan as facturas, ou ogallá os pagos que ten que facer en indemnizacións a cidadáns/ás neste concello se fixesen tan rápidos como se pagan as facturas ou ogallá se devolvesen as fianzas que teñen que entregar as entidades para desenvolver eventos neste cidade tan rápido como se pagan as facturas, ogallá pero a realidade non é esa. Por suposto que nos alegramos que os provedores deste concello cobren como teñen que cobrar, como cobran por outra banda cando traballan para persoas privadas por exemplo, porque eu cando contrato un servizo como persoa privada teño que pagar cando me dan a factura e está moi ben que a administración asuma esa obriga, pero hai leis que veñen do Partido Popular, do Goberno do Estado como a da Estabilidade orzamentaria, como o de pagos a provedores que realmente non están servindo para mellorar a situación da cidadanía que está pasando momentos moi difíciles e complicados que non teñen liquidez para poder ir ao “super” a comprar a comida, para pagar o aluguer e isto non se soluciona con estas leis. Estamos vendo perfectamente dende o Goberno do Estado, da Xunta de Galicia e tamén aquí neste Concello onde se están aplicando obedientemente estas leis e non se están facendo esforzos por mellorar situacións moito máis difíciles. Xa que fala vostede do Ministerio de Facenda e do posto que lle ofrece como mellor pagador, lembremos que o propio Ministerio de Facenda di que este concello ocupa o posto 2.945 no ranking municipal de protección social, así que tampouco será por isto polo que lle dean o premio Nobel.

Segan vostedes gabándose do traballo que fan, facendo campaña electoral neste Pleno e mentres as familias nesta cidade seguirán pasando dificultades e a vostede quizais lles importe máis os votos, iso é o que están demostrando, pero a nós seguiranos importando máis as persoas.

PRESIDENCIA: Sra. Veloso só por puntualizar, o que eu non vou tolerar é que vostede faga un debate á totalidade política cada vez que intervén e eu dicir lle ao Grupo Socialista que se ataña a cuestión, non, aquí todos iguais. Se vostede fai un debate á totalidade a política, prepárese para que lle contesten exactamente igual que vostede o propuxo, e polo tanto, dígolle aos tres grupos que se queren facer en cada punto un debate de totalidade política, farano os tres, non o farán o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, o Grupo Popular e o Grupo Socialista atenderase a cuestión, non, é igual para todos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar creo que é de xustiza felicitar e recoñecer o traballo do persoal municipal e en especial do departamento de Tesourería do concello porque sen lugar a dúbidas mellorouse porque se pasou de 126 días a 10,5 días en apenas dous anos é unha boa noticia e por iso hai que felicitalos. Quizais a vostedes hai dous anos cando quitaban peito igual que hoxe e cando Vigo era dos concellos que pagaba máis tarde de España serían merecedores do Goya ao mellor maquillaxe e peiteado, porque hai dous anos Vigo era dos Concellos que peor pagaba de España, agora isto cambiou.

Sería xusto tamén recoñecer e felicitar a herdanza, que nos felicitasen ao Partido Popular da herdanza que vostedes recibiron en 2007 cando baixamos a débeda de 108 millóns a 47 e tamén sería xusto felicitarnos porque o Partido Popular forzou e aprobou dúas amortizacións extraordinarias de débeda que baixou a débeda en 26 millóns e se o Partido Popular non houbese apoiado esas amortizacións extraordinarias, hoxe o Concello de Vigo estaría intervido.

Pero xa que a vostedes lle gustan tanto as comparacións e se trae o argumentario de que lle mandan de Ferraz sobre Rivas Vaciamadrid é bo que Vigo o comparemos; a semana pasada o día de San Blas estivemos en Bembrive, alí goberna o Partido Socialista de Vigo, do Sr. Abel Caballero e a Sra. Silva Rego,

en Bembrive a xestión económica é tan turbia, aquí a tres quilómetros, que xa está nos tribunais. As facturas rexistradas de 2013 están sen pagar, hai obras que están feitas e que non teñen nin expediente nin partida que a soporte, non se cumpre o plan económico financeiro que tiveron que facer polo incumprimento da estabilidade orzamentaria a causa dun déficit continuado de tres anos, os últimos tres anos en déficit, o Interventor de Bembrive do Partido Socialista de Vigo, da Sra. Silva e do Sr. Caballero, poñen reparos de maneira continuada á xestión do Alcalde, non se ten en conta a prelación de pagos, hai unha empresa que sempre cobra a primeira, unha empresa que por certo sempre leva traballando en Bembrive dende que chegaron vostedes, dende que governa o Partido Socialista do Sr. Caballero e Sra. Silva. Sempre con contratos, a esa empresa en Bembrive, que non chegan a céntimos aos 50.000 euros, factúralles 49.999,72, 49.999,31, sabe para que non poden superar os 50.000 euros? Para poder darlle a esa empresa a dedo as obras. Pregunten senón no xulgado nº 4 ou no nº 7 nas que hai demandas por prevaricación e por malversación, o Partido Socialista de Vigo, en Bembrive. Unha desas demandas é a propia fiscalía a que se querela contra o Alcalde pedáneo, por iso o Alcalde non se fai fotos co pedáneo de Bembrive. Por se isto lles parece pouco, Sr. Rodríguez Díaz porque vexo moi nervioso, hai outro asunto que a fiscalía enviou ao Tribunal de Contas de Madrid, por traballos pagados cun importe moi superior ao de mercado e incluso por traballos non feitos.

Todos estes feitos vímolos denunciando dende o Partido Popular en Bembrive, pero iso non é de estrañar porque Bembrive cópialles ao Partido Socialista de Vigo e ao Goberno de Vigo, lémbrolles os máis de catro millóns de euros que tiñan no caixón de facturas, lémbrolles que hai que dar explicacións sobre os máis de 80 millóns de euros que dende 2008 gástanse sen ningún control fiscal. Polo tanto Sra. Silva, un pouco máis de humildade, de traballo serio e menos argumentario que lle mandan de Ferraz.

SRA. SILVA REGO: Presidente, somos tan importantes que ata Ferraz fala de nós, pos si é verdade somos o concello modelo de España, vostedes si que teñen argumentarios tódolos días, por certo, podería ensinarlle algún ridículo que fai o

Partido Popular dende Génova e que reparte a tódolos militantes. Sabe o que non poden poñer de exemplo dende Génova? A Coruña que está en quebra. Por certo, o Partido Popular de vostede, do Sr. Figueroa, do Sr. Feijóo é o Partido Popular de A Coruña, ese é o modelo, a min avergóñame a súa intervención, sabe que pasa? Que o que digan vostedes trece da igual, porque xa lles dixo o voso partido, os que mandan dende Santiago de Compostela, que vostedes fixérono moi mal, que hai que cambiar todo o Partido Popular en Vigo porque fixérono moi mal, entón teñen que mandar a unha conselleira descoñecida, a dos recortes, a que traballa en contra da xente para que veña arranxar o que vostedes deixaron tan mal, e non o digo eu, dio o Sr. Feijóo o xefe do seu partido, paréceme vergoñento. Se vostede ten que dicir algo de Bembrive vaia a Bembrive e dígaos, Sr. Presidente do Pleno do Concello de Vigo, facémolo tan ben que non teñen nada que dicir, entón van falar de Bembrive, que os señores da corrupción en España, o Partido Popular, fale de corrupción hai que ter, perdoen con todo o cariño, cara dura, os señores da corrupción en España que falen de corrupción, hai que ter cara dura. Sr. Fidalgo eu non sei como o Sr. Figueroa lle permite a vostede facer esta intervención. Falan vostedes de facturas, cando nos chegamos hai oito anos a este goberno, cheo de facturas sen pagar da Sra. Porro, da alcaldesa do Partido Popular, a débeda deste concello estaba no 67%, hoxe en cero, as contas de Vigo son claras, palmarias, transparentes. Por certo, tamén se acaba de publicar e os veciños de Vigo sábeno, que somos o concello máis transparente de España, o máis transparente, saben quen son os menos transparentes? Os gobernos do Partido Popular, dino informes obxectivos.

É vergoñenta, a súa intervención é absolutamente vergoñenta, ven aquí a falar de Bembrive, faga o favor, por que non falamos da operación Z e de quen están implicados? É unha vergoña.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.4(5).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 10 DO PXOM DE VIGO, ÁMBITO DA APR A-4-09 CALVARIO 6, EN EXECUCIÓN DA SENTENZA Nº 135/2013 DO TSXG. EXPTE. 14373/411 (REXISTRO PLENO 1034/1101).

ANTECEDENTES: Con data 5 de decembro de 2014, a técnica de administración xeral co conforme do xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico informa:

"O vixente PXOM de Vigo delimitou o ámbito de planeamento remitido «APR -4-09 CALVARIO 6», situado entre as Rúas San Roque, Avenida Alcalde Gregorio Espino e Reiseñor, coa ordenación remitida á Modificación Puntual do PERI do Calvario, no Polígono nº 11, con aprobación definitiva do 12.09.2005 (existe un erro material na data que figura na ficha do PXOM), integramente asumido nel, a desenvolver urbanisticamente polo sistema de cooperación.

O día 07.10.2008, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o proxecto de reparcelación do Polígono 11 do dito PERI do Calvario e o día 22.06.2009 aprobou definitivamente o proxecto de urbanización.

En datas 12.04.2010 e 19.07.2010, a Xunta de Goberno Local aprobou a operación xurídica complementaria do devandito proxecto de reparcelación e a rectificación da dita operación xurídica complementaria, respectivamente.

O día 31.07.2012, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 2 de Vigo, ditou a sentenza nº. 222/12 nos autos dos P.O. 234/2009 e P.O. 395/2009 (acumulados), anulou os nomeados acordos da Xunta de Goberno Local de datas 07.10.2008, 22.06.2009, 12.04.2010 e 19.07.2010, por considerar que a categorización que correspondería ao inmovible sito no nº. 124 da rúa San Roque incluído no ámbito da «APR A-4-09 Calvario 6» é a de solo urbano consolidado e non a de solo urbano non consolidado consignada no PXOM. Así mesmo, acordou a comunicación da dita sentenza no momento en que adquirira firmeza, ao Rexistro da Propiedade nº. 2 de Vigo para a práctica dos asentos rexistrais que procederan.

Constan no expediente administrativo, diversas solicitudes de propietarios de terreos incluídos no polígono instando a cancelación rexistral do proxecto de reparcelación e manifestando a súa disconformidade coa categorización do solo das súas parcelas.

En data 21.02.2013, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sección 2ª, Sala do Contencioso-Administrativo) ditou sentenza nº. 135/2013 na cuestión de ilegalidade nº. 4873/2012 plantexada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 2 de Vigo, anulando parcialmente a Orde da CPTOPT de 16.05.2008, sobre aprobación definitiva e parcial do PXOM de Vigo no extremo relativo á indebida inclusión de parte do inmovible sito no nº. 124 da rúa San

Roque no ámbito de solo urbano non consolidado «APR A-4-09 Calvario 6», incorporada e asumida polo dito PXOM cuxa delimitación, necesariamente, vese afectada pola obrigada exclusión da nomeada parcela.

O día 23.10.2013, a Vicepresidenta da XMU resolveu *incoar a modificación puntual do PXOM/08 no ámbito da «APR A-4-09 Calvario 6» en cumprimento da sentenza do 21.02.2013 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e instar da Oficina de Planeamento e Xestión a elaboración da documentación técnica necesaria para a tramitación e aprobación da modificación puntual do PXOM/08 referida no apartado anterior.*

O 11.02.2014 o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental adoptou a decisión de non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual nº 10 do PXOM , facéndose pública esta Decisión na web da CMATI.

Dando cumprimento á Resolución do día 23.10.2013 da Vicepresidenta da XMU, os servizos técnicos da Oficina de Planeamento e Xestión elaboraron o “Modificación puntual nº 10 do PXOM de Vigo, no ámbito da APR A-4-09 CALVARIO 6, en execución da sentenza de 21.02.2013 do TSXG”, V1, en outubro de 2014.

O día 03.12.2014, o Xefe dos Servizos Centrais informa a respecto da dilixencia remitida á Intervención municipal e *en relación co documento “Informe de Sostibilidade Económica”, sen prexuízo de que as consideracións definitivas e relevantes poñeranse de manifesto no devandito informe de fiscalización, considérase axeitado para a tramitación desta modificación puntual do PXOM”.*

Con data 05.12.2014 os servizos técnico-xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión emitiron informe de legalidade e calidade técnica da ordenación proposta na referida modificación puntual.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

-Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)

-Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas

-Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)

-Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)

-Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de

xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)

-Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística

-Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental

-Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente

-Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia

-Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)

-Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)

-Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

-Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)

-Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)

-Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

II. Obxecto da modificación puntual n.º. 10 do PXOM no ámbito da «APR A-4-09 CALVARIO 6»

Esta modificación puntual fórmulase en cumprimento da sentenza n.º. 135/2013, ditada polo TSXG o día 21.02.2013 na cuestión de ilegalidade n.º. 4873/2012 plantexada polo XCA n.º. 2 de Vigo, que anulou parcialmente a Orde da CPTOPT de día 16.05.2008, sobre aprobación definitiva e parcial do PXOM de Vigo, no extremo relativo á indebida inclusión de parte do inmovible sito no n.º. 124 da rúa San Roque no ámbito de solo urbano non consolidado «APR A-4-09 Calvario 6», incorporada e asumida polo dito PXOM cuxa delimitación, necesariamente, vese afectada pola obrigada exclusión da nomeada parcela.

Xa que logo, a modificación puntual elaborada ten por obxecto recoñecer á parcela referida a categorización de solo consignada naquela sentenza (Solo Urbano Consolidado) e dotala da ordenación detallada que mellor responda ao interese xeral consideradas as súas condicións urbanísticas e as das súas inmediacións. Así mesmo, e atendidas as circunstancias concorrentes no caso de referencia, elaborouse un estudo individualizado de cada unha das parcelas incluídas no ámbito afectado, cuxa delimitación vese necesariamente afectada pola exclusión da dita parcela sita no nº. 124 da rúa San Roque, co fin de dotar a solución adoptada da maior seguridade xurídica para o futuro desenvolvemento urbanístico do polígono.

A alternativa de ordenación finalmente seleccionada comporta a delimitación dunha área de ordenación pormenorizada en solo urbano consolidado "AOP" que se propón incorporar ao PXOM, no seu anexo ao tomo III de normativa, co número 25 e coa denominación "AOP-25 REISEÑOR-SAN ROQUE", polas rúas ás que da fronte, e a delimitación dun ámbito de planeamento remitido coa ordenación detallada "AOD" en solo urbano non consolidado, que se incorporará ao anexo ao tomo I de Memoria Xustificativa do PXOM, coa denominación "AOD A-4-09 CALVARIO 6" como modificación da APR A-4-09 CALVARIO 6 que figurou na aprobación definitiva do PXOM/08.

A ordenación detallada proposta respecta basicamente a ordenación do Polígono 11 do Calvario, que xa era asumida polo PXOM, e asigna a categorización de solo urbano consolidado a aquelas parcelas que poden considerarse soares na zona de ordenanza 3 ou que poderían adquirir esta condición mediante pequenas obras complementarias. A parte do ámbito que permanece en solo urbano non consolidado, na APR A-4-09 CALVARIO 6 modificada, redúcese de 6.356 m² a 1.733 m² rebaixando substancialmente as cargas de urbanización, pero mantendo a súa viabilidade urbanística.

En consecuencia, a referida modificación puntual formúlase ao abeiro do previsto no art. 93.3 da LOUGA, limitándose a unha mera alteración de determinacións do planeamento urbanístico sen entidade suficiente para considerarse revisión do mesmo, dado que nin adopta novos criterios sobre a estrutura xeral e orgánica do territorio nin sobre a clasificación do solo (máis aló do arriba exposto), nin acolle, en definitiva, un novo modelo territorial.

Ademais, as razóns de interese público que concorren na presente modificación puntual derivan do propio artigo 118 da Constitución Española, ao dispor a obrigatoriedade do cumprimento das Sentenzas e demais resolucións firmes dos Xulgados e Tribunais, así como dos artigos 103.2, 104.1 e concordantes da LXCA que recollen directamente aquel mandato, toda vez que mediante a modificación puntual proposta acadarase a execución da nomeada STSXG nº. 135/2013. Así mesmo, en exercicio da potestade planificadora, realízase un debido e individualizado estudo do ámbito afectado fundamentado no respecto do principio de legalidade que debe presidir a actuación da Administración pública e co fin de dotar á futura ordenación e ao seu desenvolvemento urbanístico de maior seguridade xurídica, o que debe relacionarse co sinalado no informe de

calidade e legalidade emitido neste procedemento de modificación puntual, que deberá ser considerado polo órgano competente na decisión que adopte.

III. Tramitación procedimental.

De acordo co disposto no art. 93.4 da LOUGA, a modificación de calquera dos elementos do planeamento urbanístico suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación. No caso do plan xeral o procedemento de aprobación seguirá o previsto nos artigos 84 e 85 da LOUGA, obrando no expediente administrativo a Decisión de data 11.02.2014 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non someter a presente modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Así pois, con arranxo ao previsto no art. 85.2 da LOUGA, o Concello de Vigo procederá a súa aprobación inicial e o someterá, xunto todos os documentos integrantes do expediente administrativo, ao trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior circulación da provincia. Simultaneamente, e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos concellos limítrofes. Por expresa previsión do artigo 85.3 da LOUGA, non será necesaria a notificación individual da apertura do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos afectados.

Segundo consta nos informes emitidos no expediente, dadas as circunstancias concorrentes na presente modificación puntual, non será necesario recabar informes sectoriais durante este o trámite.

Rematado o trámite de información pública, corresponderá ao Pleno do Concello a aprobación provisional do contido desta modificación puntual coas modificacións que resultaran procedentes, de ser caso, e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao Conselleiro da CMATI como órgano autonómico competente para outorgar a súa aprobación definitiva (artigo 89 da LOUGA).

A Consellería, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental do proxecto de modificación puntual do PXOM e das actuacións administrativas realizadas e de apreciar a omisión ou defectuosa celebración dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación, requirirá a súa subsanación, fixando prazo ao efecto. Ata o cumprimento efectivo dese requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva nin procederá resolver sobre esta.

De acordo co artigo 85.10 da LOUGA, a modificación puntual se entenderá aprobada definitivamente se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que se comunicara a resolución que procedera, sempre que o expediente contivera os documentos e determinacións preceptivos.

IV. Suspensión de licenzas.

De conformidade co artigo 77.2 da LOUGA, *o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por sí só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas en aqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión, se ben, por aplicación do disposto no artigo 120.1 do RPU, poderán concederse aquelas licenzas que, baseadas no réxime vixente, respecten as determinacións do novo planeamento.*

O ámbito afectado abrangue toda a couzada comprendida entre a rúa San Roque, Gregorio Espino e Reiseñor, cos seguintes límites: Norte e Oeste, Rúa San Roque (entre os número 96 a 162 A); Sur, Rúa Reiseñor (entre os números. 1 e o 15 A) e Leste: Avenida de Gregorio Espino (entre os números 18 e 34); e se reflicte no plano de delimitación que figura na Memoria do documento.

Dita suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados dende dita aprobación e, en calquera caso, se extinguirá coa aprobación definitiva do planeamento.

V. Órgano competente.

É competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP). Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (artigos 54.1.b TRRL e 123.2 LRBRL). O acordo da aprobación inicial é un mero acto de trámite non susceptible de recurso administrativo, sen prexuízo do previsto no artigo 107 da LRXAP-PAC.

Por canto antecede, ...”

A seguir os asinantes formulan a proposta que se mantén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 16 de xaneiro de 2015, ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a “*Modificación Puntual nº 10 do PXOM de Vigo, no ámbito da APR A-4-09 CALVARIO 6, en execución da sentenza de 21.02.2013 do TSXG*” V.1, formulada polos servizos técnico-xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en outubro de 2014, en cumprimento da Resolución da Vicepresidenta da XMU de día 23.10.2013.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOGA e en dous dos periódicos de maior difusión da provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, se dará audiencia aos Concellos limítrofes.

TERCEIRO: Aos efectos do artigo 77.2 da LOUGA, determinar expresamente que o ámbito afectado pola suspensión de licenzas correspóndese coa couzada comprendida entre a rúa San Roque, Gregorio Espino e Reiseñor, cos seguintes límites: Norte e Oeste, Rúa San Roque (entre os número 96 a 162 A); Sur, Rúa Reiseñor (entre os números. 1 e o 15 A) e Leste: Avenida de Gregorio Espino (entre os números 18 e 34); e que se reflicte no plano de delimitación que figura na Memoria desta modificación puntual, se ben poderán concederse aquelas licenzas baseadas no réxime vixente que respecten as determinacións do novo planeamento, en atención ao disposto no artigo 120.1 do RPU.

CUARTO: Ordenar a publicación do presente acordo, así como da documentación técnica conformante da modificación puntual inicialmente aprobada, na web do Concello de Vigo.

QUINTO: Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.5(6).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 11 DO PXOM DE VIGO NO ÁMBITO DO PERI IV-01 SAN ROQUE EN EXECUCIÓN DAS SENTENZAS 788/2012 E 259/2013 DO TSXG. EXPTE. 14410/411 (REXISTRO PLENO 1033/1101).

ANTECEDENTES: Con data 15 de decembro de 2014, a técnica de administración xeral e o xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico informa:

“En data 29.07.2002, o Pleno do Concello aprobou definitivamente a modificación puntual do PXOU-93 no ámbito do PERI IV-01 San Roque A.

O día 28.07.2004, o Pleno do Concello aprobou definitivamente o PERI IV-01 San Roque A, cuxa modificación puntual foi definitivamente aprobada polo plenario o 26.07.2010 (versión V.1 formulada de oficio pola XMU e redactada polos servizos

técnicos da Oficina de Planeamento e Xestión con data de outubro de 2009).

O día 14.05.2007, a Xunta de Goberno Local, acordou, entre outros, aplicar á xestión do Polígono 2 do PERI IV-01 San Roque A, o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004) e aprobar a constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada na escritura pública outorgada o día 01.02.2007 perante o Notario do Ilustre. Colexio de Galicia, D. José Antonio Somoza Sánchez, ao nº. 327 do seu protocolo

O PXOM/08 aprobado definitiva e parcialmente por Orde da Conselleira da CPTOPT do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008) e mediante Orde Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 (DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009) de aprobación do documento de subsanación da Orde do 16.05.2008, recolleu as determinacións do citado PERI IV-01 San Roque para ser aplicadas no ámbito de Solo Urbano Consolidado da «API-68 San Roque» e de Solo Urbano Non Consolidado «APR A-4-07 San Roque».

O día 26.07.2012, o TSXG ditou a sentenza nº. 788/2012 no P.O.: 4439/2010 na que, estimado parcialmente o recurso contencioso-administrativo formulado por D. Amando Mosquera Meiriño, anulou en parte o acordo plenario do 26.07.2010, así como o PXOM/08 no relativo á clasificación da parcela nº. 97 da rúa Couto de San Honorato, sinalando que *“deberá considerarse como suelo urbano consolidado”* e mediante Auto do 11.04.2013 o Tribunal Supremo inadmitiuo recurso de casación anunciado polo Concello de Vigo.

O día 27.03.2013, o TSXG ditou sentenza nº. 259/2013 no P.O.: 4440/2010, estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D^a. Concepción Estévez Alejos, en relación co acordo do Pleno do Concello de Vigo de 26.07.2010, anulando as determinacións do dito acordo e do PXOM/08 relativas á clasificación da parcela nº. 95 da rúa Couto de San Honorato dispoñendo que o planeamento deberá clasificala como solo urbano consolidado.

En data 25.12.2013 a Vicepresidenta da XMU resolveu *incoar a modificación puntual nº. 11 do PXOM/08 no ámbito do PERI IV-01 San Roque (hoxe, APR A-4-07 San Roque e API-68 San Roque), como consecuencia da situación xerada polas sentenzas firmes do TSXG de datas 27.03.2013 (nº. 259/2013 do P.O.: 4440/2010) e día 26.07.2012 (nº.788/2012 do P.O.: 4439/2010) e instar da Oficina de Planeamento e Xestión a elaboración da documentación técnica necesaria para a tramitación e aprobación da modificación puntual do PXOM/08 referida no apartado primeiro desta Resolución.*

O 14.04.2014 o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental adoptou a decisión de non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual nº 11 do PXOM, facéndose pública esta Decisión na web da CMATI e no DOGA nº. 93, do 16.05.2014.

Dando cumprimento á Resolución do día 25.12.2013 da Vicepresidenta da XMU, os servizos técnicos da Oficina de Planeamento e Xestión elaboraron o

“Modificación puntual nº 11 do PXOM de Vigo, no ámbito do PERI IV-01 SAN ROQUE, en execución das sentenzas 259/2013 e 788/2012 do TSXG”, V.1., datada en novembro de 2014.

Con data 02.12.2014 os servizos técnico-xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión emitiron informe de legalidade e calidade técnica da ordenación proposta na referida modificación puntual.

O día 11.12.2014, o Xefe dos Servizos Centrais emitiu o seguinte informe: *“Vista a documentación remitida por ese departamento, en relación co documento “Informe de Sostibilidade Económica”, sen prexuízo de que as consideracións definitivas e relevantes poñeranse de manifesto on informe de fiscalización, que se emitirá unha vez realizada proposta de aprobación por órgano competente, considérase axeitado para a tramitación desta modificación puntual do PXOM”.*

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLR 2008)
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental
- Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente
- Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia
- Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de*

06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)

-Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

II. Obxecto da modificación puntual n.º. 11 do PXOM no ámbito do PERI IV-01 SAN ROQUE

Esta modificación puntual fórmulase en cumprimento da sentenza n.º. 259/2013 dictada polo TSXG o día 27.03.2013, que anulou o acordo plenario do 26.07.2010 e as determinacións deste acordo e as do PXOM/08 relativas á clasificación da parcela n.º. 95 da rúa Couto de San Honorato, dispoñendo que o planeamento urbanístico deberá clasificala como solo urbano consolidado e, da sentenza n.º. 788/2012 dictada polo TSXG o día 26.07.2012, que anulou en parte o acordo plenario do 26.07.2010, así como o PXOM/08 no relativo á clasificación da parcela n.º. 97 da rúa Couto de San Honorato, sinalando que *“deberá considerarse como suelo urbano consolidado”*.

A modificación puntual elaborada ten por obxecto recoñecer dende o planeamento urbanístico que as parcelas referidas nesas sentenzas xudiciais ostentan a categorización de solo consignada nelas (Solo Urbano Consolidado) e dotalas da ordenación detallada que mellor responda ao interese xeral, consideradas as súas condicións urbanísticas e as das súas inmediacións. Así mesmo, define a nova delimitación do polígono 2 do PERI IV-01 SAN ROQUE no que as ditas parcelas estaban incluídas segundo o PXOM, cos encaixes necesarios derivados da modificación operada, co máximo respecto pola ordenación urbanística aprobada.

A alternativa de ordenación finalmente seleccionada comporta, en todo o que non resulta alterado pola modificación puntual operada, o mantemento da ordenación detallada do PERI IV-01 SAN ROQUE aprobado definitivamente o 28.06.2004 (modificación puntual aprobada definitivamente o 26.07.2010). A nova delimitación levará, ademais, a abordar as decisións que correspondan a respecto da xestión urbanística iniciada no ámbito afectado.

En consecuencia, fórmulase ao abeiro do previsto no art. 93.3 da LOUGA e límitase á modificación de determinacións do planeamento urbanístico (categorización do solo, basicamente) sen entidade suficiente para considerarse revisión do mesmo, dado que nin se adoptan novos criterios sobre a estrutura xeral e orgánica do territorio nin sobre a clasificación do solo (máis aló do arriba exposto), nin acolle, en definitiva, un novo modelo territorial.

Ademais, as razóns de interese público que concorren na presente modificación puntual derivan do propio artigo 118 da Constitución Española, ao dispor a obrigatoriedade do cumprimento das Sentenzas e demais resolucións firmes dos Xulgados e Tribunais, así como dos artigos 103.2, 104.1 e concordantes da LXCA

que recollen directamente aquel mandato, toda vez que mediante a modificación puntual proposta acadarase a execución das nomeadas STSXG nº. 259/2013 e 788/2012. Así mesmo, defínese a nova delimitación do polígono afectado e realízanse os axustes necesarios derivados da modificación operada na categorización como solo urbano consolidado das ditas parcelas.

III. Tramitación procedimental.

De acordo co disposto no art. 93.4 da LOUGA, a modificación de calquera dos elementos do planeamento urbanístico suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación. No caso do plan xeral o procedemento de aprobación seguirá o previsto nos artigos 84 e 85 da LOUGA, obrando no expediente administrativo a Decisión de data 14.04.2014 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non someter a presente modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Así pois, con arreglo ao previsto no art. 85.2 da LOUGA, o Concello de Vigo procederá a súa aprobación inicial e o someterá, xunto todos os documentos integrantes do expediente administrativo, ao trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior circulación da provincia. Simultaneamente, e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos concellos limítrofes. Por expresa previsión do artigo 85.3 da LOUGA, non será necesaria a notificación individual da apertura do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos afectados.

Segundo consta nos informes emitidos no expediente, dadas as circunstancias concorrentes na presente modificación puntual, non será necesario recabar informes sectoriais durante este o trámite.

Rematado o trámite de información pública, corresponderá ao Pleno do Concello a aprobación provisional do contido desta modificación puntual coas modificacións que resultaran procedentes, de ser caso, e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao Conselleiro da CMATI como órgano autonómico competente para outorgar a súa aprobación definitiva (artigo 89 da LOUGA).

A Consellería, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental do proxecto de modificación puntual do PXOM e das actuacións administrativas realizadas e de apreciar a omisión ou defectuosa celebración dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación, requirirá a súa subsanación, fixando prazo ao efecto. Ata o cumprimento efectivo dese requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva nin procederá resolver sobre ésta.

De acordo co artigo 85.10 da LOUGA, a modificación puntual se entenderá aprobada definitivamente se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que se comunicara a resolución que procedera, sempre que o expediente contivera os documentos e determinacións preceptivos.

IV. Suspensión de licenzas.

De conformidade co artigo 77.2 da LOUGA, *o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por sí só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas en aqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión, se ben, por aplicación do disposto no artigo 120.1 do RPU, poderán concederse aquelas licenzas que, baseadas no réxime vixente, respecten as determinacións do novo planeamento.*

O ámbito afectado abrangue o comprendido entre os seguintes límites: Norte, Rúa Pizarro (entre os números 16 a 26) e Rúa Colombia (entre o 2 e o 22); Sur, Rúa Couto de San Honorato (entre os números 1 a 99, agás os números 11 a 13); Leste, Rúa Couto Piñeiro (entre o 10 e o 32) e Oeste, Rúa Vázquez Varela (entre o 45 e o 61, agás os números 49, 55 e 57).

Dita suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados dende dita aprobación e, en calquera caso, se extinguirá coa aprobación definitiva do planeamento.

V. Órgano competente.

É competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP). Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (artigos 54.1.b TRRL e 123.2 LRBRL). O acordo da aprobación inicial é un mero acto de trámite non susceptible de recurso administrativo, sen prexuízo do previsto no artigo 107 da LRXAP-PAC.

Por canto antecede, ...”

A seguir os asinantes formulan a proposta que se mantén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 16 de xaneiro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación

dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a *“Modificación Puntual nº 11 do PXOM de Vigo, no ámbito do PERI IV-01 SAN ROQUE, en execución das sentenzas 259/2013 e 788/2012 do TSXG” V.1*, formulada polos servizos técnico-xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en novembro de 2014, en cumprimento da Resolución da Vicepresidenta da XMU de día 25.12.2013.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOGA e en dous dos periódicos de maior difusión da provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, se dará audiencia aos Concellos limítrofes.

TERCEIRO: Aos efectos do artigo 77.2 da LOUGA, determinar expresamente que o ámbito afectado pola suspensión de licenzas correspóndese co comprendido entre os seguintes límites: Norte, Rúa Pizarro (entre os números 16 a 26) e Rúa Colombia (entre o 2 e o 22); Sur, Rúa Couto de San Honorato (entre os números 1 a 99, agás os números 11 a 13); Leste, Rúa Couto Piñeiro (entre o 10 e o 32) e Oeste, Rúa Vázquez Varela (entre o 45 e o 61, agás os números 49, 55 e 57; e que se reflicte no plano de delimitación que figura na Memoria desta modificación puntual, se ben poderán concederse aquelas licenzas baseadas no réxime vixente que respecten as determinacións do novo planeamento, en atención ao disposto no artigo 120.1 do RPU.

CUARTO: Ordenar a publicación do presente acordo, así como da documentación técnica conformante da modificación puntual inicialmente aprobada, na web do Concello de Vigo.

QUINTO: Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.6(7).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DO PXOM NA DELIMITACIÓN GRÁFICA DA DOTACIÓN EDUCATIVA EXISTENTE NIÑO JESÚS DE PRAGA. EXPTE. 14857/411 (REXISTRO PLENO 1036/1101).


ANTECEDENTES: O día 19 de xaneiro de 2015 a técnica de administración xeral co conforme do director de Desenvolvemento Urbanístico informa:

"O vixente PXOM/08 foi aprobado definitiva e parcialmente por Orde da Conselleira da CPTOPT do 16.05.2008 (DOG nº. 106, do 03.06.2008; BOP nº. 151, do 06.08.2008) e por Orde do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 de aprobación do documento de subsanación das observacións formuladas na Orde do 16.05.2008 (DOG nº. 144, do 24.07.2009; BOP nº. 175, do 10.09.2009).

O día 17.12.2014, a arquitecta municipal emitiu o seguinte informe:

"Á vista do escrito presentado o 31 de outubro de 2014 no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo (doc. 140132592), na que se solicita aclaración da situación urbanística do local comercial que forma parte da edificación situada na rúa Areal n.º 90, que se corresponde coa referencia catastral 3865005NG2736N, púidose comprobar o seguinte:

O vixente Plan xeral de ordenación municipal, con aprobación definitiva parcial por Orde da Consellería de Política Territorial de data 16 de maio de 2008, e aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde anterior pola Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas de 13 de xullo de 2009, clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado e cualificada como sistema local de equipamentos, nomeadamente dotacional educativo (clave E), e xa que logo, regulado pola ordenanza 13 de Áreas e edificacións dotacionais.




Fragmento dos planos de ordenación pormenorizada (Serie 2, follas 6M e 7M, V.6)

A dita ordenanza 13 do vixente PXOM ten como un dos seus obxectivos o “recoñecer e mante-la vinculación do uso dotacional a edificacións en parcelas do Solo Urbano” (art. 9.13.1 da normativa urbanística do PXOM).

O inmovible obxecto do expediente, correspóndese coa referencia catastral 3865005NG2736N, e trátase dunha edificación de planta baixa comercial, e seis plantas e baixo cuberta de uso residencial colectivo. Obtivo licenza o 29/6/1990 conforme ao PXOU88 (exp. 7010/421), licenza de reforma e ampliación de edificio consonte ao PXOU93 o 11/04/2002 (exp. 40030/421) e a licenza de primeira ocupación o 22/04/2004 (exp. 47809/421).

		CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES BIENES INMUEBLES DE NATURALEZA URBANA Municipio de VIGO Provincia de PONTEVEDRA	
REFERENCIA CATASTRAL DEL INMUEBLE 3865005NG2736N0001ES			
DATOS DEL INMUEBLE			
LOCALIZACIÓN: RU AREAL 90 Es:E Pl:00 Pl:01 36201 VIGO [PONTEVEDRA]			
AÑO DE CONSTRUCCIÓN: 2003		AÑO DE CONSTRUCCIÓN: 2003	
SUPERFICIE DE CONSTRUCCIÓN (m ²): 7.840000		SUPERFICIE DE CONSTRUCCIÓN (m ²): 116	
DATOS DE LA FINCA A LA QUE PERTENECE EL INMUEBLE			
SITUACIÓN: RU AREAL 90 VIGO [PONTEVEDRA]			
SUPERFICIE DE CONSTRUCCIÓN (m ²): 1.232		SUPERFICIE SUBSÓ (m ²): 168	
TIPO DE FINCA: [division horizontal]			
INFORMACIÓN GRÁFICA E: 1/500			
Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del 'Acceso a datos catastrales no protegidos' de la SEC.			
Martes, 9 de Diciembre de 2014			

Consulta catastral



Imaxe do Google Maps (maio de 2014)

Ao lado do inmueble de referencia, no n.º 92 da rúa Areal atópase un equipamento educativo, trátase do Colexio Niño Jesús de Praga, que conta coa referencia catastral 3865007NG2736N. Segundo datos catastrais, na actualidade ten unha superficie de parcela de 1.759 m² e unha superficie construída de 3.527 m².

CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES BIENES INMUEBLES DE NATURALEZA URBANA
Municipio de VIGO Provincia de PONTEVEDRA

INFORMACIÓN GRÁFICA E: 1/800

REFERENCIA CATASTRAL DEL INMUEBLE
3865007NG2736N00012S

DATOS DEL INMUEBLE

LOCALIZACIÓN:
RU AREAL 92 E:I E PI:00 PI:01
36201 VIGO [PONTEVEDRA]

USO LOCAL PRINCIPAL: Cultural AÑO CONSTRUCCIÓN: 1980

CODIFICANTE DE PARTICIPACIÓN: 85,000000 SUPERFICIE CONSTRUIDA (m²): 2.993

DATOS DE LA FINCA A LA QUE PERTENECE EL INMUEBLE

SEPARACIÓN:
RU AREAL 92
VIGO [PONTEVEDRA]

SUPERFICIE CONSTRUIDA (m²): 3.527 SUPERFICIE SOLIDA (m²): 1.759 TIPO DE FINCA: [division horizontal]

ELEMENTOS DE CONSTRUCCIÓN

Uso	Escalera	Planta	Puerta	Superficie m ²
ENSEÑANZA	E	00	01	159
ENSEÑANZA	Y	01	01	737
ENSEÑANZA	Y	02	01	656
ENSEÑANZA	Y	03	01	534
ENSEÑANZA	E	00	S1	918

Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del "Acceso a datos catastrales no protegidos" de la SEC.

Martes, 25 de Noviembre de 2014


523,650 Coordenadas U.T.M. Huso 29 ETRS89

----- Límite de Parcela
----- Límite de Construcción
----- Mobiliario y aceras
----- Límite zona verde
----- Histograma

Consulta catastral

Esta dotación urbanística xa se recollía como existente en planeamentos


anteriores, como o Plan Especial de Equipamento Escolar (aprobado inicialmente no ano 1980), que aínda que non foi aprobado definitivamente se recollía polo PXOU 93 como fonte informativa e vinculante no referente aos listados, localización e delimitación dos terreos de uso escolar aos que se refire (art. 3.4.8.e Condicións para as dotacións escolares existentes da normativa urbanística do PXOU 93).



Fragmento do plano de Plan especial de equipamento escolar


Ao outro lado do dito inmoble, no n.º 88 da mesma rúa Areal, atopamos outro edificio de uso residencial, que se corresponde coa referencia catastral 3865004NG2736N.

No documento de Avance do vixente PXOM incorpórase o Plano de Información dos sistemas locais e xerais existentes (plano n.º 1, folia 1.1, novembro 2004), baseado no inventario da dotacións existentes que se incorporou á fase de Diagnose do PXOM. Neste plano figura sinalado como equipamento educativo existente a parcela do colexio e mailas dúas parcelas adxacentes (os n.º 90 e 88 da rúa Areal), xa que logo, trátase dun erro na delimitación da dotación existente.




Fragmento do plano de Información dos sistemas locais e xerais existentes (plano n.º 1, folla 1.1)

O PXOM aprobouse inicialmente o 30 de decembro de 2004, e continúa no gráfico n.º 14 da memoria xustificativa e nos planos de ordenación a mesma delimitación errónea para o equipamento reflectida no plano de información anteriormente sinalado.



Fragmento do gráfico n.º 14 Sistemas locais existentes do anexo da Memoria xustificativa - Aprobación Inicial



Fragmento do plano de ordenación pormenorizada do solo urbano e de núcleo rural (Serie 2, folla 6-M) - Aprobación inicial

*Durante o período de información pública posterior á aprobación inicial, presentouse pola mercantil Sequeiros de Gestión S.A. unha **alegación** o 6 de abril de 2005 (doc. 50038875) identificada co **n.º 3903**, no que se puña de manifesto o erro na delimitación do equipamento educativo:*

“El predio situado en el número 88 de la calle Arenal, aparece calificado en los planos de ordenación pormenorizada del suelo urbano...como equipamiento educativo. Esta calificación resulta totalmente incongruente con la situación de facto, ya que en la parcela de levanta un edificio de tres alturas, destinado a uso comercial en planta baja y de vivienda en plantas piso. Sólo cabe pensar que se trata de un error material en la delineación del plano de ordenación -inducido probablemente por la proximidad del centro educativo- del que lo separa un edificio de reciente construcción, de siete plantas y ático, que asimismo se califica como equipamiento educativo y está también dedicado a uso comercial en planta baja y de vivienda en plantas de piso”.


Polo exposto se solicita que “se modifique la calificación de equipamiento educativo, otorgando a la finca en cuestión la que corresponde a la manzana en que se integra, o sea, edificación en manzana cerrada, regulada por la Ordenanza 3”.

En resposta a dita alegación n.º 3903, o equipo redactor do plan xeral recoñece o erro e informa o seguinte:

“É criterio do PXOM o completar e modificar o documento á vista das informacións presentadas polos interesados na fase de Exposición ó Público que ven de rematar. A vista da documentación aportada polos alegantes, é precisamente este o caso que nos compete. Estudiadas as características e situación dos devanditos predios, así como a delimitación do equipamento educativo, marcaranse nos planos da Serie 2 á inclusión destes na zona de ordenanza que lles corresponda”.


*Polo tanto a **proposta de resolución** á dita alegación foi **estimada**.*

Sen embargo, o documento do PXOM aprobado provisionalmente en decembro de 2005, que debía introducir os cambios necesarios para subsanar o erro advertido na dita alegación, corrixiu a delimitación do equipamento educativo nos planos de ordenación da Serie 2, excluindo soamente o inmovible da rúa Areal n.º 88, ao que se lle aplica agora a ordenanza 3 como ao resto da couzada; e deixa de novo a edificación de Areal n.º 90 cualificada como equipamento escolar.



Fragmento do plano de ordenación pormenorizada do solo urbano e de núcleo rural (Serie 2, folia 6-M) - 1º Aprobación provisional

Esta delimitación mantense no documento ata a súa aprobación definitiva, de este xeito se reflicte nos planos de ordenación pormenorizada correspondentes (folia 6M e 7M) e no gráfico n.º 14 Sistemas locais existentes que se incorpora como anexo á Memoria Xustificativa.



Fragmento do gráfico n.º 14 Sistemas locais existentes do anexo da Memoria xustificativa - Aprobación definitiva

A xuízo da técnica que subscribe, a exclusión dunha única parcela na delimitación do sistema local de equipamento educativo pode tratarse dun erro de grafía que non da resposta completamente á alegación estimada, xa que da lectura do informe á alegación do equipo redactor dedúcese que:

- se refire a ámbolos dous predios e non a unha única parcela
- que non é intención do PXOM ampliar o equipamento educativo existente (...)

O 18.12.2014, o Xefe de Desenvolvemento Urbanístico informou o seguinte: *“En relación ao expediente de referencia, á vista do informe da arquitecta municipal da oficina de planeamento e xestión de data 17.12.2014, relativa á información urbanística no PXOM da edificación situada na rúa Areal nº 90 e, consultado o expediente administrativo do PXOM, infórmase o seguinte:*

Na parcela con referencia catastral 3865005NG2736N, situada na Rúa Areal nº 90, prodúxose un erro material na grafía do PXOM na folla 6M da serie 2 de ordenación, mantendo dita parcela cuberta pola trama gráfica correspondente ao equipamento dotacional educativo, cando debeu retirarse dita trama como consecuencia da estimación da alegación nº 3903 recibida no período de información pública.

A dita alegación, que pon de manifesto este erro na representación gráfica, padecido xa na documentación da aprobación inicial do PXOM, no referente aos inmobles números 88 e 90 da Rúa Areal, non pertencentes ao equipamento educativo existente, foi estimada concluíntemente polo equipo redactor no seu informe no senso de que se debe corrixir a delimitación do equipamento educativo e incluír ambos predios na ordenanza de edificación que lles corresponda.

A ordenación que lle corresponde a toda a couzada e que aparece unha vez levantada a trama do equipamento, tanto para a parcela nº 88 (corrección efectuada na documentación V.4 do PXOM), como para a parcela nº 90 (corrección non efectuada) é a ordenaza 3 de edificación en couzada pechada.

Trátase, a xuízo do técnico informante, dun erro material na representación gráfica, non susceptible de dúbida nin necesidade de máis de interpretación nin de rectificación de máis documentos do PXOM que a folla 6-M da planimetría, que debe ser corrixida polo procedemento que corresponda”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

- I. Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e rehabilitación urbanas.
- II. R.D.Lex 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de solo.
- III. Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- IV. Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental.
- V. Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- VI. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- VII. R.D. 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de

Planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.

- VIII. R.D. 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.
- IX. PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).
- X. Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010).

II. Exame do erro material reflectido na cartografía do PXOM/08

O inmoble afectado polo erro material detectado correspóndese coa referencia catastral 3865005NG2736N e conta cunha edificación de seis plantas e baixo cuberta de uso residencial colectivo e planta baixa comercial e obtivo licenza de obra baixo a vixencia do PXOU/88 (exp. 7010/421), licenza de reforma e ampliación de edificio baixo a vixencia do PXOU-93 (exp. 40030/421) e licenza de primeira ocupación o día 22.04.2004 (exp. 47809/421). Dito inmoble é colindante cunha parcela destinada ao sistema local de equipamento educativo existente *Colexio Niño Jesús de Praga* (ref. catastral 3865007NG2736N0001ZS).

O inmoble de referencia, segundo sinala a arquitecta municipal no informe do día 17.12.2014, foi grafiado polo PXOM inicialmente aprobado o día 30.12.2004 (gráfico nº. 14 da súa Memoria Xustificativa e planos de ordenación e delimitación) dentro da delimitación do equipamento educativo do *Colexio Niño Jesús de Praga*, figurando así no plano de información dos sistemas locais e xerais existentes do Avance do PXOM (plano nº. 1, folla 1.1, novembro de 2004) que se baseaba no inventario de dotacións existentes incorporado á fase de diagnose. Desta forma, o dito inventario tería considerado erroneamente que o equipamento educativo existente incluía non só a parcela na que se ubica o dito Colexio senón que tamén as dúas parcelas colindantes con ésta sitas aos núm. 88 e 90 da rúa Areal.

Na alegación nº. 3903 presentada no Rexistro xeral da XMU o día 06.04.2005 pola entidade mercantil SEQUEIROS DE GESTIÓN, S.A. (doc. 50038875) durante o período de información pública do PXOM, púxose de manifesto a existencia do referido erro, que afectaba tanto ao inmoble sito no núm. 90 da rúa Areal, como ao núm.88 da rúa Areal, ambos edificadas con construcións destinadas principalmente a uso residencial. Esta situación foi comprobada polo equipo redactor, concluíndo no informe á alegación nº. 3903 que: *“É criterio do PXOM o completar e modificar o documento á vista das informacións presentadas polos interesados na fase de Exposición ó Público que ven de rematar. A vista da documentación aportada polos Alegantes, é precisamente este o caso que nos compete. Estudadas as características e situación dos devanditos predios, así como a delimitación do equipamento educativo, marcaranse nos planos da Serie 2 á inclusión destes na zona de ordenanza que lles corresponda. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN: ESTIMADA”*. O pleno do Concello de Vigo o 19.05.2006 estimou as

alegacións presentadas tras da aprobación inicial do novo PXOM no senso e polos motivos expostos que se recollían no Tomo I, Anexo III da súa versión final ("Informe Alegacións"), non estando a alegación referida entre as salvidades que figuran no devandito acordo.

O día 17.12.2014 a arquitecta municipal informou que o PXOM aprobado provisionalmente en decembro de 2005 corrixiu unicamente a situación urbanística (de equipamento educativo a Ordenanza 3) da parcela sita ao núm. 88 da rúa Areal, quedando a parcela sita no núm.90 cualificada erroneamente como equipamento educativo ata a súa aprobación definitiva.

O erro na delimitación gráfica da dotación local existente aprézase na folla 6-M dos planos da serie 2 (incorpórase ao expediente administrativo plano V.7 corrixido).

III. Procedemento para a corrección de erros materiais

Trátase de estudar se a corrección do erro observado require dalgún tipo de valoración de cara á determinación da clasificación e cualificación da parcela de referencia pretendida polo PXOM e non reflectida (por erro) na planimetría a fin de establecer o procedemento acaído para a súa rectificación. Neste senso, o día 18.12.2014 o Director de Desenvolvemento Urbanístico conclúe que o erro advertido correspóndese cun *erro material na representación gráfica, non susceptible de dúbida nin necesidade de máis de interpretación nin de rectificación de máis documentos do PXOM que a folla 6-M da planimetría*. A dita rectificación supón levantar sobre a parcela referida a trama de equipamento dotacional educativo erroneamente grafiada.

A corrección de erros da natureza exposta, disciplínase no artigo 105 da LRXAP-PAC, cuxo apartado 2 establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, de forma que poda corrixir ou rectificar, sen apremio temporal, os erros materiais apreciados nun acto administrativo. Trátase, con elo, de impedir que un simple erro desa natureza poda pervivir no tempo e producir efectos desorbitados, como os que se producirían de acudir aos trámites previstos para a revisión de actos administrativos.

A rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos ten como única finalidade a de eliminar incorreccións que resulten ostensibles, manifestas, indiscutibles e evidentes por sí mesmas, que poden ser advertidas polos propios datos que obran no expediente sen necesidade de interpretación das normas aplicables e que deben diferenciarse das rectificacións de maior trascendencia non autorizadas polo artigo 105.2 do LRXAP-PAC.

Sintetizando os requisitos que a xurisprudencia ven esixindo para apreciar a existencia de tales erros materiais, pódense extraer os seguintes da STS do 18.06.2001 (FX 8º):

1. Que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripción de documentos;
2. Que o erro se aprecie tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo no que se advirte;
3. Que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables;
4. Que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos;
5. Que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de calificación xurídica);
6. Que non padezca a subsistencia do acto administrativo, é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose uno novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador debe mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poda a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir unha auténtica revisión; e
7. Que se aplique restritivamente.

Enténdese, polo tanto, como un procedemento de aplicación restritiva que ten que limitarse a aqueles concretos supostos nos que o propio acto administrativo sexa revelador dunha equivocación manifesta e evidente por sí mesma, sen afectar á idéntica pervivencia do mesmo (SSTS do 20.07.1984, 27.02.1990 e 21.09.1998, entre outras moitas).

Neste senso, o informe da arquitecta municipal do día 17.12.2014 conclúe que:
*“(...) A xuízo da técnica que subscribe, a exclusión dunha única parcela na delimitación do sistema local de equipamento educativo pode tratarse dun erro de grafía que non da resposta completamente á alegación estimada, xa que da lectura do informe á alegación do equipo redactor dedúcese que:
-se refire a ámbolos dous predios e non a unha única parcela
-que non é intención do PXOM ampliar o equipamento educativo existente”.*

Polo demais, a competencia para a corrección dos erros detectados nos instrumentos de planeamento rexerese pola normativa contida nas normas reguladoras do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC), debendo terse en conta neste caso, tamén, o disposto nas NNUU do PXOM e realizarse as publicacións nos Diarios Oficiais que procedan.

IV. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello (art.123 da LRBRL e 1.0.11 das NNUU do PXOM/08), previa proposta do Consello da XMU (arts. 3 e 8 m) dos Estatutos da XMU).

Polo antecedente, ...”

A seguir os asinantes formulan a proposta que se mantén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 16 de xaneiro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar, nos termos sinalados no informe proposta *supra* transcrito, a corrección do erro material detectado na delimitación gráfica da dotación local existente localizado na folia 6 M da Serie 2 e que afecta ao inmovible con ref. catastral 3865005NG2736N que debера ser grafiado só coa Ordenanza 3, como reflicte o plano da V.7, Serie 2, folia 6Mr, escala 1/2000, que se xunta.

SEGUNDO: Remitir copia do presente acordo, xunto co expediente completo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) para que refrende a corrección do erro material detectado no sentido exposto, e proceder a súa posterior publicación nos Diarios Oficiais que proceda.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non houbo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(8).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE A RESTABLECER AS FUNCIÓNS DAS DÚAS PROFESIONAIS DA SECCIÓN DE ANÁLISES CLÍNICOS E DA SECCIÓN DE HEMATOLOXÍA DO CHUVI. EXPTE 933/1101

PRESIDENCIA: Queda retirada por petición dos proponentes.

5.2(9).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A GARANTIR O ACCESO ÁS NOVAS TERAPIAS AOS DOENTES DE HEPATITE C DE ACORDO CO CRITERIO DOS MÉDICOS ESPECIALISTAS E INSTAR Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE OS NOVOS FÁRMACOS SE DISPENSEN NAS FARMACIAS HOSPITALARIAS. EXPTE. 1041/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de febreiro de 2015, número 1041/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

"A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública calculándose, en cifras do Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado.

Até recentemente os medios de tratamento dispoñibles producían altas taxas de fracaso terapéutico, ademais de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves, dándose ademais numerosos casos de doentes que non podían someterse a elas por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade en Galicia hai unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadios de evolución da Hepatite C que non están sendo tratados, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación veuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi a aprobación do Sofosbuvir, un

antiviral de acción directa sobre o VHC, pola axencia europea do medicamento (EMA) a principios do ano 2014. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección General de Farmacia y Productos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a daquela Ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que os médicos o puidesen prescribir a aqueles doentes que o precisen, engadindo que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Precios de los Medicamentos, e que “en outubro podrán disponer los médicos de ese medicamento en toda España, para aplicarlo a los pacientes que lo necesiten”.

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados no caso de Galicia pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellería de Sanidade.

A día de hoxe sucédense as declaracións públicas dos hepatólogos a través da Asociación Española para el Estudio del Hígado reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes a aplicar no territorio do estado nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra parte, a inquietude e as queixas dos doentes de hepatite C, particularmente dos post-transplantados non negativizados e dos que se atopan en fase cirrótica (F4) van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non é contemplada dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican de para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos seus hepatólogos, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, son rexeitados ou non contestados.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno de España a garantir que o acceso ás novas terapias para os doentes de Hepatite C que o precisan se produza de acordo co criterio dos médicos especialistas que os atenden en cada caso, dispoñendo todos os recursos que sexan precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para el Estudio del Hígado, cifrados por esta nun mínimo de 30.000 para o ano en curso, na súa recente reunión co Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias

hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos seus médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición e sen máis requisito que esa prescrición facultativa.

3. Dirixirse a ambas administracións para comunicar o acordo deste Pleno municipal.

Con data 2 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Por responsabilidade ética e compromiso sanitario social, o grupo Socialista neste Pleno presenta esta moción que realmente provén da petición que formularon asociacións de pacientes neste sentido, pero que nós consideramos que debe permitir unha reformulación e para poñer en valor toda a súa petición.

Como vostedes saben a enfermidade hepática causada polo virus da Hepatite C constitúe un grave problema da saúde pública, calculándose en cifras do Ministerio de Sanidade e Igualdade que aproximadamente entre o 1,5% e o 5% da poboación está infestada por este virus.

Ata a recente aparición de novos tratamentos, o “interferón e a ribavirina” tiñan unha eficacia non superior ao 50% no tipo de hepatite C, que é o 1, que é o máis frecuente Galicia. Ademais en determinados pacientes esta eficacia é inferior, sobre todo en pacientes cirróticos ou con hepatopatías avanzadas, en contra partida á tolerancia desta combinación que produce unha alta taxa de efectos adversos e un abandono próximo ao 15% dos tratamentos.

O anteriormente comentado e a presenza de moitos pacientes de contraindicacións absolutas e relativas para o uso do “interferón”, provocaron que o número de persoas infectadas que reciben o tratamento non pase de entre o 7 e o 11% dos infectados, o que evidentemente fai improbable que se poida pensar na erradicación desta enfermidade ou na aparición de novas infeccións.

Como consecuencia, na actualidade en Galicia hai unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas en diferentes estadios da enfermidade

provocada por este virus, de feito estímase que ao redor dun 45% dos pacientes presenta unha enfermidade avanzada en España, estadio de fibrose F3, F4, que non están sendo tratados e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución ata o desenvolvemento dunha enfermidade hepática terminal que pode por en risco a vida do paciente ou obrigalo a someterse a transplantes. Esta situación viuse radicalmente alterada hai case un ano pola aprobación de novos fármacos, da Telaprevir, Boceprevir, Simeprevir, Sofosbuvir e Datatasvir e a próxima doutros como Ledipasvir, etc. que foron aprobados polas axencias reguladoras americanas e europeas, se ben a aprobación en España pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios producíronse sempre con considerable atraso en relación con outros países da Comunidade Europea, ademais as comunidades autónomas, comisións de farmacia e comités de tratamento, produciron novos atrasos na dispoñibilidade destes fármacos para médicos e pacientes, sen deixar de mencionar a elaboración de informes de posicionamento terapéutico ou o protocolo de posicionamento terapéutico do Consello Interterritorial da Saúde que foron engadindo novos atrasos, e por último o recente anuncio do Ministerio de Sanidade da declaración dunha nova comisión que se encargará da elaboración deste novo protocolo.

Dende que hai elaborado un protocolo de posicionamento terapéutico ou un documento de priorización que están sendo aplicados de forma moi restritiva no caso de Galicia, pola subcomisión para o tratamento de enfermidades hepáticas cuxa composición, desta comisión, permanece oculta á opinión pública, constituída na Consellería de Sanidade, restrinxe o uso de novos fármacos fundamentalmente nos réximes terapéuticos que asocian a varios deles sen “interferon” a unha minoría dos afectados.

A día de hoxe se suceden as declaracións públicas das sociedades científicas reclamando que os criterios para a dispensación dos novos fármacos sexan máis amplos ata abarcar un mínimo de 30.000 para o ano en curso. Por outra banda, a inquietude e as caixas dos pacientes de hepatite C, particularmente dos postransplantados, fan que realmente estes fármacos non cheguen a estes pacientes postransplantados ou con cirrose moi avanzadas.

Por este motivo o grupo Socialista de acordo coas indicacións e propostas

recibidas de asociacións de pacientes propoñen a este Pleno á aprobación, primeiro, que o Goberno de España aparece na proposta desta moción e engade unha última que é a Xerencia de Vigo potencie a unidade de patoloxía infecciosa neste complexo hospitalario para canalizar e facilitar o acceso de novos fármacos aos pacientes cando sexa necesario e prescritos por profesionais.

SRA. VELOSO RÍOS: Representantes do Bloque Nacionalista Galego estivemos reunidos o venres pasado con persoas da Plataforma de Enfermos de Hepatite C e algunhas persoas acompañánnos hoxe aquí neste Pleno e quero saúdalos e manifestar ademais o apoio absoluto do Bloque Nacionalista Galego tal e como lle manifestamos o venres pasado, as súas reclamacións e as súas demandas que son evidentemente de xustiza; é un punto de inflexión importante, vemos como os recortes chegan xa a impedir o acceso de persoas enfermas a un medicamento que está incluído dentro do catálogo de medicamentos da sanidade pública, pero que non chegan a recibilos polas numerosas trabas que se están poñendo por unha cuestión puramente de custes económicos, custes económicos por certo dos que tamén ten responsabilidade o Goberno que agora mesmo está impedindo o acceso a este medicamento, porque as negociacións que se desenvolven coas empresas farmacéuticas, logo teñen este tipo de consecuencias. Nós quixemos, porque nos consta e así nolo trasladaron, que este apoio do Pleno do Concello de Vigo ás persoas enfermas de hepatite C fose en forma de declaración institucional porque para as persoas enfermas é importante que haxa un acordo, non é unha cuestión de partidos senón que haxa un acordo, neste caso do Pleno do Concello, de apoio para poder exercer unha maior presión sobre os responsables políticos de modificar esta situación para permitirlles o acceso.

De todas maneiras, o Partido Socialista decidiu manter a moción presentada e nós imos votar a favor loxicamente porque ante todo mantemos o apoio ás persoas enfermas de hepatite C. Ademais das cuestións puramente médicas, técnicas, esta situación que está afectando ás persoas enfermas de hepatite C, ten unha cara humana que está representada en persoas con nomes e apelidos, con familias, que están atravesando unha situación realmente desesperante, son

persoas que teñen unha enfermidade, que están sendo atendidos na sanidade pública por médicos especialistas. Estes médicos dánlle un tratamento ou outro pero atópanse con que cando deciden un tratamento concreto ás veces non chega aos propios enfermos ou se demora moito, porque agora mesmo e como explicaba o Sr. Rodríguez Escudero, hai unha subcomisión que decide en forma case de tribunal sumario, quen recibe ese tratamento que o especialista considera que ten que recibir e que non se coñece, unha subcomisión formada por persoas sen nomes e apelidos para quen queira exercer o seu dereito de coñecer porque se decide non darlles o medicamento que lles pode salvar a vida, e ademais ten que seguir, todo esta solicitude do tratamento, ten que seguir unha serie de trámites burocráticos e administrativos que fan que no mellor dos casos o tratamento chegue á persoa enferma dous meses despois de que sexa prescrito polo seu médico especialista, no mellor dos casos, no peor dos casos, despois desta espera chega denegado o tratamento e mesmo se están dando situacións como xa denunciou a Plataforma de extravío de expedientes, como pasou por exemplo no CHUS que recoñecen que hai que mellorar os circuítos, que é así como lle chaman a todos estes pasos, estes trámites burocráticos e administrativos que non fan máis que aumentar a desesperación de persoas enfermas que saben que poderían ter un tratamento para a súa enfermidade, que forman parte dun sistema sanitario que debería darlles ese tratamento e porén ver como pasa o tempo sen recibir o tratamento e coa incerteza de que o vaian recibir nalgún momento. Estas son as consecuencias dos recortes nos servizos sanitarios, como outras que xa levamos vivido nos últimos anos de exclusión de persoas do sistema sanitario, ou de persoas que non reciben tratamentos, hai poucos días foi o día mundial do cancro e falouse dos tratamentos paliativos, como hai persoas que non están recibindo tratamentos paliativos, e estamos vendo como as persoas enfermas de hepatite C no noso país no poden acceder a un tratamento que supostamente debería estar dispoñible para aquelas persoas que o necesitaran.

Nós esperamos que realmente o goberno tome a decisión de rematar con esta situación tan desesperante e que as persoas enfermas de hepatite C poidan acceder aos seus tratamentos.

SRA. CENDÓN ALONSO: Dende o Grupo Popular por suposto que manifestamos tamén o noso apoio a tódolos afectados, tamén apoiamos a loita da Asociación de Enfermos de Hepatite C. Pero si esqueceuse de mencionar Sra. Veloso, que tamén se reuniron co Grupo Parlamentario do Partido Popular, nós tamén atendemos ás demandas deste colectivos e apoiamos as demandas destes colectivos. Relacionar isto cos recortes paréceme que é un pouco esaxerar, por unha razón, todos sabemos que nos países europeos do noso entorno non se están a financiar estes medicamentos, teño que lembrar que só catro países da Unión Europea están a financiar estes tratamentos, Reino Unido e Italia non teñen incluídos estes tratamentos no seu financiamento. Penso que España non o está a facer mal neste tema, España foi o único país que negociou un prezo axeitado para estes tratamentos, tíaño que facer a Unión Europea, unida e conseguir un prezo razoable, e fíxoo España soa e pasou o prezo do tratamento do “sofosbuvir” de 60.000 euros a 35.000 euros, aínda así paréceme excesivo. O ministerio ten uns criterios técnicos para a utilización destes medicamentos, nós dende logo polo que avogamos é que se cumpran estes criterios e que tódolos pacientes teñan acceso ao que lle corresponde segundo estes criterios. A nós cóstanos que se está a respectar o criterio técnico, non se está a utilizar autorizacións con criterios económicos, senón con técnicos e científicos. Efectivamente estableceuse unha comisión para redactar un Plan estratéxico, ningunha intención de atrasar ningún tratamento, de feito podo dicirlles que este fin de semana o secretario do ministerio o Sr. Rubén Moreno, anunciou nunha convención na que estivo que xa está elaborado o documento, non o fixo público por unha razón porque ten que presentarllo ás Comunidades Autónomas, as 17 comunidades autónomas deste país están de acordo cos criterios do ministerio e no Consello Interterritorial do mes de xaneiro así o ratificaron. Penso que non se están a facer mal as cousas, hai unha cousa que si se está facendo moi mal, e solidarízome coas declaracións do presidente da Organización Médico Colexial, a política de prezos dos laboratorios é unha crueldade, non podemos consentir que nin neste país, nin en Europa, nin en ningún lugar do mundo se establezan uns prezos para os medicamentos que raian na avaricia, a min paréceme unha

medida de auténtica crueldade, como pode ser que nuns países un medicamento custe 50 e 100 euros, e noutros 70.000 euros o mesmo medicamento? Que política é esta? Penso que os criterios sanitarios e de saúde pública teñen que estar por enriba de criterios económicos, hai que revisar o tema das patentes dunha vez por todas non se pode consentir.

Eu entendo que esta Comisión, insisto, funciona ben porque ademais vai a rebordar a evolución dos tratamentos, porque Sr. Rodríguez, vostede falaba duns tratamentos e esqueceuse de incluír un no que hai moitas expectativas, o día 1 aprobouse un novo antiviral que seguramente vai ter incluso mellores resultado que os que estamos a utilizar hoxe. Insisto o Partido Popular o que propón é que ningún paciente de hepatite C que cumpra os criterios establecidos polas comisións técnicas e de expertos quede sen o tratamento e coa axilidade que lle corresponde.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Creo que debo por ética e lealdade contestar ao que realmente acabo de escoitar aquí en boca da concelleira do Partido Popular, a Sra. Cendón. Efectivamente o que está pasando coa política de financiamento de certos fármacos é a expresión dos recortes, espida dos recortes nese como noutros aspectos que xa temos a fama a nivel europeo da OCDE que somos o país que máis recortou en Educación e Sanidade precisamente países que non consolidaran aínda o seu sistema de saúde e educativo, polo tanto, é moito maior o dano que se lle inflixiu por estes recortes, non por políticas de reforma senón por recortes puros e duros.

En segundo lugar, non se fixeron as cousas como di vostede bastante ben, se fixeron rematadamente mal, e voulle explicar por que, dende que se aprobou o primeiro antiviral en maio do ano pasado, pasaron moitos meses, case vai facer un ano e non houbo ningún criterio sólido consistente para realmente prover de fármacos á poboación existente, e voulle dicir cuns datos, a previsión que tiña o Ministerio de Sanidade para prover destes fármacos antivirales para a hepatite C, era de 1.200 millóns de euros, que cubrían as necesidades de menos de 5.000 pacientes, sabe vostede cantos pacientes segundo a sociedades científicas, como mínimo neste momento necesitan do fármaco xa agora mesmo? 30.000

pacientes, o 20% dos 150.000, e vostedes veñen cun plan que din que está ben feito para menos de 5.000 pacientes? Eu respecteille a vostede mentres falaba, respécteme vostede a min.

En terceiro lugar, vostede desautoriza ao propio responsable do Ministerio de Sanidade da carteira de servizos, o outro día, o día 26 dixo que se fixeran as cousas mal e que se houbera evitado cun plan estratéxico antes, polo tanto, estase recoñecendo que se fixo mal. Polo tanto, non é verdade o que di vostede da a á z, todo o que dixo vostede cae. Este é un proceso que é a expresión deses recortes sanitarios e da insensibilidade social e sanitaria con persoas realmente que nestes momentos sofren porque neste momento teñen por primeira vez na historia acceso á posibilidade do tratamento curativo.

PRESIDENCIA: Procedemos primeiro á votación da emenda que o propio Partido Socialista propón e a continuación votaremos ao conxunto.

Non é posible intervir, o Regulamento non permite intervencións e eu non podo vulnerar o Regulamento, eu lles propoño que pida unha intervención no seguinte Pleno e intervirán vostedes no seguinte Pleno. Eu non podo vulnerar o Regulamento, o Regulamento obríganos a todos e eu non lle podo dar a palabra a ninguén porque o Regulamento non mo permite, sería unha ilegalidade.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, relator da moción presenta a seguinte emenda de engádeda:

Propónse engadir ó parágrafo de acordos o seguinte texto:

.- Instar á Xerencia do EOXI de Vigo a potenciar a Unidade de Patoloxía Infecciosa do Complexo Hospitalario como referencia para a asistencia sanitaria desta patoloxía, na área de Vigo, co fin de facilitar o acceso ós novos tratamentos ós pacientes en canto sexan comercializados así como nas fases de ensaios clínicos ou usos compasivos.

.- Dirixirse ó Goberno do Estado e á Xunta de Galicia para comunicar o acordo deste Pleno Municipal.

A Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase aceptar a emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 29.01.2015 (Rex. Nº 1041/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, coa emenda de engádeda presentada polo mesmo concelleiro, co seguinte texto:

1.- Instar ao Goberno de España a garantir que o acceso ás novas terapias para

os doentes de Hepatite C que o precisan se produza de acordo co criterio dos médicos especialistas que os atenden en cada caso, dispoñendo todos os recursos que sexan precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para el Estudio del Hígado, cifrados por esta nun mínimo de 30.000 para o ano en curso, na súa recente reunión co Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales.

2.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos seus médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición e sen máis requisito que esa prescrición facultativa.

3.- Instar á Xerencia do EOXI de Vigo a potenciar a Unidade de Patoloxía Infecciosa do Complexo Hospitalario como referencia para a asistencia sanitaria desta patoloxía, na área de Vigo, co fin de facilitar o acceso ós novos tratamentos ós pacientes en canto sexan comercializados así como nas fases de ensaios clínicos ou usos compasivos.

4.- Dirixirse ó Goberno do Estado e á Xunta de Galicia para comunicar o acordo deste Pleno Municipal.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

6.1(10).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ATENDER AS NECESIDADES DA CIDADE DE VIGO, COMO O TÚNEL DE BEIRAMAR, AGRAVIADA SISTEMATICAMENTE CADA ANO NOS ORZAMENTOS. EXPTE. 1048/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 6 de

febreiro de 2015, número 1048/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

“En abril de 2010 o proxecto de ampliación do túnel de Beiramar que elaborou o anterior goberno da Xunta pasaba á historia e a Consellería de Medio iniciaba os contactos para redactar un novo documento. Agustín Hernández, responsable do departamento autonómico nese momento, mantén unha reunión coa presidenta da Autoridade Portuaria, Corina Porro, para examinar as propostas da institución, moi crítica co deseño anterior.

A formulación descartada e proposta polo Goberno bipartito pasaba por ampliar o túnel actual ata a rotonda da rúa Coruña, un tramo de 1,3 quilómetros de lonxitude, e incluía un aparcadoiro subterráneo, e a superficie ata os peiraos converteríase en peonil.

A Consellería, segundo manifestaron os seus voceiros, tamén mantería contactos co Concello para que achegue o seu punto de vista sobre as características que debe ter o túnel, o que de momento, non aconteceu.

Novamente volveu co tema en 2011 o conselleiro de Medio, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, e anunciou que o proxecto de ampliación do túnel de Beiramar, en Vigo, estaría redactado antes de que finalice 2011, e como data aproximada fixou o mes de outubro. Hernández, tras manter xunto coa presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo, Corina Porro, unha reunión coa federación de usuarios do porto e representantes da Cooperativa de Armadores de Pesca para ultimar algúns «flocos», recordou que as obras comezarán en 2012 e que durarán entre 20 e 24 meses. Estamos en 2015 e Vigo segue á espera de tan publicitado proxecto, porque nos presupostos da Xunta para 2015 volven abandonar e virar as costas á cidade de Vigo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

-Instamos á Xunta de Galicia atender as necesidades da cidade de Vigo, como o túnel de Beiramar agraviada sistematicamente cada ano nos Orzamentos, como o diñeiro destinado á Coruña para o túnel do Parrote, unha cara iniciativa de 1 quilómetro de longo, faraónica, para iates de recreo e cuxo custo supera os 50 millóns de euros.

DEBATE.-

PRESIDENCIA: Hai unha moción urxente, presentada polo grupo socialista sobre o túnel de Beiramar, considero que podemos facer o debate, votaremos a urxencia

despois se lle parece ao voceiros. Procedemos a exposición da moción urxente.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: En abril do ano 2010 o proxecto de ampliación do túnel de Beiramar que elaborou o Goberno presidido polo Sr. Emilio Pérez Touriño, pasaba á historia, a Consellería de Medio Ambiente iniciaba os contactos para redactar o novo documento, o conselleiro naquel momento, hoxe Alcalde de Santiago de Compostela, o Sr. Agustín Hernández, responsable do departamento autonómico nese momento, mantén unha reunión coa presidenta o Porto para examinar a proposta institucional, moi criticada por todo o sector, a fórmula descartaba a proposta do goberno do Sr. Touriño, pasaba por ampliar o túnel actual ata a rotonda da rúa Coruña, un tramo de 1,3 quilómetros de lonxitude que incluía un aparcadoiro subterráneo e a superficie quedaría para os peóns. A consellería, segundo manifestan os seus voceiros, tamén mantería contactos con este Concello, ata o día de hoxe e dende o ano 2010 ninguén se puxo en contacto co Concello de Vigo para falar deste tema, nunca aconteceron esta conversas.

Novamente no ano 2011 volveu o túnel á carteira do Consello de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas, o Sr. Hernández, e anunciou co proxecto de ampliación do túnel de Beiramar de Vigo estaría redactado antes de que finalizase o ano 2011, quizais por ser época electoral, pero ese proxecto seguiu nun caixón e ese proxecto seguiu sen encargarse e sen realizarse.

A Cooperativa de Armadores daba unha serie de argumentos e flecos que se tiñan que corrixir, no ano 2012 volvíamos falar deste proxecto e viamos como non aparecía reflectido nos orzamentos da Xunta de Galicia, vemos que a Xunta de Galicia, o Sr. Hernández, non aposta pola cidade de Vigo, vemos unha desidia con esta cidade. Anos despois, meses despois démonos conta por que o Sr. Hernández non quería a nosa cidade e non apostaba pola nosa cidade, viamos que non tiñamos orzamentos nos aeroportos cando outras cidades a tiñan, viamos como obras que se facían noutras cidades nin se proxectaban nin se fixaban na cidade de Vigo, viamos como o túnel do Parrote, unha iniciativa cara e desproporcionada dun quilómetro de longo, unha obra faraónica que para iso si o Sr. Hernández, a Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo, si tiña cartos, cun orzamento

para o túnel do Parrote dun conxunto de 50 millóns de euros.

Por iso, dende aquí, instamos á Xunta de Galicia a atender ás necesidades da cidade Vigo, instamos a atender ás necesidades en global, en sanidade, en aeroportos, en infraestrutura e como non lle instamos tamén dende aquí á Xunta de Galicia, do Partido Popular, do Sr. Feijóo, a atender ás necesidades na cidade de Vigo como é o túnel de Beiramar, que agravia sistematicamente, ano tras ano, nos orzamentos da Xunta de Galicia, cos cartos que designa a A Coruña faríamos sen ningunha dúbida e sen pega este túnel, porque somos a cidade máis importante de Galicia porque o noso Porto, o porto pesqueiro, é o máis importante de Europa, por iso cremos que unha é unha zona que temos que recuperar de forma urxente. Por iso queremos que o Partido Popular ten que aceptar esta emenda e non só iso, senón que se ten que comprometer a levar ao Parlamento de Galicia unha modificación orzamentaria para que neste ano comecen as obras deste túnel, de remodelación dunha zona tan importante da cidade como é esta que lles vimos a falar.

SR. VELOSO RÍOS: Pois si, a historia do túnel de Beiramar nesta cidade é así de triste como se relata, o Bloque Nacionalista Galego sempre mantivo a necesidade de ampliar o túnel de Beiramar, e ademais de acondicionar a superficie para recuperala para a cidade e así o manifestamos tanto no Concello como nas alegacións presentadas ao Plan Espacial do Porto e en múltiples ocasións así o demandamos. Da mesma maneira que tamén demandamos no seu momento e trouxemos a este Pleno, outro túnel que nos parece importante para esta cidade como é o túnel de Xulián Estévez, que tamén quedou parado e o convenio quedou sen validez porque de feito este Concello non cumpriu co primeiro paso que era adxudicar o estudo para a construción dese túnel e que foi á Mesa de Contratación pero non chegou a aprobarse, non se chegou a realizar, de tal maneira que perdemos tamén a oportunidade de facer o túnel de Xulián Estévez, e aí quedou mesmo despois de ter aprobada unha moción no Pleno deste Concello.

Así temos infraestruturas importantes para este cidade, no caso do túnel de Xulián Estévez cunha relevancia económica, social e mesmo académica

importante para comunicar a cidade do Mar, para comunicar a Etea, para quitar o tráfico pesado do barrio de Teis, que por desgracia chega a provocar accidentes como o que se viviu hai poucos días nesta cidade que puido ter consecuencias moi graves, e seguimos como estamos, sen túnel en Xulián Estévez, sen ampliación do túnel de Beiramar, sen a recuperación da superficie e desgraciadamente por cuestións fundamentalmente partidistas e electoralistas. Como pasa tamén e pasou no seu momento co túnel do Parrote en A Coruña, nesa mesma época na quedou aparcado o proxecto do túnel de Beiramar en 2010, tamén o do Parrote quedou aparcado, daquela paralizouse por parte da Xunta de Galicia pola aparición de restos arqueolóxicos e non se soubo máis porque daquela non gobernaba o Partido Popular en A Coruña, solucionouse esta situación cando gobernou o Partido Popular tamén no Concello de A Coruña. Pero ademais fíxose un cambio importante no proxecto, o proxecto que efectivamente converteuse nun proxecto faraónico e ademais non respecta en absoluto aqueles elementos culturais e históricos que o goberno da Xunta de Galicia dicía protexer en 2010, porque agora mesmo no que se vai converter é nun proxecto faraónico con usos fundamentalmente comerciais, eliminando o centro de interpretación que estaba previsto. Así o denunciou o Bloque Nacionalista Galego en A Coruña que se opuxo firmemente a este proxecto que se está desenvolvendo, porque dende logo non é un proxecto de intereses xeral, senón que é un proxecto electoral, basicamente electoral. Esta é a desgracia do noso país, de A Coruña, de Vigo, de A Coruña tamén porque se van gastar máis de 50 millóns nesa remodelación mentres o goberno de A Coruña pídelle á Xunta de Galicia cinco millóns para servizos sociais. Está na situación na que está e a desgracia desta cidade, tamén de A Coruña, e que os enfrontamentos constantes entre Partido Socialista e Partido Popular fan que as infraestruturas sexan necesarias ou non, que as necesidades de cada día sexan reais ou non, dependan basicamente de se estamos en campaña electoral ou non e de quen goberna en cada sitio. Chéganse en momentos próximos a campañas electorais a supostos pactos que todo van solucionar e que ao final non solucionan nada, pero que serven para conseguir fotos, titulares, noticias e slogans de campaña que é o que se quere. Nós, por suposto apoiamos a ampliación do túnel de Beiramar como fixemos

sempre, entón nós imos apoiar esta moción, pero o que si o que queremos manifestar é que esta cidade o que necesita é outra política, unha política moi diferente desta política “pataqueira” que están a desenvolver o Partido Popular e o Partido Socialista, acaban de dicilo claramente as persoas enfermas de hepatite C, non merecen esta política, non a merecen.

SR. FIGUEROA VILA: Sorpréndeme as declaracións da Sra. Veloso, que parece que vostedes non gobernaron nesta cidade, nin na Xunta de Galicia, nin de ningún lado. Sabe cal é o gran problema que ten Galicia foi o Bloque Nacionalista Galego, e o problema que ten Vigo foi o Bloque Nacionalista Galego que obstaculizou sempre aqueles proxectos importantes cando tiña que quitalos adiante, pero iso é unha cuestión que alá vostedes coa súa conciencia e co seu traballo.

Nós estamos a favor deste proxecto dende sempre, pero non dende sempre senón que estamos a favor de que se desenvolva toda a franxa litoral da cidade de Vigo que é importante, podemos empezar a falar dende Bouzas, todo o que é Orillamar, a do Porto e tamén por suposto o túnel de Xulián Estévez que aparece reflectido perfectamente no Plan Xeral e que non hai nada que dicir nin que apoiar a maiores porque xa está nun documento que é o Plan Xeral que loxicamente contempla os dous túneles, o de Beiramar e o de Xulián Estévez. Por que non se desenvolve o túnel de Xulián Estévez? Porque proximamente haberá que explicar como se fixo aquel convenio, quen asinou aquel convenio e as dificultades e a parte negativa que ten ese convenio para o propio Concello de Vigo. O túnel de Xulián Estévez non se desenvolve porque non se pode desenvolver Guixar porque a situación económica non o permite e porque ademais é totalmente inviable e haberá que modificalo e iso sabémolos todos co Plan Xeral terá que ser unha modificación a medio e longo prazo sen lugar a ningún tipo de dúbidas, porque se non sería totalmente imposible.

Pero tamén hai un inconveniente de non desenvolver toda esta parte, eu creo que houbo unha presidenta da Autoridade Portuaria valente que tomou unha decisión de abrir o Porto á cidade, pero dende o Concello de Vigo o propio Alcalde negouse rotundamente a que esas cuestións se levasen a cabo, que pasou? Que

todo ese tempo e esa paralización, como sempre nesta cidade, por iso nós intentamos apoiar os proxectos, como pasou co primeiro e segundo cinto, como pasou coa obra do Arenal, é dicir, ao final o único que nos convertinos é en producir atrancos e poñerlle pausa á roda e levar todo aos tribunais, e despois resulta que todo iso que leva aos tribunais, que se paraliza co cabo do tempo, volven a darnos a razón ao propio Concello porque agora co Plan de usos do Porto se poderá desenvolver todo iso que estivo paralizado durante seis anos, e pasou co peirao do Areal, dun proxecto, sufrín eu as consecuencias de ter que defendelo aquí permanentemente día a día, foi o peirao do Areal, total para que? Para que agora teñamos unha instalación que da cobertura ás necesidades que propón a propia cidade.

Nós, hai uns meses viu aquí tamén unha moción e nós presentamos unha emenda de adición que é a que imos presentar tamén porque nos preocupa tremendamente a situación que se poida dar en torno ao túnel de Beiramar, creo que sería conveniente falar coas empresas que están agora alí traballando para que esta situación se poida levar a cabo sen dificultades e que ademais se poida consensuar con eles e instar á Xunta de Galicia a que coordine esa operación para que tanto dende o Concello, dende o Porto como da propia Xunta de Galicia se poida facer un proxecto adecuado e coherente coas necesidades que teñen a Autoridade Portuaria e os usos portuarios que están agora mesmo alí.

Polo tanto, presentamos esa emenda de adición, que creo que se pode votar por parte de todos e nós dende logo se se vota esta emenda de adición votaríamos a favor loxicamente de construír o túnel de Beiramar con todos estes condicionantes que puxemos enriba da mesa, aquí fíxose unha gran proposta no seu día, o Plan Nubel que se enterrou e o enterrou o Partido Socialista e un presidente do Porto que se chama o Sr. Paz, para ben ou para mal. Polo tanto, aquilo foi unha cuestión política, un proxecto presentado única e exclusivamente para unhas eleccións municipais, con máis de 3.500.000 de gasto, e iso o que realmente a cidade non merece.

Por outra banda, eu creo que un dos proxectos estrela que loxicamente ten esta cidade non é so xa a conexión do Casco Vello que dende a Xunta de Galicia, que ademais eu fun o primeiro presidente dese Consorcio do Casco Vello, era a

conexión co Barrio do Cura, con Beiramar, co Auditorio e iso era loxicamente unha das prioridades que tiña esta cidade, conectar dende o centro ata o Auditorio, o que espero que algún alcalde algún día poida facer.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O primeiro Sra. Veloso, eu non consinto que compare ao Partido Socialista, ao Goberno desta Cidade, co Partido Popular, e sobre todo con relación coa hepatite C. Nós presentamos unha moción hoxe neste Pleno e vostedes sumáronse a ela, o compromiso en política social deste Alcalde, deste Goberno e do Partido Socialista non consinto que ninguén, pero menos alguén do Bloque Nacionalista Galego e sobre todo como falan os feitos coas políticas que vostedes están levando a cabo onde gobernan, como pode ser o caso de Pontevedra onde baixan ano tras ano a súa presenza na política social.

O Partido Popular falábanos dun plan de usos do Porto que non contempla este túnel, entón nós dicimos unha cousa que o Partido Popular que non veña aquí e faga demagogia, que onde goberna, onde actúa que execute e que traballe pola cidade.

Como vostede ben sabe, o que pasa é que eu creo que quere confundir hoxe á opinión pública, o Plan de usos non resolve nada, temos que facer un Plan de usos despois un Plan especial e despois unha modificación do Plan Xeral Urbanístico desta cidade, e se é verdade Sr. Figueroa, o Plan Nouvel o Partido Popular paralizouno, pero non se preocupe o reloxo segue contando, e máis pronto que tarde seguramente mañá ou pasado mañá gobernará outra vez o Partido Socialista no Porto de Vigo, teremos de presidente neste Concello e Alcalde ao Sr. Caballero e volverase a ver as obras no Porto, o Porto volverá a ter puxanza e volveremos a traballar e a rescatar ese Plan Nouvel que si Sr. Figueroa vostede verao, a súa familia verao porque é necesario para este Porto.

Ampliación do túnel de Beiramar, señores do Bloque Nacionalista Galego, eu a verdade é que lle dou as grazas por esa sensibilidade e por dicir que é necesario para a cidade porque o é.

Eu si que non podo entender unha cousa, o Bloque Nacionalista Galego na súa contestación á moción falouno máis do túnel de Parrote, de A Coruña que de Vigo, pero cada un fala do que sabe e dos sitios nos que está, por iso os señores

do Bloque Nacionalista Galego cando nos falaban de Teis e nos dicían que o accidente que houbo o outro día se solucionaría co túnel de Xulián Estévez, eu dígolles aos señores do Bloque Nacionalista Galego, non é certo é un tema completamente distinto e que o túnel de Xulián Estévez non o resolvería, si o imos resolver dende aquí, dende esta administración e dende este concello porque estamos investigando sobre o acontecido e imos tomar tódalas medidas que sexan necesarias para que ese accidente non se volva repetir. Tamén é verdade, igual que cremos que é necesario o túnel de Xulián Estévez tamén é necesario o túnel de Beiramar, por iso pedímoslle dende aquí á Xunta de Galicia que dinamicen dunha vez por todas o túnel de Beiramar por iso señores do Partido Popular non imos admitir unha moción que o que fará é dilatar máis os procesos.

PRESIDENCIA: Sometemos á votación a moción nos termos iniciais nos que está formulada.

SR. FIGUEROA VILA: É que non é unha moción, é unha emenda de adición que acabamos de aprobar hai un ano, é a mesma.

PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, xa tivo a súa quenda de intervención. O Regulamento di quen acepta e quen non acepta as emendas, o grupo socialista que propón unha moción dille que non acepta a súa emenda, e polo tanto, imos proceder a votar a moción e a ver quen apoia o túnel de Beiramar e quen non o apoia.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase incluír a moción na orde do día.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o

seguinte:

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 6.02.2015 (Rex. Nº 1048/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE RESOLUTIVA

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(11).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 18 de decembro e 4 de febreiro de 2015.

1.2(12).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 18 de decembro e 4 de febreiro de 2015.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(13).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A INICIAR O PROCESO PARA A MUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA. EXPTE. 1028/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de xaneiro de 2015, número 1028/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

“O desmantelamento do sistema sanitario público da Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego.

A día de hoxe a sanidade pública recibe menos orzamento, un recorte de máis do 12% desde o ano 2009, menos medios, presenta listaxes de espera disparadas... Todo isto implica menos saúde pública, confirma o traslado do gasto sanitario ás persoas doentes. O goberno galego recorta en infraestruturas e mantén a estratexia de privatización da sanidade pública. A Xunta entregou xa a empresas privadas -na súa maioría multinacionais, algunha vinculada a fondos financeiros e de fóra de Galiza unha parte considerábel dos servizos da rede do Sergas. Padecemos un recorte do 21% na atención primaria desde a chegada de Feijóo á Presidencia, a pesar de ser a porta de entrada na sanidade, con case 3.000 profesionais menos, desde a aplicación da taxa de reposición no ano 2010, sometidos/as a un recorte salarial do 30%. A esta redución hai que acrecentar o peche de case 400 camas, o abandono e deteriora das infraestruturas sanitarias e a non construción doutras comprometidas, como o Hospital do Salnés e 15 centros de saúde ao longo de todo o país que carecen de consignación orzamentaria da Xunta

Esta situación provoca a reacción da cidadanía a través de iniciativas nas institucións que presentan as forzas políticas, como o BNG, ou organizada na Plataforma SOS Sanidade Pública para deter a política de recortes e privatizacións que impulsa o actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas. Porque a sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade, por iso estamos todas e todos comprometidos na mellora deste servizo público, incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e para lograr a redución dos tempos de espera hospitalaria.

A Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, recolle no seu preámbulo e no texto articulado, a participación social co obxectivo de incorporar a visión e a percepción da sociedade no deseño e funcionamento nos proxectos asistenciais e na garantía de dereitos.

Así, no artigo 25 da lei, recóllese a participación territorial a través dos consellos de saúde de área, reflectindo a súa composición e competencias, integrados polos concellos comprendidos na área sanitaria correspondente, agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria, organizacións sindicais e empresariais máis representativas, cargos designados pola Xunta de Galiza e asociacións de pacientes.

Lamentablemente, a partir da entrada en vigor desta lei os consellos foron constituíndose nas áreas sanitarias, mais a negativa da Xunta de Galiza a convocalos provocou o seu esmorecemento ou a súa desaparición.

A actual situación de deterioro da sanidade pública obriga a necesaria revitalización dos consellos de saúde de área para facer posíbel a participación social que obrigue a Administración sanitaria e o goberno da Xunta de Galiza a escoitar as alternativas e suxestións da cidadanía galega para mellorar este servizo público esencial para os galegos e as galegas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Demandar da Xunta de Galiza a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área para cumprir coa participación social e territorial da cidadanía, tal como sinala a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, para que se escoiten as alternativas e achegas das galegos e dos galegos para mellorar este servizo público esencial.
2. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, titular da Consellaría de Sanidade e grupos parlamentares do Parlamento galego.

Con data 2 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Hai 25 anos un alcalde do Partido Socialista entregou a xestión do servizo de abastecemento e saneamento da cidade de Vigo a unha empresa privada multinacional. Esta entrega xa de por si filosoficamente é a entrega do control dun ben común e colectivo como é a auga, a unha empresa multinacional e ademais no medio dunha gran polémica cidadá. O Bloque Nacionalista Galego daquela opúxose con firmeza, denunciou non só un escuro proceso de concesión daquela, se non que ademais augurou que a privatización ía supoñer unha perda de control real sobre o servizo, e unha carga económica sobre os petos dos vigueses/as, que ían ter que pagar vía tarifa, é dicir, a través do recibo da auga investimentos en infraestruturas que estaban contemplados no Plan de saneamento integral de Vigo, que deberían ser asumidas pola administración, non por cada vigués/as que abre o billa na súa casa, falo do concello pero tamén da Xunta de Galicia e do Estado.

Ademais evidentemente era de prever que houbera un incremento nos custes de consumo que virían derivados dunha tarificación que beneficia fundamentalmente á concesionaria.

Esta situación leva denunciándose moitos anos e 25 anos despois poderíamos pensar que algo se tería aprendido como pasou noutros puntos do planeta, e que deberíamos tomar unha serie de decisións que é as que propoñemos hoxe ao Pleno deste concello que se tomen. Estamos a falar dun ben de primeira necesidade para a nosa vida e para a nosa saúde e de propiedade colectiva e pensamos que realmente a estas alturas é necesario tomar a decisión de recoller, retomar o control dun servizo básico como este.

Porén vemos que 25 anos despois o que pasou é que o goberno do Partido Socialista, unha vez máis, decidiu unilateralmente unha prorroga da concesión na Xunta Local de Goberno e como hai 25 anos furtou o debate necesario político e

social sobre o sistema de xestión do abastecemento e saneamento da cidade. A prórroga era en principio para facer fronte á compra dos terreos da EDAR, e tamén para facer fronte a unha serie de necesidades de renovación urxente de redes de abastecemento e saneamento no Casco Urbano de Vigo que están fundamentalmente detallados en distintos informes técnicos que están no expediente que constan no expediente de prórroga do contrato, incluídos a substitución de canalizacións de fibro-cemento, máis de 100 quilómetros na nosa cidade, ou a separación de rede de pluviais da de saneamento nalgúns puntos da cidade.

Pero o certo é que os cartos desa prórroga só serviron para asumir a compra de terreos da EDAR, e para asumir a desviación negativa da tarifa de 2010, pero o que se fixo co resto dos cartos foi investir en rúas, coa prórroga o goberno contou con 20 millóns de euros para acometer obras discrecionalmente, que en moitos casos non tiñan nada que ver coas necesidades do saneamento e do abastecemento de augas que estaban recollidas nos informes técnicos. E como se van pagar eses 20 millóns de euros? Vanse pagar nos próximos anos a través do canón municipal que tería que pagar a concesionaria que non vai pagar, ata 2019, a partires de 2016 a concesionaria non lle vai pagar o canón ao concello, e a corporación que veña despois das eleccións de maio non vai dispoñer do canón da concesionaria como ingreso, e a penas vanlle quedar cartos do Plan de investimento recollido na prórroga do contrato porque están practicamente todos consumidos en reurbanizacións, que este goberno chama humanizacións, que teñen obxectivos exclusivamente políticos e electorais.

Nós o que pedimos é que se inicie o proceso de remunicipalización, que se cree unha comisión municipal de seguimento do proceso formada por tódolos grupos municipais, que se cre unha comisión técnica mixta formada por técnicos dos distintos servizos implicados para estudar o complexo proceso de remunicipalización, que se estuden os diferentes modelos de xestión posible, unha auditoría técnica sobre o estado de infraestruturas que os veciños/as xa nos din que non están ben, non hai máis que ir por Teis ou por Coia, un estado actual do cadro de persoal para poder subrogar ao persoal, e un control dos investimentos, porque non podemos seguir pagando un servizo ineficiente en

cada factura, e este ano vemos que a factura mantense exactamente igual que estaba a pesares dos compromisos deste Goberno.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Cando falamos da auga eu lle preguntaría ao Bloque Nacionalista Galego por que cando gobernou na cidade non municipalizou a auga? Tamén lle preguntaría ao BNG por que nas cidades onde goberna, como é o caso de Pontevedra, o teñen externalizado? Pero tamén lle preguntaría porque cando fala dos prezos da auga, de que prezos me fala, ela que nos da leccións do que hai en A Coruña, que a verdade que eu creo que si é un referente, unha cidade un pouco máis pequena que Vigo, pero é unha cidade referente en España, por que en A Coruña pagan un 7% máis no recibo da auga que en Vigo? E por que en Pontevedra, cidade onde goberno o Bloque Nacionalista Galego, pagan un 26% máis que en Vigo? Si, repítolle Sra. Veloso, en Pontevedra onde estes días presentaron un plan de humanizacións que imaxino que será electoralista porque nós o facemos para as veciñas/os pero en Pontevedra o Sr. Lores, seguro que o fai de forma electoralista, por que en Pontevedra pagan as veciñas/os un 26% máis no prezo da auga? Eu poderíalle contestar moitas cousas pero a tarifa da auga en Vigo, non así en Pontevedra, como cando gobernaban vostedes non ano 2012, 2013, 2014 e no ano 2015 en Vigo conxelouse o prezo da auga, en Pontevedra non, cando gobernaron vostedes non.

O IVE que tamén ben na factura da auga incrementouse o 25%, o incrementou os gobernos do Partido Popular, pero o canón da Xunta de Galicia onde goberna o Partido Popular e a través dunha orde da Xunta de Galicia gobernada polo Sr. Feijóo, tivo un incremento, o canón, nun 40,03%, Vigo conxelou o prezo da auga que depende de Vigo, o prezo que depende do Goberno de España subiu un 25%, Partido Popular, e o prezo que depende do Partido Popular da Xunta de Galicia subiu un 40%, no período 2012-2015 a taxa municipal da auga subiu 0%, o IVE subiu o 25% e o canón da Xunta de Galicia subiu un 40%. Incremento total da factura polo IVE e polo canón da Xunta de Galicia nun 8,04%, esta é a realidade, pero claro cando vostedes din que a prorroga só serviu para humanizar rúas, nós témolo claro dende o Goberno, para nós toda a cidade é igual.

Pero creo, Sra. Veloso, cando me dicía Coia, vostede sabe onde queda Coia non?

Se colle o coche, vaise de aquí a Samil, pasa a Avenida de Castelao e Avenida de Castelao cruza Coia, entón aí poderíamos dicir que o 70% da infraestrutura hidráulica dese barrio que estaba desatendido cando gobernou o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular, este Concello, esta Alcaldía presidida polo Sr. Caballero atendeuno, estes días estamos acabando a reforma da rúa Moaña, a humanización, unha obra que estamos a facer, a remodelación de toda a infraestrutura hidráulica, non había pluviais, puxemos novos pluviais, unha rede de abastecemento nova, un saneamento novo, e si, Sra. Veloso, como non, fixemos unhas novas beirarrúas e un novo acceso a este barrio, porque ten que ser así. Para o seu coñecemento o Goberno do Sr. Caballero nos próximos catro anos, porque vai gañar as eleccións, ten na prórroga de Aqualia, ten no plan de investimentos máis de 1 millón de euros por ano, porque si, nós non facemos como cando chegamos a este Concello que o Plan de investimentos de Aqualia estaba en cero, repítolle Sra. Veloso, cando chegamos a este Concello e vostedes compartiron o primeiro goberno con nós débense lembrar que o Plan de Investimentos de Aqualia estaba en cero e tiñamos avarías e roturas de forma continúa. Eu creo que lle debe dicir aos veciños de Camelias que tiñan unha rotura unha vez á semana que non se debería facer esa infraestrutura, que non se debería facer esa obra, porque eles cada vez que imos ver a obra co Alcalde e o equipo de goberno dinnos que si, que querían se fixera, pero o sábado o Alcalde achegouse a Teis e foi mirar Coutadas e Ramón Alonso Ojeda e os veciños saíron á rúa e lle dixeron, Alcalde moi ben, sega así.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Eu non sei se os concelleiros do Partido Socialista de do Bloque Nacionalista Galego dánse conta que están nas bancadas do Pleno de Vigo, porque se despois de dúas horas o único que fixeron foi falar de Pontevedra e de A Coruña o Partido Popular vai falar de Vigo, dos veciños de Vigo e na súa defensa.

Hoxe propónsenos nesta sesión plenaria unha proposta que presenta o Bloque Nacionalista Galego que non vai ter máis percorrido que os 20 minutos que ten o debate da moción. Dicimos isto porque o Alcalde pase o que pase coa votación desta moción, non vai executar a resolución se fose favorable, xa que sempre

actuou como o defensor dos intereses da actual concesionaria á que lle ampliou o contrato en contra dos intereses dos vigueses que seguimos pagando a auga máis cara de Galicia a pesares dos datos que pretenda manipular o Sr. Regades, agardando que algún día nos presenten un recibo como usuarios que nos cobren pola auga que utilizamos e non polo actual, que o que supón a moitos vigueses é pagar por un mínimo de auga que non consumen. O Partido Popular sempre o tivemos claro, ao fío dunha demanda veciñal sempre defendemos aos vigueses nunha tarificación do recibo da auga distinta á actual onde se beneficia a quen saiba racionalizar o uso e consumo da auga e se grave ao derrochador. En defensa desta proposta durante as últimas semanas a Universidade de Vigo, profesores universitarios, confeccionan un traballo que permita á situación actual da xestión da auga na cidade, a modificación do recibo en canto á situación contractual, actual coa empresa e a situación xurídica permita modificar o recibo que se presente ao cobro cada dous meses ao cidadáns de Vigo.

Dito isto, e conscientes do momento actual no que nos desenvolvemos con estes antecedentes, cabería dicir que o escenario, o entorno e o momento non son os adecuados para propoñer unha revisión do servizo tal e como propón o Bloque Nacionalista Galego.

A tres meses de cumprirse o mandato de catro anos, polo que os vigueses nos sentaron neste salón de Plenos e sen os votos suficientes por quen presenta a moción para quitar esta iniciativa adiante, parece máis unha proposta de programa electoral que unha proposta executable nestes momentos.

A oportunidade señores do Bloque Nacionalista Galego a tiveron vostedes nos catro anos que gobernaron co Partido Socialista e a volveron a ter estes catro últimos cando permitiron de novo que o Sr. Caballero gobernase en minoría nesta cidade cos seus votos. O seu cambio de comportamento parece seguir a letra da famosa canción de Jorge Negrete que dicía sobre “os calzóns do rancho que os comezan de lan e os rematan de coiro”.

A súa moción deben dirixirla ao seu Alcalde ao que sempre apoiaron, que foi o responsable unilateral da ampliación do contrato que lle concedeu hai dous anos á actual empresa concesionaria ata o ano 2020, onde o gran beneficio para os vigueses, foi seguir pagando máis do mesmo, é dicir, a auga que non

consumimos. Un negocio ruinoso para tódolos usuarios pero rendible politicamente para un Alcalde que converteu á empresa que debería xestionar o saneamento e o abastecemento da cidade nunha empresa de construción especialista en humanizacións, xardinaría e mobiliario urbano. Isto é o que teñen que saber os vigueses, que as beirarrúas novas non as paga o Sr. Caballero, non as paga o Concello, pagámolas todos dúas veces, primeiro no recibo que bimestralmente nos pasan ao cobro polo consumo da auga e en segundo lugar por este contrato ruinoso que hai dous anos ampliou en cinco anos máis o Sr. Caballero á empresa Aqualia.

Precisamente a modificación á que sempre tratou de chegar o Partido Popular, tratou de obrigar a un Alcalde que polo menos se valorase por parte de técnicos en toda a súa extensión, en todo o seu ámbito, a posibilidade de modificar un recibo antes de que rematase esta lexislatura, ese foi o compromiso que mantivo sempre ata a sociedade o Partido Popular, e para nós hoxe, ata que iso non se produza seguirá sendo unha bandeira, un estandarte que defenderemos ante os cidadáns de Vigo, pero dado que os concelleiros do Partido Socialista son tan dados en falar de recortes, recortes e recortes, gustaríame rematar cunha frase, o que fixo o Sr. Caballero co servizo da auga na cidade de Vigo neste últimos oito anos foi un “tajazo” aos petos dos vigueses.

SRA. VELOSO RÍOS: Por que presentamos agora esta moción? Porque comeza 2015 presentámola en xaneiro, nos atopamos co mesmo recibo e o mesmo sistema de tarificación de auga cando supostamente levamos varios anos aprobando neste Pleno que ao ano seguinte vaise cambiar o sistema de tarificación da auga e porque queremos evitar unha nova prórroga, o ano que ven rematan os cinco anos de prórroga e podería comezar unha nova prórroga de maneira automática porque así está recollido, e nós o que queremos é que non se prorrogue de novo, e que se municipalice este servizo. Coincidimos en que estamos pagando varias veces o servizo e ademais estamos pagando cousas que non son o servizo de saneamento e abastecemento de auga e seguimos cos problemas sen resolver.

Se non temos os votos para aprobar esta moción é porque vostedes decidiron

votar en contra, así de simple, se votasen a favor teríamos os votos para aprobar esta moción, non se aprobará porque decidiron votar en contra, porque non se quere recuperar o control sobre un servizo básico como é a auga, algo que é complexo pero perfectamente posible. Xa que falamos doutras cidades, París recentemente remunicipalizou a súa auga, non falamos dunha aldea, estamos a falar dunha cidade moito máis grande que Vigo, e no primeiro ano aforráronse 35 millóns de euros e reduciuse a tarifa da auga nun 8%. eu creo que iso, independentemente de que a auga noutras cidades sexa máis cara ou máis barata que en Vigo, sería beneficioso para tódolos vigueses/as, se non por que tamén o goberno local aprobou en múltiples ocasións neste Pleno cambiar o sistema de tarificación da auga, porque escoitando ao Sr. Regades é sorprendente, parece que a auga aquí é barata, está todo estupendo, entón que me expliquen porque o Partido Socialista neste Pleno se comprometeu a modificar a tarificación da auga e o aprobou en Pleno en múltiples ocasións ao longo deste últimos catro anos, cando o Bloque Nacionalista Galego o pediu no momento de aprobar as ordenanzas municipais, cando o Partido Popular llo propuxo e o incluíron no pacto que asinaron para aprobar os Orzamentos do pasado ano, porque vostedes tamén apoiaron a este Goberno e aprobaron uns orzamentos e unha das condicións era cambiar a tarificación da auga, e seguimos sen cambiar a tarificación da auga.

Non podemos seguir así porque os vigueses/as non podemos seguir pagando desta maneira as obras que nada teñen que ver cun ben básico como é a auga e necesitamos recuperar para a administración pública o control dun servizo básico, por iso estamos pedindo a remunicipalización do servizo de saneamento e abastecemento, e agora porque agora se pode facer e porque non queremos que se volva prorrogar a concesión con Aqualia.

Neste intre preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, dez abstencións

dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte:

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 14.01.2015 (Rex. Nº 1028/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(14).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO AO PLENO A DESEÑAR NO PRAZO DE TRES MESES UN PLAN GLOBAL A FIN DE INVESTIR OS FONDOS PROCEDENTES DO NOVO PLAN DE ESTÍMULO Á ECONOMÍA EUROPEA. EXPTE. 1039/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xaneiro de 2015, número 1039/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

"O novo presidente da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker ven de anunciar, despois de fortes presións dende a esquerda europea, un *Plan de Estímulo á Economía Europea* de 300.000 millóns.

Aínda que a cifra supón apenas o 0,77% do PIB da Unión Europea, segundo os datos de Eurostat: Juncker reclama un paquete de inversión "ambicioso", centrado en infraestruturas de transporte, I+D+i, banda ancha, enerxía e reindustrialización do continente.

A Comisión Europea pretende aprobar este plan de estímulo a través dos fondos estruturais e do Banco Europeo de Inversións (BEI), institución que

sorprendentemente o Goberno do Sr Feijó ten esquecida.

En relación á poboación, e sen ter en conta elementos correctores como a taxa de desemprego (que en Galicia máis que duplica á da EU-28), corresponderíanos aproximadamente 1.500 millóns de euros.

O Goberno de Vigo consideramos que á hora de optimizar o máis posible a utilización destes recursos, convén deseñar un Plan global que estableza prioridades e obxectivos, tendo en conta as peculiaridades da nosa Comunidade Autónoma e da nosa Cidade.

Trátase de non repetir os erros do chamado *Plan Estratégico Galicia 2010-2014 (Horizonte 2020)* que quedou rápidamente superado pola realidade económica e social galega, española e europea; e que xa na súa presentación inicial, tal e como denunciámos os socialistas, se atopaba profundamente desconectado da realidade económica e social do país.

Dende este Concello temos ampla experiencia neste tipo de plans que baséanse nas políticas “keynesianas” de Investimento público tan promovidas polo noso Alcalde que nos últimos 7 anos transformaron a cidade.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

-Deseñar nun prazo de tres meses un Plan global e transversal que estableza prioridades e obxectivos, tendo en conta as peculiaridades da nosa Comunidade Autónoma e da nosa Cidade, á hora de investir os fondos procedentes do novo Plan de Estímulo á Economía Europea proposto polo novo Presidente da Comisión, que nunca será inferior as aportacións feitas dende o ámbito municipal.”

Con data 2 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade que é un motivo de satisfacción saber que en Europa empezase a falar en Galego con acento de Vigo, vemos como o novo presidente da Comisión Europea o Sr. Juncker, ven de anunciar despois de fortes presións dende a Esquerda Europea, dende o Partido Socialista Europeo, un Plan

de estímulo á economía europea, un plan de 300.000 millóns de euros nun prazo de tres anos que deberá activarse antes do mes de marzo do ano 2015. Aínda que a cifra supón só un 0,77% do PIB da Unión Europea, segundo os datos do Eurostar, o Sr. Juncker reclama un paquete de investimentos ambicioso, centrado en infraestruturas, no transporte, no I+D+I, na banda ancha, na enerxía e na reindustrialización de Galicia e de todo o continente. Porque dicimos que este proxecto tense que levar a cabo tamén dende a Xunta de Galicia e lle esiximos ao Partido Popular e ao Sr. Feijóo que faga un Plan de reindustrialización, que faga un Plan de inversións e lle pedimos que estas políticas “keynesianas” que se veñen levando a cabo nos últimos sete anos, camiño de oito, na cidade de Vigo polo Alcalde presidente deste Concello, o Sr. Caballero, pedímoslle que se faga un Plan similar na Xunta de Galicia, porque é necesario e vemos agora como a dereita europea empeza a dicir que o que dicía o Sr. Caballero na cidade de Vigo é un modelo para seguir adiante, para facer tamén en Europa. Por iso a Comisión Europea pretende aprobar este Plan de estímulo a través dos Fondos Estruturais e do Banco Europeo de Inversións , do BEI, institución que sorprendentemente o Sr. Feijóo nin usa nin utiliza e ten completamente esquecida. Cremos que é unha ferramenta máis que a Unión Europea lle presta ás comunidades autónomas, e pedimos dende aquí que a usen sobre todo para investir en Galicia pero sobre todo para investir en Vigo, porque se falamos dun Plan Industrial en Galicia, dun Plan Industrial en España ese plan ten que levar as iniciais e as siglas da cidade de Vigo, porque Vigo é a cidade industrial de Galicia, pero Vigo tamén é a cidade da innovación, desenvolvemento, da tecnoloxía, como ven demostrando nos últimos anos, cunha construción naval punteira, baseada no valor engadido, na tecnoloxía, cunha construción automobilística baseada na innovación, no desenvolvemento e que nestes casos temos que seguir apostando por ela. Trátase de non repetir os erros que xa o Sr. Feijóo fixo co Plan Estratégico Galicia 2010-2014 no horizonte 2020, que quedou rapidamente superado pola realidade económica social galega, porque non se baseou nuns comportamentos que dende Vigo vimos seguindo de forma sistemática, cremos que este plan ten que ter o seu eixo principal na cidade de Vigo, e estamos convencidos de que ten que estar pilotada pola cidade de Vigo.

Dende este concello temos unha ampla experiencia neste tipo de plans, baseados nas políticas “keynesianas” de investimento público tan promovidas polo noso Alcalde nos últimos sete, camiño de oito anos, que deron grandes froitos, deron froitos de transformación da cidade, pero deron froitos na creación e consolidación do emprego.

Por iso pedímoslle dende aquí, dende o Concello de Vigo, á Xunta de Galicia que deseñe nun prazo de tres meses un Plan global e transversal que estableza as prioridades e obxectivos, tendo en conta as peculiaridades da nosa comunidade autónoma, tendo en conta a cidade de Vigo, queremos que sexa un plan industrial, baseado na automoción, no naval, no sector servizos, no Porto de Vigo, e á hora de investir que os fondos procedentes do Plan de Estudio Económico de Europa proposto polo presidente da Comisión, que cheguen a Vigo, a Galicia e que non queden nos caixóns do Sr. Feijóo e que non queden como noutros casos, devoltos de novo ao Goberno de Europa sen ser capaces de usar nin unha peseta.

Por iso, a cidade Vigo, o Goberno de Vigo ofrécese a pilotar, a xestionar este plan de estímulo da economía baseado na industria e na innovación.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Regades non se confunda, estamos diante dun novo plan económico chamado de Estímulo á Economía Europea, con 300.000 millóns de euros. Estamos outra vez diante duns investimentos que moito nos tememos, e non se confunda vostede, non van chegar aos destinatarios finais que deberían ser os cidadáns tanto europeos, como galegos e como vigueses/as, moito nos tememos que estamos diante doutro anuncio que o que vai é simplemente a establecer contías de subvencións ás grandes empresas, ocultas estas axudas ás grandes empresas, dentro das bolsas das partidas de I+D+I. Sen que vaian a ter estes plans repito, incidencia máis ou menos directa nas verdadeiras necesidades reais que sobre todo no tocante aos servizos públicos ten a cidadanía europea en xeral, e a cidadanía galega e viguesa en particular. Por que dicimos isto? Porque este plan ven impulsado precisamente por aqueles, que dende a Unión Europea están esixíndolle precisamente aos gobernos europeos que machaquen, que recorten os dereitos sociais e as axudas sociais a servizos tan básicos como o

ensino, a educación, sanidade, o emprego, etc. Este plan ven impulsado polos mesmos que defenden que os estados non se poidan endebedar, polos mesmos que defenden que os estados teñen que recortar.

Polo tanto, moito nos tememos que este Plan como moitos outros plans, van a quedar única e exclusivamente nunha pantalla.

En canto á moción que vostedes presentan, si coincidimos efectivamente con vostedes en que aquel famoso plan estratéxico de Galicia foi superado ao primeiro minuto de estar aprobado, coincidimos plenamente porque foi feito absolutamente sen pes nin cabeza. Coincidimos ademais tamén e iso sempre o defendeu o Bloque Nacionalista Galego que se ten voz en Europa e que si que fala en galego en Europa, non como fan os deputados do Partido Socialista e do Partido Popular, en Europa nós falamos en galego e sempre defendemos e coincidimos con vostedes niso, que hai que sempre poñer enriba da mesa en calquera tipo de plan ou en calquera tipo de acción europea as singularidades propias do noso país, como é Galicia, e de cidade como a de Vigo que nunca se defendeu iso nin polos deputados europeos do Partido Socialista, nin polos deputados europeos do Partido Popular, niso si coincidimos.

Coincidimos tamén que os plans estratéxicos teñen que servir para algo, votamos de menos por exemplo, unha pequena autocrítica aínda que sei que este goberno isto da autocrítica non o ten no seu vocabulario, en que pasa por exemplo co famoso Plan Estratéxico de Vigo? Que este Alcalde encargou e que sabemos que ata o de agora nin se queira coñecemos e non se ten avaliado, igual que non se teñen avaliados outros plans feitos pola Xunta de Galicia.

En definitiva, parécenos bastante inconcreta a súa moción, elaborar un plan, quen ten que elaborar ese plan? Que imos facer con ese Plan? E logo ademais mistura vostedes na súa moción tamén algo como os investimentos reais que o Concello ten achegado, iso non vai por aí, Sr. Regades, estas cousas non van por aí. O que deberíamos entre todos/as esixirlle á Unión Europea é que dunha vez por todas lexisle para á cidadanía, deberíamos estar xuntos os deputados/as galegos en Europa, e tamén vigueses/as, esixíndolle á Unión Europea que lexisle realmente para a cidadanía, e é realmente unha hipocrisía absoluta facer agora deste Plan de Estímulo Económico unha gran panacea cando repito, son os

mesmos que seguen estrangulando aos gobernos dos países para que a súa vez estrangulen os servizos máis básicos que ten dereito toda a cidadanía, tanto europea, como galega e como viguesa.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Estimado Sr. Regades, sorpréndeme e moito que presente esta moción, sobre todo pola falla de rigor e coñecemento, supoño que a escribiu despois de ler as últimas enquisas que os sitúa ao Partido Socialista como terceira forza política, sen opcións para gobernar, ou lla escribiron dende Ferraz, non o sei.

O Plan non é de 315.000 millóns, non son 300.000, son 315.000 millóns, pero non é de 315.000 millóns, o Plan é de 21.000 millóns de euros, dos 21.000 aos 315.000 é apancamento financeiro, espero non ter que explicarlle que é iso é dicir, o Concello de Vigo non ten acceso a 1.500 millóns, non, como moito podería ter acceso a 100 millóns e o resto é apancamento e desa cantidade os 21.000 millóns que pon este fondo, estamos a falar de garantías, Sr. Regades, non é unha subvención a fondo perdido para que vostede poida seguir facendo beirarrúas, formigón e poñendo granito, isto non vai por aí Sr. Regades. Non sei se leu algo disto, pero son garantías para fomentar o investimento privado, sobre os investimentos feitos sobre estes proxectos, non é nada do que lle contaron. Enchéuselle a boca falando de políticas “keynesianas” pero isto non é “keynes”, isto é investimento privado, onde está o gasto público, Sr. Regades? Estamos a falar de garantías por medio de avais para que o apancamento financeiro se poida producir a través de fondos de investimentos, algo completamente contrario ao que vostede veu a dicir, léase, xa sei que o texto están en inglés, pero pódennlo traducir, non pasa nada.

Por favor, deixe de falar de políticas “keynesianas” cando estamos a falar de fomentar o investimento privado, isto non é investimento público, é investimento privado. Que é o que se busca? Búscase a rendibilidade, sei que vostedes de rendibilidade non entenden moito, sobre todo despois de investir máis de 200 millóns de euros en humanizacións. Sabe cantos parados tiña Vigo en 2007? 17.000 parados. Sabe cantos parados ten Vigo no 2015? 33.000 parados, aí foron as súas políticas “keynesianas”, a aumentar o paro e dende logo non

preocuparse polo que se teñen que preocupar, para que quere este investimento? Para que poida investir na Entidade Local de Bembrive? Para que poidan seguir facendo non sei o que? Para iso é para que o queren? É así?

Teñen que empezar a pensar que as súas políticas, accións e os seus plans teñen que ter accións, por exemplo, como pode ser que o turismo e comercio nesta cidade que achega o 22% do Valor Engadido Bruto foron unhas actividades descoñecidas para vostedes? É así como fomentan a actividade económica e empresarial nesta cidade? Así é o que queren facer? E teñen a descaro de dicir que Europa involucrouse en políticas “keynesianas” cando non saben do que están a falar?

Fala tamén do Plan estratéxico 2010-2014 entre o Horizonte 2020, e estamos no Ris3, coa Industria 4.0, dentro do Horizonte 2020, está completamente desactualizado, desfasado, quedáronse no plan anterior, fala do BEI que o noso presidente non coñece o BEI, perdoe o noso presidente reuniuse co ICO e co BEI para fomentar e xerar plans de estímulo a través de crédito. Nós sabemos que a Sra. Magdalena Álvarez coñece moi ben o BEI, pero iso xa son outro tipo de cuestións e detalles. Vostedes non necesitan presentar a este Pleno, este Plan para realizalo, poderían facelo perfectamente, é máis, resulta paradoxal que non fixeran ningún dos doce plans estratéxicos presentados e aprobados neste Pleno e agora presentan este para facelo, é totalmente paradoxal. Por non falar de tódalas partidas que foron incapaces de executar e se tiveron que devolver tanto á Xunta de Galicia como a Europa, iso é outro tema aparte. Non se preocupen quédanlle tres meses, queiran facer o plan? Perfecto así despois poderán descansar, outros poderanse xubilar, non sei que farán, non é tema noso.

Nós non nos imos a opoñer a que fagan un plan global e transversal sempre que non lles custe cartos aos vigueses, iso é o primeiro e este sirva para rexenerar a economía da cidade, iso si é o verdadeiramente importante, pero polo seu ben, Sr. Regades, decátese ben, lease ben o que quere facer, léase ben a proposta de Yuncker, deixámoslles que refaga a moción e que volva a presentala o próximo mes, non pasa nada, pero non nos faga perder o tempo desta maneira.

Sr. Regades, toda a súa política resúmese en granito nas beirarrúas, e valeira a

neveira.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade, o Partido Popular tenos acostumados á descualificación, que sexa de Coia e que estudara en institutos públicos, colexios públicos non quere dicir que non saibamos ler. A verdade, vostedes pensan, e así o demostraron cando gobernaban que os cidadáns/ás de Vigo eramos parvos, pero non somos parvos, seguramente vostede é demasiado listo, que pena que non se deu vostede a coñecer porque ao mellor o Sr. Feijóo non tiña que buscar a unha estrana, tiña aquí no Pleno a un candidato, ao mellor está facendo méritos para ir outra vez na lista e estar aí de concelleiro, eu non o digo, pero os cidadáns de Vigo nin son parvos nin nos queiran facer parvos.

Voulles contestar tamén de Bembrive porque hoxe xa está ben, en Bembrive os veciños de Bembrive pregúntanse porque o Partido Popular cando gobernaba en Bembrive non investía os cartos e os tiña nunha conta a prazo fixo, e se as contas a prazo fixo que tiña o Partido Popular en Bembrive se terían algún vínculo coas contas persoais que tiñan algúns responsables políticos do Partido Popular de Bembrive e as bonificacións que sufriron esas contas, iso é o que se preguntan os veciños/as de Bembrive.

O Plan de estímulo fala de infraestruturas de transporte, de innovación, de desenvolvemento, de tecnoloxía, de bandas anchas, vostede como ben sabe, se non eu ofrézome a invitalo a pasear polas nosas parroquias, non fai falla ir en botas, por Vigo, polas parroquias de Vigo pódese ir por estradas, incluso temos beirarrúas, isto no é o paleolítico nin é a Galicia de hai corenta anos. Entón, invítooo a vir comigo e vostede vai darse conta que nas parroquias de Vigo, en Bembrive, Matamá, Beade, San Andrés de Comesaña, etc. non temos banda ancha e este plan de investimentos fala de que poña e nós propoñemos senón sabedes a colaborar e a pilotar porque neste concello, vostede dino e a parte dino como se fose un físico nuclear, entón parece que é verdade pero aquí se devolveu cero euro á Xunta de Galicia, non só iso, a Europa sabe canto se devolveu? Cero euros, porque aquí se xestiona e se fai ben, por iso, cando andamos polas rúas os veciños/as dinnos, “agora Sr. Alcalde, Sr. Caballero, sábese o que se fai cos nosos impostos, cando gobernaba o Partido Popular non

se sabía o que se facía cos impostos”. Eu volvo dicir, este plan de investimentos que lle tocan a Vigo 150 millóns de euros non queremos que se destinen ao Parrote, A Coruña, queremos que se destinen á cidade de Vigo, e digo 150 millóns que é o que nos corresponde por poboación, non queremos nin un euro, nin un céntimo máis, queremos o que nos toca como cidade.

Neste intre preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte:

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.01.2015 (Rex. Nº 1039/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(15).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REDACCIÓN INMEDIATA E POSTA EN MARCHA DUN PLAN XUVENIL MUNICIPAL. EXPTE. 1030/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de xaneiro de 2015, número 1030/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido

Popular, Sr. Pérez Davila, formula a seguinte,

“No mes de maio de 2012 o grupo municipal do Partido Popular de Vigo presentou unha moción que foi aprobada polo pleno da corporación cos votos do PSOE e do PP na que se demandaba a elaboración dun Plan Xuvenil Municipal que vertebre as políticas municipais deste Concello.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular entendemos que este sector de poboación non soamente debe ser atendido polo goberno municipal, senón que este debe realizar unha planificación estratéxica de todas as súas actuacións encamiñadas ao beneficio daqueles que representan o presente e sobre todo o futuro da nosa cidade.

Vigo necesita dar a importancia que se merecen os mozos e mozas da cidade, cunha traballada planificación en política xuvenil que de forma transversal e continuada, dea resposta ás necesidades da mocidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal á redacción inmediata e posta en marcha dun Plan Xuvenil Municipal.”

Con data 2 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. PÉREZ DÁVILA: Ao longo destes anos dende o grupo municipal do Partido Popular vimos presentando a este Pleno un gran número de mocións con propostas e materias de política xuvenil, propuxemos a creación da tarxeta de transporte Vigoxoven e a votaron en contra, propuxemos en 2012 a elaboración dun Plan xuvenil municipal como o que hoxe volvo a propoñer porque non se fixo nada, propoñemos crear un programa completo de actividades para verán porque non existe, denunciámos que o estudo de gravación de Vigosónico que custou 70.000 euros estaba a ser utilizado como almacén, e propuxemos a súa posta inmediata en funcionamento, tendo incluso que aguantar as mentiras da Concelleira de Xuventude a Sra. Lago mostrando gravacións falsas que non foran

feitas no estudo, senón nos concertos en directo, propuxemos un Plan de emprego xuvenil e traballar conxuntamente entre os tres grupos para chegar a acordos e nos dixeron que non. Propuxemos unha nova lanzadeira de transporte á Universidade, a U3 de dende Teis, e pasaron por completo, e moitas máis propostas xuvenís que agora lles relatarei, propostas para unha mocidade elaboradas dende o Partido Popular como moita ilusión e coa crenza e intención sincera e honesta e teño que dicilo dun gran número de rapaces/as que pensaban que nunha cidade, que na política local se se traballan as propostas con esforzo, se se presentan abertamente para o seu debate coa intención de consensuar os proxectos, poderían saír adiante con diferencias políticas por suposto, pero con diálogo, boa intención, traballo e cunha nova forma de facer política pensábamos que as cousas poderían saír adiante, pero non contábamos con que isto foran ilusións e ter que presentar de novo, tres anos despois, unha proposta que xa fora aprobada porque un goberno acabado, que lle quedan catro meses non faría nada do que dixo que farían cando votou a favor, o que non contaba como o concelleiro máis novo desta corporación, nin tampouco o rapaz/es que me acompañan colaborando nestas propostas e que esta nova forma de facer política fora completamente incompatible con outra forma vella, rancia, cansada e obsoleta de exercer o goberno dunha gran cidade como Vigo. Porque Sr. Caballero se estivese e non tivese marchado podería falarlle agora de tódalas súas excentricidades como Alcalde, das moitas mentiras que cada día di sen ruborizarse o máis mínimo, como quería crear a maior e mellor espazo cuberto do mundo para practicar skate en Vigo, o “Marisquiño Indoor” que prometeu e non fixo, lémbrense? Podería falarlle da forma irresponsable, illada e confrontada de gobernar esta cidade coa única intención de salienta a súa propia figura persoal sen querer saber, nin sequera o que pensan os mozos/as da cidade na que el é Alcalde. Poderíalle dicir moitas cousas pero pasaríase a esa vella política dos personalismos que o Sr. Abel Caballero representa e non queremos iso, porque no Partido Popular de Vigo imos seguir facendo propostas en positivo coa maior ilusión do mundo, aínda que vostedes señores do Goberno Local non nos queiran escoitar. Porque chegaron os novos tempos da política de consenso, de ilusión e das propostas como as que temos no Partido Popular de

Vigo, os tempos nos que a xuventude conte nun concello como neste, porque non dicilo cunha alcaldesa nova como a Sra. Elena Muñoz que sinta realmente o que necesita a mocidade desta cidade.

Porque a Concelleira de xuventude na 14^o cidade de España, ten que ser tremendamente activa, levar as iniciativas en políticas xuvenís, traballar con ilusión e traer a este Pleno e presentar á sociedade novas propostas e proxectos innovadores, e vostedes Sr. Lago non o fixo e xa rematou o tempo para facelo. Saben vostedes cal é a única iniciativa nova da concellería de Xuventude nos últimos anos? Hortos urbanos, a única proposta deste goberno para os mozos da cidade máis cosmopolita de Galicia é mandarnos a plantar leitugas, sabe vostedes Sra. Lago, cantas veces participou durante esta lexislatura neste Pleno para falar da mocidade? Dúas, e as dúas veces a iniciativa do que fala, que presentou continuamente mocións para falar de Xuventude, mocións que na maioría dos casos nin sequera foron respostadas por vostede como responsable desta Área e tendo que facelo os seus compañeiros.

Dende o Grupo municipal Popular queremos darlle a oportunidade de que fagan polo menos algo en materia de Xuventude antes de deixar o goberno, algo que levan tres anos podendo facer, non quixeron ou non souberon facer.

En 2012 propuxen redactar un Plan xuvenil municipal que se converta na constitución da mocidade viguesa, no que participen tódalas concellerías, a día de hoxe vostedes non conseguiron nin sequera sentarse e intentalo, vostedes gardaron o acordo plenario nun caixón e non fixeron absolutamente nada por tentar traballar pola mocidade e polo futuro de Vigo. Cando lles falo dun Plan xuvenil municipal non é para que me relate agora as poucas actividades que se fan historicamente nas instalacións xuvenís, Sra. Lago, como fixo na anterior vez que presenteí esta moción, fálolle de elaborar un documento físico, no Partido Popular xa temos o noso, un documento no que comprometa a tódalas concellerías e con propostas concretas, e como vostedes non teñen ningunha proposta en materia xuvenil, demostrárono neste últimos anos, préstolles as que temos no Partido Popular de Vigo para incluír nese Plan xuvenil municipal e que poidan comezar a facer algo neste últimos meses que lles quedan. Tome nota: crear a tarxeta de transporte Vigoxoven, poñer un marcha un plan de emprego

xuvenil, crear a nova lanzadeira de VITRASA á Universidade, a U3 pola zona norte de Vigo, poñer en marcha o proxecto Julio Verne que xa presentamos a este Pleno, facer unha remodelación e estrutura completa dos espazos xuvenís municipais, que son moitos e bos, crear un programa de ocio e alternativo, ampliar os horarios das bibliotecas e crear aulas de estudo distribuídas pola cidade, crear un programa de actividades de verán, crear un programa de turismo xuvenil, unha estación de reciclaxes xuvenís nas zonas de ocio, o Consello Municipal da Xuventude, a “Ventanilla Única” Municipal da Mocidade e un programa de axuda á emancipación, con todas estas propostas xa teñen traballo suficiente para os próximos meses, do resto nos encargaremos no Partido Popular.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Pérez Dávila, non se meta vostede cos mozos que van plantar leitugas, é unha actividade moi saudable, e xa que hoxe parece que a estrela deste Pleno é a Sra. Elena Muñoz, eu fágolle unha proposta, por que non a traen aquí a ver realmente sabe ou non plantar leitugas? Podíamos ver que dotes ten, creo que sería unha boa idea para darse a coñecer.

Todo o que vostede acaba de ler, de expresarse que o traía ademais moi ben escrito e calculado no tempo, tamén hai que dicilo, estaría todo moi ben se vostede non fora concelleiro do Partido Popular, e o digo por que, porque o Partido Popular para nós, o Bloque Nacionalista Galego, non é absolutamente nada crible nin fiable cando se trata de poñer enriba da mesa propostas e alternativas para a mocidade, non son vostedes nin cribles nin fiables cando se trata de poñer enriba da mesa alternativas para a mocidade. Digo isto porque cando vostedes gobernan, Partido Popular, o mesmo partido que vostede representa na Xunta de Galicia fan absolutamente todo ao revés do relatorio que vostede nos acaba de dicir, todo absolutamente ao revés. Polo tanto, iso está moi ben pero vostede como representante do Partido Popular non é nin crible nin fiable. Vostede pide lanzadeiras, pero a Xunta de Galicia foi quen eliminou un servizo tan importante para os mozos como o bus nocturno, lémbrese. Vostedes piden plans de emprego municipais, e ningunha soa iniciativa de emprego xuvenil clara, contundente e real neste período na Xunta de Galicia, vostede pide

non sei que actividades pero foi a Xunta de Galicia quen votou abaixo a rede de locais de ensaios que é un goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia iniciou, foi vostede, o Partido Popular, quen votou abaixo outra iniciativa que puxo en marcha o Bloque Nacionalista Galego cando gobernaba na Xunta de Galicia como os centros Quérote, é o Partido Popular quen non está facendo absolutamente nada en políticas de prevención de cara a mocidade, está recortando precisamente as políticas de prevención de cara aos mozos/as, o que non fai absolutamente nada para manter os dereitos dos nosos mozos/as a poder vivir unha sexualidade san e responsable, o Partido Popular faino todo absolutamente ao revés, por iso esta moción para nós non é crible. Ademais chega efectivamente un Plan municipal con todas esas iniciativas a tres meses de rematado este mandato.

Así como vostedes non son cribles nin fiables tamén teño que dicirlle que este goberno municipal e o digo tamén con todo o respecto á concelleira tampouco é nin crible nin fiable, é dicir, nós non fiamos de que aínda que esta moción se aprrobe, non vai ser cos nosos votos, que o partido do Goberno, o Partido Socialista, sexa capaz de poñer en marcha ningún plan. Tampouco son cribles porque nestes catros anos vostedes nos puxeron enriba da mesa ningunha soa iniciativa a prol da mocidade, nin unha soa iniciativa nova, non só iso senón que aquelas iniciativas que o Bloque Nacionalista Galego cando tivo responsabilidades en mocidade, lle deixamos incluso esas iniciativas, vostedes van e as pechan. Levamos máis de dous meses preguntando que pasa cunha actividade que movía a moitos mozos/as como Súbete ao Castro, se nos dixo que estaban analizando non sei que problemas do edificio, hai alternativas nesta cidade e moi preto do Castro para que ese servizo se poña en funcionamento, espero que hoxe nos explique que pasa con esas actividades, que pasa ademais con toda esa rede de información xuvenil que está absolutamente desaparecida, que pasa con esa rede de oportunidades que dende o Bloque Nacionalista Galego poñíamos en marcha para os mozos/as para que puideran desenvolver as súas aptitudes.

En definitiva, nin uns nin outros son cribles á hora de querer elaborar un plan municipal para a mocidade porque nos demostran vostedes na Xunta de Galicia e

vostedes neste Goberno que non teñen nin iniciativa, nin ideas que precisamente cheguen ao mozos/as desta cidade.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Quero en primeiro lugar reivindicar o traballo que fai este goberno para os mozos/as desta cidade e vou dar algúns pequenos datos que se poden corroborar, no programa de ocio alternativo nesta cidade desenvolto por este goberno, pasaron un total de 78.211 mozos/as que estiveron atendidos con este programa de ocio, ademais hai que subliñar os campamentos de verán desenvolvidos por distintas concellerías que ocuparon a 20.000 mozos/as e tamén charlas de primeiros auxilios e nutrición no 100% do alumnado de terceiro e cuarto da ESO, practicamente en tódalas escolas. Pero tamén eu quero reivindicar aquí a actividade con mozos de Vigosónico, cando se di que non funciona ou que hai gravacións distintas, Vigo Sónico está a funcionar e estiveron entre a Casa da Xuventude desenvolvendo actividades co Vigosónico 16.678, en definitiva, 191 actividades para tódalas idades entre 3 e 35 anos. Ademais neste plan de ocio alternativo conta para o 2013-2014 cunha subvención por parte do Ministerio de Sanidade e Consumo con 92.800 euros, que é unha das máis altas de España, concedida polo Ministerio onde goberna o Partido Popular, unha das máis altas das 73 cidades que o solicitaron, polo tanto algo se está a facer ben. Pero hai algunha cuestión que eu creo que o Partido Popular non quere lembrar aquí cando fala dos mozos/as, voulle empezar polos máis cativos, hoxe segundo Cáritas denuncia que hai 24% dos nenos/as que están en risco de pobreza infantil, que temos o 49% dos desempregados sen cobertura de axudas ao subsidio, que temos máis desigualdade e menos protección que nunca, pero ademais vemos como os mozos/as, é unha nova do día de onte que está reivindicando aquí o Sr. Pérez Dávila do Partido Popular, dicían que o paro e as rebaixas salariais fan que 60.000 mozos/as teñan que volver as súas casas con seus pais ou teñen que irse á emigración, e tamén outra nova que eu creo que se lle esquece velo, porque as súas políticas non o deixan ver, onde 21.100 mozos/as emigraron no cuarto trimestre do 2014 ao estranxeiro, cal é a súa política, Sr. Pérez Dávila, señores do Partido Popular? É mandar aos nosos mozos/as ao estranxeiro, e vostedes os deixan sen becas, rebáixanlle as becas de

ERASMUS ao 40%, impoñen novos grados que van facer que moitos mozos/as teñan que abandonar os seus estudos e outros non os poidan pagar, esa é a súa política señores do Partido Popular cos mozos/as, vostedes o que fan é telos desempregados, os mozos/as teñen unha taxa de desemprego superior nun 10% á media do resto da poboación, pero ademais vostedes non lle fan mocións aos seus gobernos, ao da Xunta de Galicia e ao do Goberno Central porque o seu plan, o Plan para a Xuventude é mandalos á emigración en voos baratos, subvencionados pola Xunta de Galicia dende Santiago de Compostela ou A Coruña.

Mentres vostedes non fan nada no Ministerio do Sr. Rajoy porque aprobaron un plan de emprego xuvenil da Unión Europea hai meses, e a ministra nin sabe nin contesta nin se lle ve, e a pesares de que os grupos llo están a pedir. Que fai aquí o goberno do Sr. Abel Caballero? Atender a tódolos nenos/as, bolsas de inglés directas máis que en toda Galicia, con alumnos de 4º e 5º da ESO, coa Escola Oficial de Idiomas, vivenda protexida un 40% para que poidan ter acceso á vivenda, becas de comedor e plans de emprego para a contratación directa de mozos/as nesta cidade.

SR. PÉREZ DÁVILA: Primeira cidade de Galicia, décimo carta de España, un terzo da poboación desta cidade menor de 30 anos e a concelleira de Xuventude deste Concello muda, que absoluta vergoña, se tivera carnet do Partido Socialista faría demagogia e diría que isto é machismo, pero como non o teño non o vou facer.

Señores do Bloque Nacionalista Galego dende o aprecio que lle teño a todos vostedes, porque incluso falei que a única vez que se fixo algo en Xuventude neste Concello foi o goberno da Sra. Porro coa Sra. Lucía Molares como concelleira de Xuventude, o único goberno que fixo despois que fixo algo en materia de xuventude foron vostedes, o dixen e o teño dito, entón din vostedes que nós non somos cribles, os que non son cribles señores do Bloque Nacionalista Galego, é o BNG, e por iso os cidadáns non o votan, esa é a diferenza, e saben cal é a credibilidade do Partido Popular de Vigo, estas quince propostas que lles din agora e que lles vou volver a relatar e saben cal é a credibilidade do Partido Popular de Galicia? É aprobar no Parlamento de Galicia a primeira Lei de

xuventude deste país, dotar cun millóns de euros e pagar cun millón de euros a mellor instalación xuvenil, que tamén participaron vostedes, Vigosónico, pero a Xunta de Galicia do Sr. Núñez Feijóo é que pagou, esa é a credibilidade do Partido Popular o vídeo Rodeiro Tato como director xeral de Xuventude.

Sr. Rodríguez Díaz, dígolle sinceramente tiña a ilusión e tiña pensado, polo menos que había algo de dignidade, presentaría e defendería esta canción a Sra. Lago, a vostede non lle vou contestar, simplemente dicirlle que mente vostede, de temas de emprego vaille falar a miña compañeira a Sra. García que sabe moito máis que vostede nese tema. No tema do ERASMUS, non fale de ERASMUS que aumentaron a súa contía global, Sr. Rodríguez Díaz, a historia é, falaban incluso antes da nosa candidata, a que vai ser a próxima alcaldesa desta cidade.

Falaba a Sra. Silva dos recortes, fíxense no ano 2010 o orzamento en materia xuvenil era de 1.900.000 euros, en 2013 menos do 50%, eses son os campións dos recortes e tivo que vir o Partido Popular de Vigo a dotar con medio millón de euros por un plan de prácticas laborais que vostedes aínda nin sequera saben como poñer adiante, non me diga que me pasa, Sra. Lago, o que me pasa Sra. Lago é que hai unha concelleira de Xuventude neste Concello que non sabe, non está nin aparece, e a xente lle pregunta onde está e non aparece, e que hai un goberno que non fai absolutamente nada en materia de Xuventude. Iso é o que me pasa, porque Sr. Domínguez plantar leitugas é interesante pero non pode ser a única iniciativa xuvenil que ten este Concello.

Remato, incluso tamén hoxe Bembrive é o centro deste debate, antes dicían vostedes cando meu compañeiro o Sr. Fidalgo falaba de Bembrive que falara de Vigo, mire aquí está o meu DNI, aquí pon Bembrive e pon Vigo, teño o tremendo orgullo e honra de ter nacido nunha parroquia que é de aquí de Vigo, mentres vostedes sigan roubando os cartos aos cidadáns de Bembrive, seguirán roubando os cartos o Partido Socialista de Vigo aos cidadáns de Vigo.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, once votos

en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e tres abstencións do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte:

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 14.01.2015 (Rex. Nº 1030/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.4(16).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A HABILITAR TERREOS PARA A POSTA EN MARCHA DOS PUNTOS LIMPOS DA CIDADE PREVISTOS NO PXOM. EXPTE. 1031/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de xaneiro de 2015, número 1031/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte,

“O Plan Xeral aprobado hai máis de seis anos contempla oito zonas na cidade nas que poder situar e instalar unha serie de “Puntos Limpos”. Esas zonas son Costa Castrelos, Polígono Industrial de Matamá-Valladares, Carrasqueira en Coruxo, Cereiro en Cabral-Candeán, e no Polígono Industrial de Reciclaxe en Bembrive.

A día de hoxe Vigo non conta con ningún “Punto Limpo” nin proxecto para o emprazamento dalgún dos oito contemplados no Plan Xeral. Por parte do Concello unicamente se habilitou no Parque central de Lavadores un “Punto de entrega de residuos de aparatos electrónicos e pequenos electrodomésticos” onde por exemplo non se poden depositar nin electrodomésticos grandes nin material eléctrico e onde ninguén coñece a xestión e valorización que se leva a cabo con ditos residuos, o cal a día de hoxe pódese considerar unha grave irresponsabilidade medioambiental por parte de goberno municipal.

De nada vale presumir de cidade sostible nin de basoiras prata se non temos un dos piares básicos nunha gran cidade para preservar o medio ambiente, como é un “Punto Limpo”. A desidia, “pasotismo” e falta de xestión en materia de medio ambiente por parte do Goberno Municipal é clara e notoria

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a que se habiliten os terreos necesarios para poñer en marcha os Puntos Limpos da cidade previstos no PXOM en vigor dende 2008.”

Con data 2 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que presentar esta moción resulta case cómico, por dicirillo con ironía porque parece o día da marmota. Esta moción presentéina eu no ano 2012, aprobouse por unanimidade e todo segue igual, pero tamén presentouse no 2008, 2009, eu podo recompilar a documentación que non pasa de moda, é dicir, con feitos si que se pode desmontar este goberno e a medida que máis o coñecen os cidadáns, pois máis saben as cousas e tódolos defectos, carencias que ten voso Goberno Municipal neste caso.

A verdade é que non hai nin un só punto limpo na cidade e que no Plan Xeral está reflectido o seu desenvolvemento de terreos para instalación e a proxección de oito puntos limpos, e non hai ningún, por moito que vostedes se empeñen que hai puntos limpos na cidade, non os hai. Nos pedimos polas vías legais primeiro, o desenvolvemento do Plan Xeral, e segundo a creación dos puntos limpos, non empece na réplica porque xa sabe como ben, porque coñece ben o tema, porque é a sexta vez, eu creo, que se presenta esta moción neste Pleno, ademais de tódalas peticións que se fan, e aínda por riba vostedes votan a favor sempre.

A consecuencia, vertedoiros incontrolados en diferentes zonas desta cidade que agochan puntos sucios, é o que hai neste cidade porque por moito que presuman hai puntos sucios e moitos e os veciños iso tamén o coñecen.

Tiñan unha situación, un lugar “alegal” que é en Santa Cristina e aínda por enriba abriron no Polígono de Caramuxo, iso quere dicir que hai necesidade, que hai demanda e que os vigueses reciclan, queren facelo pero non teñen como, polo tanto, precisan ter tódolos servizos que o Concello ten que por ao seu dispor, e neste caso dende o Concello e o Goberno Municipal.

Falan vostedes moitas veces de limpeza, pero a verdade aquí tamén entra a concelleira de Urbanismo neste tema porque o Plan Xeral está sen desenvolver neste caso, porque como digo había oito puntos proxectados en Castrelo, Matamá, Valladares, Coruxo, Candeán, Bembrive e dous en Cabral, e non hai ningún, nin está previsto que se faga, claro con tantos cargos que ten a concelleira de Urbanismo probablemente ese sexa o que menos atenda e é un fracaso absoluto ao Plan Xeral, xa o dixemos en moitas ocasións neste caso. Nós pedimos que se cumpra o acordo plenario, primeiro o desenvolvemento, que xa vai en dúas ocasións, dáme igual como se poña, en Vigo non hai nin un só punto limpo, Vigo está enchido de puntos sucios porque ademais tódalas humanizacións das que vostedes presumen o que fan é crear un Vigo de segunda e un de terceira, establecer aínda maiores diferencias entre as partes da cidade, un auténtico caos, unha falla de planificación, vexa tamén nas obras, por que falamos agora tamén do accidente de Teis? Porque os vehículos pesados van en moitas ocasións por onde non teñen que ir, a raíz das obras temos o centro da cidade cheo de autobuses, de peso de vehículos que non teñen que ir por esas rúas, está todo indefinido, pouco planificado, esa é a súa auténtica verdade.

Onde están os punto limpos desta cidade? No quero falar doutro tema, veño aquí a reclamar puntos limpos e dáme igual que o digo cinco, seis, sete ou corenta veces, non o sei, hai que desenvolverlos, a vostede dálle igual pero aos veciños de Vigo non, porque requiren lugares, sitios onde facer a súa reciclaxe e non o teñen.

Polo tanto, nós preguntámonos tamén de que valen as campañas de concienciación, de que vale ese presumir de cidades do clima, do medio ambiente se non hai os medios adecuados para que os vigueses que ademais reciclan 10.300 toneladas aproximadamente só de vidro, papel e envases lixeiros dunha media, e non hai lugares establecidos legalmente onde depositar algúns

obxectos que temos todos na casa e queremos reciclar.

Polo tanto, parece mentira que o teñan Mondariz, Nigrán, tódolos concellos de ao redor teñan puntos limpos e en Vigo non haxa ningún, con 300.000 habitantes e coa capacidade e todo o movemento industrial desta cidade.

Todo limpo non, as verdades desmóntanse con feitos físicos, Vigo está cheo de puntos sucios, insisto, nós temos a nosa realidade, vostedes teñen a súa.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente xa en abril do 2012, aprobouse sen votos en contra unha moción, votouna a favor o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego e abstívose o Partido Socialista para que se instara ao Goberno Local a desenvolver o PXOM e poñer os oitos puntos limpos que alí se contemplan, en concreto Castrelos, Matamá, Valadares, Coruxo, Candeán, Bembrive e dous en Cabral, é posible que cumprir este acordo plenario sexa moi dificultoso para o Goberno pero polo menos crear un punto limpo como existe xa en 30 municipios da provincia é fácil.

Sr. Alcalde quérolle facer unha proposta concreta, está falando mentres eu estou falando e lle quero facer unha proposta concreta, míreme, mire á persoa que fala porque volve facer unha proposta concreta, vostede, Sr. Alcalde, e o equipo de goberno pasáronse toda a mañá, é unha falla de respecto cando está falando un concelleiro e lle vai facer unha proposta, nin o mire e sega falando con outros concelleiros e rindo, é unha absoluta falla de respecto, pero así lle vai. Volve facer unha proposta, levan toda a mañá falando do Concello de Pontevedra, parece que lles preocupa e seguen moito ao Concello de Pontevedra, pois lle vou facer unha proposta Sr. Alcalde, escoite, lle invito, o convido a vir ao Concello de Pontevedra para que vexa o que é un punto limpo, o convido a vir ao complexo ao Campiño onde está un punto limpo para que vexa como funciona, con persoal nas tres quendas, mañá, tarde e noite, con persoal que controla a quen recicla, que controla o que se recicla, convídoos, porque xa que están tan preocupados de como funciona o Concello de Pontevedra polo menos que aprendan que esta cidade precisa un punto limpo. Ten razón o Partido Popular neste proposta, é necesario un punto limpo que é demandado pola cidadanía e non significa que non funcione ben cando vostede chama por teléfono e lle vaian recoller un

colchón o un electrodoméstico pequeno, pero iso non é un punto limpo, un punto limpo precisa control, quendas, local, como existe en Pontevedra.

Polo tanto, os convido a que veñan a Pontevedra a ver punto limpo e a ver se dunha vez se resolve este problema e se resolver os problemas que aproba por unanimidade, ou por maioría este Pleno.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Antes de comezar eu Alcalde quixera trasladar algo importante cando se fala de Urbanismo neste Pleno, falar de urbanismo neste Pleno non creo que o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego sexan os máis capacitados para poder falar deses puntos. Eu deixaría aí e deixaría se a envexa fora tiña, moitos tiñosos ías ver. Falamos de Zona Franca, que se dean aquí respostas de todas esas cousas, o formigón con orgullo, vinte cinco anos de traballo e con orgullo, para demostrarlle a algúns se son capaces de dicir o mesmo.

Dito isto, Sr. Egerique creo agradecerlle a oportunidade que me da unha vez máis para poder falar dos residuos urbanos desta cidade. Como vostede sabe na súa moción non ten razón de habela presentado xa que no Plan Xeral están contempladas oito zonas pero non é posible desenvovelas porque hai que desenvolver un desenvolvemento urbanístico, e ten que ser de iniciativa privada, eu creo que vostede como concelleira debería de sabelo, polo tanto, vostede o que non pode é traer aquí unha moción que non é posible levar adiante.

De todos os xeitos teño que dicirlle algo, este Alcalde e este goberno ten un compromiso coa recollida e co tratamento de residuos urbanos nesta cidade, este concello a día de hoxe ten cuberto tódolos servizos de recollida e tratamentos dos residuos urbanos, e a día de hoxe presta tódolos servizos que ten que prestar unha cidade en canto ao tema dos residuos urbanos. Voulle dicir cales ten en principio, un pequeno repaso dalgún: recolle tódolos residuos urbanos de máis de 6.000 colectores, illas de reciclaxe máis de 700, baleirado de papeleiras diariamente máis de 5.000, recollida de voluminosos, mobles, etc. tódolos días e a domicilio, recollida de restos forestais, podas, rozas a domicilio, tódolos días, baleirado de pozos negros e fosas sépticas, a domicilio; recollida de animais domésticos mortos, a domicilio; recollida de vehículos abandonados, varrido e

baldeo das vías públicas, roza de camiños, recollida de aceites domésticos, todo isto entre outros.

Dicir que os vigueses/as son grandes coñecedores dos servizos que presta este concello e que son usuarios e ademais valóranos moi positivamente, dentro deste compromiso hai campañas que se realizan permanentemente, nestes intres unha delas co servizo de reciclaxe e hai que dicir que hai dous anos púxose en marcha un punto limpo, e é moi triste que veñan vostedes a enganar aquí aos cidadáns de Vigo dicindo que non existe punto limpo. Un punto limpo contemplado no camiño do Caramuxo que contempla tódolos requisitos habidos e por haber, permite a vostede e dígolle entre na páxina web e aí miráranos, cos requisitos que contempla e que pon a Xunta de Galicia cumprindo o Real Decreto que alí está, autorizado e na súa páxina web.

Polo tanto, non poden vir aquí e empezar a dicir que Vigo non ten un punto limpo, por certo cun grado de coñecemento e satisfacción por parte de tódolos usuarios onde xa pasaron máis de 2.000 e se recolleron máis de 80 toneladas, alí ten o número da Xunta de Galicia e publicado na súa web. Ademais hai outro punto que como vostede sabe en Santa Cristina, onde se recollen os pequenos electrodomésticos, os RAES, e que son trasladados, por certo a súa preocupación polo transporte, dicirlle que a fai a Xunta de Galicia e o tratamento dos mesmos tamén. En canto aos aparatos electrodomésticos de grandes dimensións recóllense a domicilio, polo tanto ese servizo está cuberto na cidade.

Señores do Partido Popular, deixen de facer electoralismo, non veñan aquí a falar da Sra. Muñoz, a traernos fotos, non veñan a falar de Bembrive, non nos veñan a falar de recortes, por moito que se empeñen en querer falar da Sra. Muñoz, a coñecen quen a coñecen, non se empeñen vostedes en ir a máis. En canto a Bembrive xa lle deixou claro o meu compañeiro o Sr. Regades, e alí hai un foro de debate, un pleno, están preocupados vostedes, pois vaian alí e debaten. En canto a recortes que dicir, falaban dos concelleiros, o maior recortador que hai nestes momentos, o presidente que máis recorta e o Sr. Rajoy, e o maior xastre de España, polo tanto non nos veñan aquí a dar leccións.

Simplemente dicirlle, Sra. Egerique se están preocupados polos residuos, dígalle ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo, que anule o Real Decreto que

aprobou para cobrar o 34% de SOGAMA, dicíndolle a tódolos vigueses que os cartos que tiñan que destinar a outros servizos se teñen que ir para o tratamento de residuos. Polo tanto, mándalle, presente vostedes unha moción esixindo iso. Quero dicirlle, Sra. Egerique esta cidade, por moito que nos queira facer, recoñecida na limpeza con catro escobas de platino, está limpo, cumpre os residuos e está niquelada, Sra. Egerique.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Quedou recoñecido polos membros do seu partido, e quen encabezara a lista os seus méritos tamén nestes catro anos para que vostede teña a opción tamén de repetir, Sr. Rivas.

A min pode falar de todo o que fai o Goberno municipal, pero non hai puntos limpos, pode falar de tódalas reciclaxes, recollidas, Santa Cristina, Polígono do Caramuxo, pero o que estamos pedindo aquí é que desenvolva, na páxina web só aparece o de Santa Cristina, nos tamén sabemos que está o outro, é unha empresa privada, fala vostede de desenvolver o Plan Xeral con empresa privada. O desenvolvemento do Plan Xeral, acábao de explicar vostede coa súa experiencia, co desenvolvemento urbanístico deses puntos vai coa iniciativa privada. Moitas grazas pola explicación, pero o que vostede chama punto limpo, que non o é, é dunha empresa privada, lémbrollo.

O urbanismo desta cidade é un fracaso absoluto, iso sábeno toda a cidade, que pode dicirme como dixó tamén o Sr. Alonso que hai un sistema de recollida pero que non é un punto limpo tal cal funciona, con tódolos cumprimentos legais que precisa, co persoal que precisa, os oitos proxectados din vostedes que non os queren nas parroquias, teñen que proxectalos onde sexan útiles e onde sirvan a tódolos veciños, non só onde se estea situando o punto limpo, porque teñen que facer o servizo a tódolos vigueses e non só no lugar onde se instalen. O que pasa é que quizais se multiplicamos punto limpo por número de votos non lle saen a vostedes as contas, sáenlle mellor poñer un banco, si sáelle mellor así, iso é verdade.

Nós insistiremos, será Día da Marmota, probablemente noutro momento porque seguiremos pedindo os puntos limpos, porque os veciños séguennos reclamando e porque queren que fagamos en boca deles estas peticións.

Había varios lugares proxectados, xa non temos a esperanza de que se fagan os oitos, polo menos agora no máis inmediato, pero si é verdade que polo menos un e vostede, insisto, xa o dixen antes, recoñece a necesidade de crear un punto limpo cando o contedor de obra ilegal en Santa Cristina fai outro igual no Polígono do Caramuxo, porque son colectores de obra, non son puntos limpos, Sr. Rivas, e que vostede quere ensinarme aquí o que fai, colla o regulamento e mire o que é exactamente un punto limpo. Eu coñezo perfectamente o que me di, entón esiximos claramente que se desenvolva o Plan Xeral para a construción dos puntos limpos, insistimos e o mesmo que dixemos en 2012 volvémoslo dicir agora, e dirémolo tódalas veces que sexa necesario.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte:

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 14.01.2015 (Rex. Nº 1031/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.5/17).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A POR EN FUNCIONAMENTO EN LOCALIZACIÓNS MUNICIPAIS INFRAUTILIZADAS “ESPAZOS DE EMPREGO”

ONDE SE LEVEN A CABO TODAS AQUELAS INICIATIVAS SUSCEPTIBLES DE XERAR EMPREGO. EXPTE. 1032/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de xaneiro de 2015, número 1032/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, formula a seguinte,

“Desde diferentes organismos públicos e privados así como asociacións empresariais, sindicais, a universidade e ONGS está a facerse unha aposta pola promoción de emprego, cada unha destas organizacións dentro dos seus ámbitos e competencias e algunhas mesmo arriscando e indo máis aló das mesmas.

Vigo unha cidade dinámica e emprendedora destaca na actualidade polo seu traballo, o seu esforzo e a súa incansable loita na creación de emprego. Almorzos, comidas, networkings, coworkings, foros de debate, espazos de traballo, xornadas, programas con mozos, con mulleres, con maiores de 45 anos, feiras de emprego e unha infinidade de medios que se pon en funcionamento para mellorar as cifras do paro.

Desde o goberno local no últimos sete anos ademais de eliminar numerosos servizos, estancáronse nunha dinámica de rutina e que cada vez é máis pobre tanto no tempo de levar a cabo os programas como de xestión deficiente nos mesmos.

Temos unha proposta firme de poñer todos os recursos necesarios e suficientes que estean ao alcance de todos para crear emprego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Pór en funcionamento en localizacións municipais infrautilizadas "espazos de emprego" onde leven a cabo "campamentos de emprego"; "networkings"; "coworkings"; "viveiros de empresas"; "lanzadeiras de emprego" e todas aquelas iniciativas susceptibles de xerar emprego.”

Con data 2 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Cando empezou a gobernar o Partido Socialista na cidade de Vigo, no ano 2007, a cifra de desempregados era de 17.791 persoas, no ano 2015, a día de hoxe, temos a arrepiante cifra de 32.594 persoas desempregas, 17.791 en 2007, cando comezou a gobernar o Sr. Abel Caballero en Vigo e 32.594 a día de hoxe, non é para rirse Sra. Abelairas.

Lembrarase ao Sr. Caballero como o Alcalde que en 2007 prometeu o pleno emprego na nosa cidade e que ao deixar de ser Alcalde en 2015, incrementou en case o tripe o número de parados, así lembrarase. Vigo sitúase como a segunda cidade de Galicia con máis desempregados e esta cifra demoledora non conmoveu ao Partido Socialista Obreiro Español da nosa cidade que de obreiro xa só lle queda o nome. Pero hoxe no vimos a criticar, censurar ou reprochar, unha vez máis estamos facendo unha proposta e propoñendo un proxecto que sería pioneiro na nosa comunidade autónoma. Nesta ocasión propoñémoslle darlle uso a tódolos espazos municipais baleiros ou infrautilizados, para ofrecer oficinas, despachos ou salas de reunión, de formación ou de traballo a prezos simbólico, lugares onde se poida xerar emprego para todas aquelas persoas que o soliciten. O Concello pola tarde ten moitos espazos baleiros, o Rectorado, o Auditorio, as UBAS, Museos, Mercados, baixos, pisos e moitos lugares que pertencen ou que teñen ámbito municipal.

Todos eles poden converterse en ubicacións xeradoras de emprego, adaptar horarios, ofrecer espazos en base ás necesidades e ao perfil de cada emprendedor, sobre todo buscar recursos a tódalas iniciativas de emprego que poidan xurdir, trátase de crear redes de axuda á cultura de emprendemento e tecido social.

Señores conmóvenos as colas na lonxa do Concello para ter esa axuda social, esas colas interminables e desalentadoras, debemos ofrecerlles a estas persoas unha esperanza a cada unha delas, informarlle de que o seu problema ten unha solución e que estamos aquí para axudalos, dende o Partido Popular non queremos darlle unha esmola a quen non ten, queremos darlle a posibilidade de encontrar un traballo, queremos darlle unha opción de vida, non unha tarxeta social de caridade. As persoas non queren a súa caridade señores do Partido Socialista Obreiro, as persoas queren traballar para poder darlle de comer aos

seus fillos tódolos meses, non un mes ao ano. Os que están na cola queren recibir os seus cartos con dignidade a fin de mes, froito de seu traballo como vostedes, nin máis nin menos.

Por eles e polos máis de 30.000 desempregados de Vigo seguimos traballando, dende o Partido Popular seguimos traballando en positivo para chegar a ese pleno emprego, intentamos ao longo destes catro anos, axudalos para que así fora, e o que fixeron foi moi pouco, mal xestionado e o resto está en proceso xudicial. É moi triste ver como o Plan de Emprego para a mocidade viguesa, impulsado polo meu compañeiro o Sr. Pérez, que tiña un orzamento de 500.000 euros, solicitado dende o noso grupo municipal que o único que foron capaces é de conceder 28.410 aos mozos vigueses, de 500.000 euros só foron capaces cos requisitos que puxeron que non teñen nin pes nin cabeza, non hai por onde collelos, só foron capaces de conceder 28.410 de medio millón de euros, esta é boa xestión, isto é o reflexo do seu traballo en materia de emprego nestes oito anos de goberno do Sr. Abel Caballero, esperemos nos apoiem a moción.

SR. ALONSO PÉREZ: Acabamos de aprobar na moción anterior unha moción do Partido Popular porque nós podemos aprobar unha moción, presente quen a presente en función do contido, pero na cuestión de emprego escoitar o discurso actual é que é tremendo, como se non tiveran responsabilidades. O Partido Popular cas súas políticas no goberno do Estado, iniciadas polo Partido Socialista, pero o Partido Popular é o principal partido que ten responsabilidades polas súas políticas no desemprego, e que o Sr. Feijóo ten competencias na Xutan de Galicia en materia de emprego e dende que é Presidente do Goberno aumentou o 10% os desempregados menores de 34 anos. Como pode o Partido Popular ter credibilidade en materia de emprego e vir aquí a darnos un discurso para que choremos de como está a situación do desemprego? Pero si son os responsables, se nestes momentos que están a facer unha campaña dicindo que xa saímos da crise, xa está todo resolto, neste propios momentos no mes pasado, no mes de xaneiro, aumentou o desemprego en Galicia en 7.084 persoas que foron ao desemprego, agora en plena campaña de que rematou a crise, en Galicia nestes momentos xa hai 259.002 persoas desempregadas, nas mulleres aumentou o

desemprego no mes de xaneiro en 3,87%, nos homes nun 82%, ou sexa que as mulleres padecen máis o problema de desemprego, nos mozos/as aumentou no mes de xaneiro en 6,87%, como o Partido Popular nos segue insistindo aquí en que nos deamos golpes de peito todos da situación do desemprego, son as políticas do Partido Popular os que teñen as competencias e os que fan as políticas para que o problema do desemprego non se resolva, porque están gobernando para unha minoría da sociedade, e non lles preocupa que coas súas políticas aumente o desemprego. Por iso, o Bloque Nacionalista Galego non pode nin vai aprobar nunca unha moción en materia de emprego do Partido Popular, porque son os responsables do desemprego.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu tamén sen ánimo de ofender, pero o certo é que da a impresión que a Sra. concelleira pretende facer méritos a ver se a inclúen na próxima candidatura, porque o que di aquí non ten desperdicio, ven repetidamente falando destas cousas, eu vou a coller a súa moción e digo tamén sen ánimo de ofender reitero, cando ela fala de que todos fan unha achega para unha aposta polo emprego, todos a fan, a fai este concello unha aposta clara e nítida nos últimos tres anos de tres millóns de euros a 5,2 millóns de euros para a contratación neta directa de 922 postos de traballo, máis 2.500 para as políticas “keynesianas”, isto é o que fai este Concello, sabe quen non o fai, Sra. García? Non o fai o Sr. Rajoy e o Sr. Feijóo, os gobernos do Partido Popular e non o fan e a proba é, e eu téñome que remitir de novo ao que lle dicía ao seu compañeiro, polas políticas do Sr. Feijóo e do Sr. Rajoy 68.000 mozos/as teñen que volver para a súa casa ou marchar para o estranxeiro ou non último carto trimestre 2014 irse 21.000 ao estranxeiro, emigrar. Iso é o que fan vostedes coas súas políticas, porque vostedes o que teñen que facer para que haxa emprendedores e emprego o que teñen que facer e deixar de incrementar os impostos como fan, levan cinco subidas do IRPF, do IVE pasaron do 18% ao 21%, levan dúas subidas do IVE, a reforma fiscal só beneficia aos que gañan máis de 600.000 euros, con esas políticas vostedes é coa que pretenden xerar emprego? Non, porque o seu interese non é xerar emprego, é destruílo, que haxa cada vez emprego de peor calidade porque os mozos/as xa son os que teñen a maior precariedade, hoxe de

cada 100 contratos que se fan, 92 son en precario, Sra. Míguez, co goberno do Sr. Rajoy e do Sr. Feijóo, do Partido Popular.

Que adican vostedes a políticas activas de emprego? Dende que gobernou o bipartito alá no 2009 había 421 millóns de euros para políticas de fomento do emprego, e sabe canto ten o Partido Popular, o Sr. Feijóo agora mesmo? 193 millóns de euros, fíxese vostede, menos da metade cando hai máis necesidades, iso é o que fan vostedes, ademais de incrementar a débeda.

Vostede o que teñen é que copiar de aquí, hoxe vemos como o novo partido en Grecia propón algunhas cuestións, algunhas cuestións que o Alcalde o Sr. Abel Caballero xa leva implantando aquí, vostede pretende dicir que é caridade, caridade é a que fan vostedes cando fan pasar á xente a que recolla o cheque en man do seu político de quenda, o noso Alcalde da unha tarxeta da dignidade, non hai colas para recoller o cheque, Sra. Míguez, non, ninguén pode distinguir quen está aí, ninguén está a recoller o cheque. Tarxetas da dignidade para a vivenda, comida e para a pobreza enerxética, iso é o que fai o Alcalde aquí en Vigo, destinando cartos importantes para iso, son vostedes quen teñen que cubrir esas necesidades non o fan.

Pero ademais faise cunha débeda cero, vostedes incrementaron a súa débeda na Xunta de Galicia un 60%, aquí faise cunha débeda cero. Ademais coa presión fiscal máis baixa de tódolos concellos, e vemos como outros no noso entorno, como A Coruña que está quebrada ou a débeda elevada que ten o propio Concello de Pontevedra .

Vostede critica as políticas que facemos nós, dende aquí do Concello de Vigo pero eu quérolle lembrar un concello limítrofe con nós que ten gobernando o Partido Popular cunha alcaldesa, refírome a Mos, pídenos repetidas veces que lle acheguemos técnicos nosos para que explique as nosas políticas activas de emprego alí, tamén no IES de Teis, Sra. Míguez, cando queira ensínolle a solicitude que fixeron, outros concellos como vostedes. Nós que nos adicamos a facer? A atender a tódolos que nos demandan políticas de emprego, entidades sen ánimo de lucro, entidades deportivas, a creación de empresas e tamén para o fomento da contratación de mozos.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sr. Alonso, eu quéro lle dicir de todo corazón que unha vez máis con tódalas propostas que facemos en materia de emprego vostede pode dicir Pleno tras Pleno o argumento que ten é que como ven do Partido Popular, cada un ten a súa responsabilidade. Paréceme moi pouca xustificación, moi baleiro de contido o que vostede está a dicir, vostede négase a que tódolos espazos municipais infrautilizados ou que non estean nun momento determinado usándose que poidan destinarse a crear emprego, vostede está en contra porque é unha moción que ven do Grupo Municipal do Partido Popular, pois quédase sen argumentos Sr. Alonso, unha vez máis, pero se esa á a súa forma de facer as cousas alá vostede coa súa conciencia ou o seu grupo.

Dende logo dende o Concello de Vigo, exemplo en materia de emprego paréceme que non Sr. Rodríguez Díaz, o que dixo pleno emprego no ano 2007 para o Concello de Vigo, no que había na cidade de Vigo 17.791 parados, ía colgar o cartel na lonxa do Concello e o que hai agora mesmo son as colas de persoas coa axuda de emerxencia social, e non pode negalo porque está recollido en tódolos medios de comunicación, ata vostede publican nomes, apelidos de persoas que están nunha situación vulnerable, que incluso denunciouse, que é unha auténtica vergoña. Cos mozos que sexan vostedes exemplo cando teñen medio millón de euros e só son capaces de executar 28.000, paréceme que hai algo que non están a facer ben.

A Xunta de Galicia, máis de 20.000 familias de Citroën vanse beneficiar e van ter traballo durante os próximos anos, gracias ao traballo do Sr. Feijóo da Xunta de Galicia, a automoción viguesa vai ter futuro grazas ao traballo do Sr. Feijóo. Os estaleiros de Vigo gracias ao traballo do Sr. Feijóo, seguimos falando do Sr. Feijóo en vez da nosa cidade, póñolle o exemplo que queira, o hospital coa carga de traballo que vai xerar, gracias ao traballo do Sr. Feijóo, quere seguir falando diso. A Deputación de Pontevedra tamén, pois tamén 62 millóns de euros cun plan de emprego, a depuradora, a ampliación da AP-9, a estación do AVE, todas xeradoras de emprego, iso xera emprego.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira,

Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte:

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 14.01.2015 (Rex. Nº 1032/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non se realizaron.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

5.1(18).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO ÁS INFRAESTRURAS NECESARIAS NO PROXECTO DO ESTADIO DE BALAIÓDOS.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Rogamos que en canto fagan o proxecto de execución material do Estadio de Balaídos, teñan en conta a necesidade de aparcadoiro na zona, as infraestruturas necesarias, bombeos, tanques de tormenta, etc, para evitar situacións “bochornosas” que a nivel de imaxe se tiveron deste concello, e tivemos que sufrir os vigueses, así como o gasto xerado a seguros e as arcas municipais pola súa ineficiencia e falla de goberno neste tema.

5.2(19).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO AO ACCESO DE CIRCULACIÓN NO CASCO VELLO.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Rogámoslle tamén que debido aos problemas de cara ao aparcadoiro de carga e descarga nos fogares dos veciños do Casco Vello pola nova interpretación da norma, atendendo á solicitude efectuada e aprobada no Pleno de novembro do ano pasado, sobre a actualización de normativa de acceso e circulación do Casco Vello á realidade actual e necesidades dos veciños da zona, así como tamén informar do estado actual aos funcionarios deste concello que tramitan os permisos para aparcadoiros e entrada na zona.

5.3(20).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO Á SOLICITUDE DE EXECUCIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE TRANSPORTE EN BICICLETA.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Por último, rogamos que se teña en conta a solicitude efectuada de execución e implantación do plan de transporte en bicicleta, aprobado por maioría neste Pleno, cando o faga Aqualia, porque é esta quen a está facendo cos cartos dos vigueses, a actualización de infraestructuras e mal chamada humanización, por non ter en conta este tema así como outros relacionados co transporte colectivo público, os servizos de emerxencia e necesidades de comercio na zona.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito ás dúas últimas. Con respecto ao de Balaídos lle recomendaría que votaran a favor no Pleno da Zona Franca á

proposta que imos levar para que esta se involucre na resolución e na terminación global da reforma de Balaídos. Polo tanto, este rogo terá unha manifestación pragmática no Pleno de Zona Franca e espero que todos aqueles que están nese Pleno militando no Partido Popular apoiem a proposta que imos facer para que Zona Franca se involucre definitivamente na reforma integral do estadio de Balaídos.

5.4(21).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVO Á ACTITUDE DOS CONCELLEIROS CON DETERMINADOS PADECIMENTOS DAS PERSOAS.

SRA. CENDÓN ALONSO: O concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, o Sr. Alonso pediu respecto para as persoas, eu rógolle encarecidamente non só respecto ás persoas senón para determinados padecementos, non só para a hepatitis C, as enfermidades mentais son moi estigmatizantes, e unha concelleira aludiu aquí con ton despectivo a utilización de “lexatin, trankimazin” e “pastillíñas”, non me parece de recibo que ningún concelleiro/a deste concello faga ese desprezo ás doenzas mentais.

PRESIDENCIA: Non teño coñecemento de tal cuestión, non o escoitei, non estaría eu.

5.5(22).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO Á ILUMINACIÓN DA ROTONDA UBICADA NA RÚA CLARA CAMPOAMOR.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Despois de ter recibido bastantes queixas dos

veciños/as e de persoas que transitan por esa zona, o rogo a este Goberno municipal é que de xeito urxente empecen a iluminar a rotonda que se atopa situada na rúa Clara Campoamor, debaixo precisamente da ponte da circunvalación, que está neste momentos sen iluminación e que constitúe un serio perigo para o numeroso tráfico que por alí se concita.

PRESIDENCIA: Debo dicirlle Sr. Domínguez que estaríamos encantados e o faremos con cargo aos últimos orzamentos que vostedes votaron en contra.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(23).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS, RELATIVO AO TRASLADO DO BARCO DE BERNARDO ALFAGEME.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: A Fontana de Trevi construíuse durante un período de trinta anos, como vostede a equiparou ao traballo que está facendo este goberno na rotonda de Coia para o traslado do Bernardo Alfageme, gustaríanos saber se hai algún inconveniente porque falou dun traslado inmediato e levamos xa dous meses de obra valada, descoñecemos se hai algún problema ou inconveniente.

PRESIDENCIA: Xa está posta, debe facer moito tempo que vostede non vai por alí, preguntou pola Fontana, xa está posta, hai moito tempo que vostede non vai por alí.

6.2(24).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO AO ESTADO DE TRAMITACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DA CIDADE.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Sr. Alcalde, presentamos no Pleno hai meses a necesidade de actualización e implantación do Plan de Autoprotección da nosa cidade, sobre isto nos gustaría saber o estado do documento, o seu estado de implantación, así o estado de comunicacións entre os servizos de emerxencia, tanto forzas da orde como bombeiros e sanitarios.

PRESIDENCIA: Contestaremos por escrito.

6.3(25).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO ÁS PRAZAS VACANTES DE POLICÍAS E BOMBEIROS.

SR. ARAÚJO PEREIRA: En plenos anteriores así como en comisións preguntamos polas prazas por cubrir da Policía Local e Bombeiros, como é posible que con 32.594 vigueses parados non se cubran as prazas de servizos esenciais e coas necesidades actuais, quería preguntarlle para cando, Sr. Alcalde.

PRESIDENCIA: Por escrito.

6.4(26).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVO A ALGUNHAS TAREFAS QUE FAI PROTECCIÓN CIVIL E QUE NON LLE CORRESPONDEN.

SRA. CENDÓN ALONSO: Quero preguntar por unha denuncia que entrou neste concello tamén na Consellería de Sanidade ao respecto da utilización por parte dos servizo de voluntarios de Protección Civil dunha ambulancia que non ten

licencia para o traslado de pacientes. Tamén dicía esa denuncia que se efectúa con persoal que carece de autorización correspondente, denuncian tamén aos de Protección Civil que están a facer tarefas de protección de tráfico sen un axente presente, concretamente na Praza de América e tamén que están a facer labores que lle corresponde ao servizo de bombeiros, como limpeza, espero que non excarceracións, quería que me contestaran a isto porque non recibimos resposta dende hai meses, isto entrou no mes de novembro neste concello.

PRESIDENCIA: Son varias preguntas, contestaremos por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.